

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 22**

**SESION ORDINARIA DO 27 DE NOVEMBRO DE 2019**

**ASISTENTES**

**POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA**

Abelairas Rodríguez Isaura  
Aguiar Castro Yolanda  
Aneiros Pereira Jaime  
Blanco Iglesias Eugenia Dolores  
Caride Estévez María José  
Espinosa Mangana Elena  
Fernández Pérez José Manuel  
Gomez Días Gorka  
Iglesias González Ana Laura  
Lago Barreiro M.ª del Carmen  
López Font Carlos  
Losada Alvarez Abel Fermín  
Mejías Sacaluga Ana Maria  
Pardo Espiñeira Francisco Javier  
Rivas González Ángel  
Rodríguez Calviño Patricia  
Rodríguez Díaz Santos Héctor  
Rodríguez Rodríguez Nuria  
Silva Rego Mª Carmen

**POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO  
POPULAR**

Egerique Mosquera, Teresa  
Gonzalez Castillo, Jesus Marco  
Lopez Roman, Patricia  
Marnotes González, Jose Alfonso

**POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO**

Mendez Fuentes Oriana  
Pérez Correa Ruben

**MEMBRO NON ADSCRITO**

Pérez Igrexas Xabier

**NON ASISTEN:**

Caballero Álvarez Abel, Alcalde-Presidente do grupo municipal Socialista

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e sete de novembro do ano dous mil dezanove, coa Presidencia da 1ª Tenente de Alcalde, Dona Carmela Silva Rego, por ausencia do Excmo. Sr. Alcalde,

-

D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño e Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días a todos/as iniciamos a sesión ordinaria do excelentísimo Concello de Vigo, hoxe 27 de novembro de 2019. En primeiro lugar na parte resolutive actas anteriores.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(205).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA AGOSTO DO 4.09, 25.09, 8.10 E 15.10 DE 2019)**

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas: ordinaria (agosto) do 4 de setembro, ordinaria do 25 de setembro, e extraordinarias o 8 e 15 de outubro de 2019.

#### **.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

**2(206).- INTERVENCIÓN DE DONA BERTILA FERNÁNDEZ PÉREZ DE FOANPAS, EN REPRESENTACIÓN DO CONSELLO DA MULLER PARA EXPOÑER O TEXTO PROPOSTO CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO “DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”. EXPTE. 9698/224 (REXISTRO PLENO 2248/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro, número 2248/1101, a xefa do Servizo de Igualdade co conforme da concelleira delegada de Igualdade e Normalización Lingüística, remiten a seguinte proposta creada no seo do Consello Municipal da Muller,

“Preséntase, para a súa valoración, a proposta de texto para a Declaración Institucional do Concello de Vigo que con motivo da próxima conmemoración do 25 de novembro, *Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres*, propónse desde o Consello Municipal da Muller.

En representación do Consello lerá a dita Declaración Dña. Bertila Fernández Pérez de FOANPAS.

De seguido transcríbese a dita proposta co obxecto de que poida ser remitida á Corporación municipal para a súa valoración.

Texto proposto:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 25 DE NOVEMBRO “DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES” – PLENO 27/11/2019

TITULARES \*(os enlaces están ao final do texto):

*“Os casos de violencia de xénero en menores multiplícanse por oito en catro anos e suben un 20% os delitos sexuais”*

*“Un home mata a tiros á súa exmuller, á súa exsogra e á súa excuñada diante dos seus dous fillos”*

*“Pasei un calvario, estou viva de milagro: di unha muller violada e retida 19 días”*

*“Atopan a unha muller transexual asasinada con 15 puñaladas en Avilés”  
“As traballadoras do fogar de orixe extranxeira son as principais vítimas de acoso laboral”*

*“A investigación polo intento de secuestro de tres nenas en A Laracha amplíase a toda Galicia”*

Minutos de silencio, concentracións, mobilización nas redes... Todo isto é necesario porque visibiliza o problema, pero temos que ir máis alá. Berremos! Berremos ben alto e forte e poñámonos mans á obra. Camiñamos realmente cara a unha sociedade igualitaria ou só quitamos pequenas pedras do camiño e deixamos as de grande tonelaxe?

Estes últimos anos observamos unha maior sensibilidade social sobre as violencias contra as mulleres no clamor popular xurdido a raíz de sentenzas como as das “manadas”. Pero non somos unha moda pasaxeira, o movemento feminista ten iniciado este camiño dende fai tempo e seguirá empurrando esas rochas pesadas para seguir defendendo o acadado e loitando polo que nos corresponde por xustiza e por dereito.

Precisamos das Administracións, que faciliten os recursos necesarios para previr a violencia, pero tamén para intervir cando esta se produce. Unha lexislación moderna, axeitada á realidade e que dea unha resposta contundente ás violencias, sen deixar lugar a interpretacións subxectivas perversas.

Precisamos de profesionais con formación de calidade, con sensibilidade e con empatía. Profesionais dos corpos e forzas de seguridade, da sanidade, do eido social, da avogacía, do eido xudicial.

Precisamos da sensibilidade e da implicación dos partidos políticos. Usen o altofalante da súa posición para enviar unha mensaxe clara a toda a sociedade e confronten con datos e argumentos a quen tapa o souto cunha soa árbore.

Precisamos dunha corresponsabilidade e unha conciliación reais e efectivas. 9 de cada 10 cuidadoras en España son mulleres. Máis do 60% das mulleres en España realizan sempre ou case sempre soas as labores domésticas. Diferentes estudos mostran que a crianza é o inicio da fenda salarial e de pensións.

Precisamos medios de comunicación e publicidade que non cousifiquen á muller, que non nos teñan de floreiros, que non sigan perpetuando estereotipos machistas, que non traten de igual maneira a vítimas e verdugos, que nos dean visibilidade e importancia en minutos de ouro, que respecten a nosa profesionalidade e valía.

E precisamos unha sociedade na que camiñemos pola rúa sen medo, na que sexamos libres de ser o que somos, cos nosos corpos, as nosas tallas, as nosas identidades, as nosas procedencias, as nosas diversidades funcionais. Unha sociedade libre de machismo, de sexismo, de racismo, de gordofobia, de capacitismo, de xenofobia, de homofobia, de transfobia, en definitiva, libre de violencias.

Porque esta sociedade é machista. Esta sociedade é violenta, especialmente coas mulleres, por ser mulleres, porque hai un estereotipo de muller que nos di canto temos que pesar, como temos que vestir, como temos que falar, como temos que comportarnos, en que debemos traballar, ata que punto podemos ter ambicións laborais, cal é o noso lugar. Se saímos deste prototipo, esta sociedade machista violéntanos, a nós, mulleres, e a todo o que se relacione co feminino.

Asasinatos, abusos sexuais, maltrato, trata de mulleres, prostitución, violacións. E isto repercute só nas vítimas? Pois non, isto aféctanos a todas e a todos, porque si, se tocan a unha tócanos a todas. E si, as vítimas tamén pertencen a un círculo familiar, de amizades... Cando un home asasina a unha muller, que pasa coas súas crianzas? Como afrontan unha nai e un pai a violación da súa filla? E cando unha crianza transexual se suicida, que pasa na súa familia? E cando explotan sexualmente a unha muller, que pasa con ela e o seu entorno?

Esta é a nosa realidade, non miremos cara a outro lado, actuemos e fagámola xa. Agarrémonos á rocha máis pesada, a do patriarcado, e desfagámola en anacos. Demos un paso ao fronte e soltemos privilexios, danos comodidade pero son opresores que non deixan vivir en liberdade á metade da poboación mundial.

Estamos a tempo de construír outra sociedade e temos a ferramenta máis eficaz para facelo: a EDUCACIÓN!

Eduquemos ás nosas fillas e aos nosos fillos en igualdade, dándolle ferramentas para que sexan persoas autónomas, con personalidade, con sentido crítico, capaces de xestionar as súas emocións, que resolvan os seus conflitos sen violencia, que se saiban coidar a si mesmos e que poidan coidar ás demais persoas e ao seu entorno, que manteñan relacións afectivas e sexuais sas e plenas.

A aprendizaxe de anteriores xeracións foi erróneo en materia de igualdade, máis ben non existiu. O patriarcado marcou esta educación xeración tras xeración. É evidente que non é o axeitado, que é violento, segregador, machista, escuro... Temos que deconstruír nese senso, darlles ferramentas educativas ós nenos para que constrúan unha nova masculinidade, para mudar a sociedade e rematar con esta lacra da violencia contra as mulleres. Na educación está o futuro.

Unha educación na que o respecto, a diversidade, a tolerancia, a solidariedade e a sororidade sexan os piares básicos para construír unha sociedade libre e xusta, na que poidamos convivir en paz.

Educación, convivencia, feminismo. Traballemos unidas, tendamos pontes e creemos sinerxias que fagan máis potente a nosa voz e máis significativa a nosa presenza social.

Enlaces prensa:

<https://www.20minutos.es/noticia/4051412/0/los-casos-de-violencia-de-genero-en-menores-se-multiplican-por-ochos-en-cuatro-anos-y-suben-un-20-los-delitos-sexuales/>

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/arousa/2019/09/16/hombre-mata-exmujer-exsuegra-excunada-valga/00031568620888309926785.htm>

<https://www.farodevigo.es/portada-ourense/2019/10/17/pase-calvario-viva-milagro-dice/2187774.html>

<https://asturias24.es/encuentran-una-mujer-transexual-asesinada-con-15-punaladas-en-aviles/>  
<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/a-laracha/2019/11/11/investigacion-intento-secuestro-tres-ninas-laracha-amplia-galicia/00031573492208644533996.htm>  
<https://cadenaser.com/>".

PRESIDENCIA: Intervirá Dona Bertila Fernández Pérez de FOANPAS, en representación do Consello da Muller para expoñer o texto proposto con motivo do día 25 de novembro "Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres". Dámoslle a benvida a Dona Bertila Fernández Pérez, muller desta cidade cunha longa traxectoria en defensa da educación pública e cun compromiso claro coa igualdade que é un exemplo para tantas mulleres que precisamos de referencia e ela o é. Ten vostede a palabra.

SRA. FERNÁNDEZ PÉREZ: Moitas grazas Sra. Presidenta, concelleiras, concelleiros, público, en primeiro lugar dar as grazas por darlle a oportunidade ao Consello Municipal da Muller de facer esta lectura.

Titulares de prensa: "Os casos de violencia de xénero en menores multiplícanse por oito en catro anos e soben un 20% os delitos sexuais", "Un home mata a tiros á súa exmuller, á súa exsogra e á súa excuñada diante dos seus dous fillos", "Pasei un calvario, estou viva de milagre: di unha muller violada e retida 19 días", "Atopan a unha muller transexual asasinada con 15 puñaladas en Avilés", "As traballadoras do fogar de orixe estranxeira son as principais vítimas de acoso laboral", "A investigación polo intento de secuestro de tres nenas en A Laracha amplíase a toda Galicia".

Minutos de silencio, concentracións, mobilización nas redes... Todo isto é necesario porque visibiliza o problema, pero temos que ir máis alá. Berremos! Berremos ben alto e forte e poñámonos mans á obra. Camiñamos realmente cara a unha sociedade igualitaria ou só quitamos pequenas pedras do camiño e deixamos as de grande tonelaxe?

Estes últimos anos observamos unha maior sensibilidade social sobre as violencias contra as mulleres no clamor popular, xurdido a raíz de sentenzas como as das "manadas". Pero non somos unha moda pasaxeira, o movemento feminista ten

iniciado este camiño dende hai tempo e seguirá empurrando esas rochas pesadas para seguir defendendo o acadado e loitando polo que nos corresponde por xustiza e por dereito.

Precisamos das Administracións, que faciliten os recursos necesarios para previr a violencia, pero tamén para intervir cando esta se produce. Unha lexislación moderna, axeitada á realidade e que dea unha resposta contundente ás violencias, sen deixar lugar a interpretacións subxectivas perversas.

Precisamos de profesionais con formación de calidade, con sensibilidade e con empatía. Profesionais dos corpos e forzas de seguridade, da sanidade, do eido social, da avogacía, do eido xudicial.

Precisamos da sensibilidade e da implicación dos partidos políticos. Usen o altofalante da súa posición para enviar unha mensaxe clara a toda a sociedade e confronten con datos e argumentos a quen tapa o souto cunha soa árbore.

Precisamos dunha corresponsabilidade e unha conciliación reais e efectivas. 9 de cada 10 coidadoras en España son mulleres. Máis do 60% das mulleres en España realizan sempre ou case sempre soas as labores domésticas. Diferentes estudos mostran que a crianza é o inicio da fenda salarial e de pensións.

Precisamos medios de comunicación e publicidade que non cousifiquen á muller, que non nos teñan de floireiros, que non sigan perpetuando estereotipos machistas, que non traten de igual maneira a vítimas e verdugos, que nos dean visibilidade e importancia en minutos de ouro, que respecten a nosa profesionalidade e valía.

E precisamos unha sociedade na que camiñemos pola rúa sen medo, na que sexamos libres de ser o que somos, cos nosos corpos, as nosas tallas, as nosas identidades, as nosas procedencias, as nosas diversidades funcionais. Unha sociedade libre de machismo, de sexismo, de racismo, de gordofobia, de capacitismo, de xenofobia, de homofobia, de transfobia, en definitiva, libre de violencias.

Porque esta sociedade é machista. Esta sociedade é violenta, especialmente coas mulleres, por ser mulleres, porque hai un estereotipo de muller que nos di canto temos que pesar, como temos que vestir, como temos que falar, como temos que comportarnos, en que debemos traballar, ata que punto podemos ter ambicións

laborais, cal é o noso lugar. Se saímos deste prototipo, esta sociedade machista violéntanos, a nós, mulleres, e a todo o que se relacione co feminismo.

Asasinatos, abusos sexuais, maltrato, trata de mulleres, prostitución, violacións.

E isto repercute só nas vítimas? Pois non, isto aféctanos a todas e a todos, porque si, se tocan a unha tócanos a todas. E si, as vítimas tamén pertencen a un círculo familiar, de amizades... Cando un home asasina a unha muller, que pasa coas súas crianzas? Como afrontan unha nai e un pai a violación da súa filla? E cando unha crianza transexual se suicida, que pasa na súa familia? E cando explotan sexualmente a unha muller, que pasa con ela e o seu entorno?

Esta é a nosa realidade, non miremos cara a outro lado, actuemos e fagámolo xa. Agarrémonos á rocha máis pesada, a do patriarcado, e desfagámola en anacos. Demos un paso ao fronte e soltemos privilexios, dannos comodidade pero son opresores que non deixan vivir en liberdade á metade da poboación mundial.

Estamos a tempo de construír outra sociedade e temos a ferramenta máis eficaz para facelo, a educación!

Eduquemos ás nosas fillas e aos nosos fillos en igualdade, dándolle ferramentas para que sexan persoas autónomas, con personalidade, con sentido crítico, capaces de xestionar as súas emocións, que resolvan os seus conflitos sen violencia, que se saiban coidar de si mesmos e que poidan coidar ás demais persoas e ao seu entorno, que manteñan relacións afectivas e sexuais sas e plenas.

A aprendizaxe de anteriores xeracións foi erróneo en materia de igualdade, máis ben non existiu. O patriarcado marcou esta educación xeración tras xeración. É evidente que non é o axeitado, que é violento, segregador, machista, escuro.

Temos que deconstruír nese senso, darlles ferramentas educativas ós nenos para que constrúan unha nova masculinidade, para mudar a sociedade e rematar con esta lacra da violencia contra as mulleres. Na educación está o futuro.

Unha educación na que o respecto, a diversidade, a tolerancia, a solidariedade sexan os piares básicos para construír unha sociedade libre e xusta, na que poidamos convivir en paz.

Educación, convivencia, feminismo, traballemos unidas, tendamos pontes e creemos sinerxias que fagan potente a nosa voz e máis significativa a nosa presenza social.



Moitas grazas.

PRESIDENCIA: Moitas grazas Dona Bertila Fernández Pérez no nome de toda a Corporación facémonos a esa declaración do Consello da Muller moito máis neste tempos nos que incluso hai algúns descerebrados que negan a violencia que padecemos as mulleres e as violencias nas que nos estamos a desenvolver, así que esa declaración que vostede trae a este Pleno é máis necesaria que nunca. Moitas grazas ao Consello da Muller pola súas achegas.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

#### **DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

### **3(207).- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 2667/449 (REXISTRO PLENO 2249/1101).**

ANTECEDENTES: Con data 6 de novembro de 2019, a xefa do Servizo de Transportes co conforme do concelleiro de Fomento e Servizos, emite o seguinte informe proposta:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE REGULAMENTO DO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS DA CIDADE DE VIGO E APROBACIÓN INICIAL DO MESMO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA :

I. Iniciados os traballos preparatorios da contrato para a xestión do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros, no artigo 284 nº 2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 , establececese :

“ Antes de proceder a contratación dunha concesión de servizos, nos casos en que se trate de servizos públicos, deberá haberse establecido seu réxime xurídico, que declare expresamente que a actividade de que se trata queda asumida pola Administración respectiva como propia da mesma, determine o alcance das

prestacións en favor dos administrados, e regule os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos a prestación do servizo.”

Polo que ponse de manifesto a necesidade de redacción, tramitación e aprobación do Regulamento de Servizo .

II. E en relación coa tramitación do citado Regulamento debe considerarse o disposto na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas regula no seu artigo 133 nº . “Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de Lei e regulamentos” que no seu número 1 di : “Con carácter previo á elaboración do proxecto o anteprojecto de lei o de regulamento, se sustanciará unha consulta pública, a través do portal WEB da Administración competente na que recabarase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.”

III . A Xunta de Goberno Local na sesión de data 9 de agosto de 2019 adoptou entre outros o seguinte Acordo ;

“Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, para a redacción, tramitación e aprobación do Regulamento do servizo de transporte urbano de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo , a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo 1 do presente acordo.”

En cumprimento do citado Acordo abriuse un prazo de consulta previa dende o día 12 de agosto até o día 10 de setembro de 2019.

Durante o citado prazo foron presentadas 95 opinións que foron examinadas e informadas na data 25 de outubro de 2019 , informe que figura unido ao presente expediente.

Con data 4 de novembro de 2019 foi emitida polo servizo xestor a memoria do análise do impacto normativo.

#### RÉXIME XURÍDICO:

De conformidade co disposto no artigo 127 nº 1 apartado a ) da Lei 7/1985 de 2 de decembro reguladora das bases de réxime local, na redacción dada polo apartado 4 do artigo primeiro da Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, corresponde a Xunta de Goberno Local a “aprobación dos proxectos de regulamentos “

De conformidade co disposto no artigo 3. 3 d) 1 do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emitírase informe previo pola Secretaría xeral, en todo caso, na tramitación de regulamentos .

De conformidade co disposto no artigo 123 nº1 apartado d ) da Lei 7/1985 de 2 de decembro reguladora das bases de réxime local, na redacción dada polo apartado 4 do artigo primeiro da Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación dos regulamentos

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de decembro reguladora das bases de réxime local a aprobación das ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento :

a) aprobación inicial polo Pleno

b) información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións .

c) resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno .

No caso de que non se houbera presentado ningunha reclamación o suxestión , entenderase definitivamente adoptado o acordo ate entón provisional .

Na data 6 de novembro de 2019, foi emitido o preceptivo informe polo Secretario Xeral do Pleno no que di que:

“ A aprobación inicial do proxecto de Regulamento, inclusive a aprobación definitiva que, no seu caso, se adopte, non leva consigo ningún tipo de gasto polo que non resulta preceptivo informe de fiscalización da Intervención xeral “

E conclúe :

“Sen prexuízo da observación sinalada no apartado VII, último parágrafo, infórmase favorablemente a proposta realizada e o proxecto de Regulamento do Servizo de Transporte urbano de viaxeiros en autobús da Cidade de Vigo .”

No apartado VII ultimo paragrafo di o seguinte:

“Bótase en falta no proxecto un “Preámbulo” que xustifique, na potestade regulamentaria que preténdese desenvolver, os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, artigos 129.1 e 129.5 LPAC, ase mesmo non consta ningunha Disposición Derrogatoria, no suposto que a publicación do Regulamento derroque o actualmente vixente nin tampouco ningunha Disposición final que advirta da súa entrada en vigor.”

Polo exposto no citado paragrafo VII redactase una nova proposta de regulamento, no que se inclúe o preámbulo, a disposición derogatoria, e a disposición final

Polo exposto e habéndose dado cumprimento a tódolos tramites previos necesarios para a aprobación do proxecto de regulamento, sometese a aprobación da Xunta de Goberno Local o proxecto de modificación do Regulamento do servizo de transporte urbano de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo, para a súa posterior aprobación polo Pleno da Corporación.

PROPOSTA

PRIMEIRO; Aprobar o proxecto de Regulamento do servizo de transporte urbano de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo, co seguinte contido:

## PROXECTO DE REGULAMENTO REGULADOR DO SERVIZO PUBLICO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS DA CIDADE DE VIGO

### PREÁMBULO

Os artigos 25.2.g) y 26.1 d) da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, atribúen aos municipios o exercicio de competencias en materia de transporte público de viaxeiros e a prestación de servizos de transporte colectivo urbano de viaxeiros, así mesmo o artigo 86.3 da citada declara a reserva legal en favor dos municipios dos servizos de transporte público de viaxeiros; en consecuencia, o presente Regulamento declara expresamente que corresponde o Concello de Vigo a titularidade do servizo público de transporte público urbano regular permanente de viaxeiros mediante autobús.

O Regulamento responde á necesidade de establecer o réxime xurídico que determine o alcance das prestacións en favor dos cidadáns de Vigo e demais usuarios na prestación do Servizo de Transporte urbano de viaxeiros en autobús da Cidade de Vigo. Así mesmo deben tenerse en consideración os requisitos da concesión do servizo público de transporte público urbano regular de viaxeiros en autobús na cidade de Vigo regulados na documentación contractual que rexe a licitación pública do servizo, esto é, o prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas particulares, a oferta presentada polo adxudicatario e o documento de formalización do contrato.

O Regulamento satisface o principio de eficacia por ser o instrumento mais axeitado para acadar o interese xeral dos usuarios do servizo de transporte urbano o que fundamenta a necesidade de aprobación desta norma .

O texto satisface o principio de seguridade xurídica xa que a súa redacción da cumprimento a exixencia recollida no artigo 284 nº 2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

### ÍNDICE:

#### TITULO PRELIMINAR

ARTIGO 1: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 2: COMPETENCIA

ARTIGO 3: PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 4 :CARÁCTER PÚBLICO DO SERVIZO

#### TITULO I TRANSPORTE URBANO COLECTIVO

##### CAPITULO 1

ARTIGO 5: DEFINICIÓN

ARTIGO 6: PRESTACIÓN DO SERVIZO

##### CAPITULO II : DEREITOS E OBRIGACIÓNS DAS PERSOAS USUARIAS

ARTIGO 7 :DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

ARTIGO 8 :OBRIGACIÓNS DAS PERSOAS USUARIAS.

ARTIGO 9 :CONDUTAS PROHIBIDAS

##### CAPITULO III : CONDICIÓNS XERAIS DE UTILIZACIÓN

ARTIGO 10 : AUTORIDADE E RESPONSABILIDADE NO SERVIZO  
SECCIÓN PRIMEIRA : PARADAS

ARTIGO 11: PARADAS

ARTIGO 12: SINALIZACIÓNS DAS PARADAS

ARTIGO 13: INFORMACIÓN NAS PARADAS

ARTIGO 14: PARADA E ESTACIONAMENTO NAS PARADAS

ARTIGO 15 : DETENCIÓN DOS AUTOBUSES NAS PARADAS

ARTIGO 16 :ACCESO E BAIXADA DO AUTOBÚS

#### SECCIÓN SEGUNDA: CONDICIÓNS DE USO

ARTIGO 17 :TRANSPORTE DE MENORES DE IDADE

ARTIGO 18 :ACCESO CON COCHES E CADEIRAS INFANTÍS

ARTIGO 19 :ACCESO CON VULTOS

ARTIGO 20 : ACCESO CON ANIMAIS

ARTIGO 21 :CAPACIDADE DOS VEHÍCULOS

ARTIGO 22 :INFORMACIÓN NOS VEHÍCULOS

ARTIGO 23:PUBLICIDADE NOS VEHÍCULOS

#### SECCIÓN TERCEIRA : TÍTULOS DE TRANSPORTE

ARTIGO 24 :TÍTULOS DE TRANSPORTE

ARTIGO 25: OBRIGACIÓN DE PORTAR O TITULO DE TRANSPORTE VALIDO

ARTIGO 26: PAGO DO BILLETE ORDINARIO

ARTIGO 27: COMPROBACIÓN DO TITULO DE VIAXE

ARTIGO 28: UTILIZACIÓN INCORRECTA OU FRAUDULENTA DOS TÍTULOS DE TRANSPORTE

ARTIGO 29: RÉXIME DE TRANSBORDOS

ARTIGO 30: INSPECCIÓN MUNICIPAL DO SERVIZO

#### CAPITULO IV : ACCESIBILIDADE UNIVERSAL

ARTIGO 31: ACCESIBILIDADE

ARTIGO 32: PERSOAS USUARIAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

ARTIGO 33: ESPAZOS E ASENTOS RESERVADOS

ARTIGO 34: ACCESO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

ARTIGO 35: CONDICIÓNS DE VIAXE E SEGURIDADE.

ARTIGO 36: ABONO DE VIAXE POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

ARTIGO37:AUTORIZACIÓNS ESPECIAIS POR MOTIVOS DE ACCESIBILIDADE

#### CAPITULO V : OBRIGACIÓNS DA EMPRESA CONCESIONARIA E O SEU PERSOAL

ARTIGO 38: INFORMACIÓN

ARTIGO 39: CALIDADE DO SERVIZO

ARTIGO 40: OBRIGACIÓNS DO PERSOAL DA EMPRESA

ARTIGO 41: PERSOAL UNIFORMADO E IDENTIFICADO

ARTIGO 42: CONDICIÓNS DOS VEHÍCULOS

ARTIGO 43:INTERRUPCIÓNS E MODIFICACIÓNS DO SERVIZO

ARTIGO 44:FOLLAS DE RECLAMACIÓNS

ARTIGO 45: DANOS MATERIAIS

ARTIGO 46:PARTE DE ACCIDENTES

ARTIGO 47: OBXECTOS PERDIDOS

#### TÍTULO II RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 48: INFRACCIÓNS DAS PERSOAS USUARIAS

ARTIGO 49: RESPONSABILIDADES

ARTIGO 50: SANCIÓNS

ARTIGO 51 AGRAVANTES E ATENUANTES

ARTIGO 52 :COMPETENCIA  
ARTIGO 53: PRESCRICIÓN  
DISPOSICIÓN DEROGATORIA  
DISPOSICIÓN FINAL

## TITULO PRELIMINAR

### ARTIGO 1 :OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente Regulamento ten por obxecto regular as condicións xerais da prestación do Servizo Público de Transporte Urbano Colectivo de Vigo e da utilización do citado servizo.

Tamén é obxecto deste Regulamento a regulación dos dereitos e obrigacións das persoas que utilicen devandito transporte, as relacións entre estas e a empresa xestora do servizo, así como algúns aspectos das relacións entre estes últimos e o Concello de Vigo

Este regulamento será de aplicación ás persoas que utilizan o servizo de transporte público colectivo urbano, á empresa xestora do servizo e ao Concello.

### ARTIGO 2: COMPETENCIA

A Lei 7/1985, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local no seu artigo 25 2. G establece a competencia do Municipio para a xestión e ordenación dos servizos urbanos de transporte de viaxeiros, definindo este servizo como esencial. Segundo o mesmo texto legal e no artigo 26 I D é obrigación dos municipios cunha poboación superior aos 50.000 habitantes a prestación destes servizos. Por tanto, o Concello de Vigo é a Administración Pública competente en materia de transporte urbano, e a que ten a obrigación prestar , regular e controlar este servizo.

A titularidade do servizo, así como a competencia para outorgar o titulo habilitante corresponde ao Concello de Vigo .

### ARTIGO 3: PRESTACIÓN DO SERVIZO

O Concello de Vigo presta o servizo público de transporte público urbano regular permanente de viaxeiros en autobús de forma indirecta, mediante a contratación dunha empresa de calquera das formas previstas na lexislación vixente na materia de contratación publica e de réxime local, e de acordo co establecido no correspondente contrato público de servizo público.

### ARTIGO 4 :CARÁCTER PÚBLICO DO SERVIZO

O servizo de transporte urbano colectivo é de carácter público, polo que terán dereito á súa utilización cantas persoas o desexen, sen outra limitación que as condicións e obrigacións sinaladas para o seu uso no presente Regulamento e a lexislación vixente na materia que sexa de aplicación.

O servizo, ha de seguir as pautas de accesibilidade universal a fin de ofrecer un servizo apropiado a calquera persoa usuaria potencial, tomando en consideración a diversidade humana, os requirimentos correspondentes e as especificacións técnicas de deseño accesible. Neste sentido, o Concello, utilizará todas as ferramentas ao seu alcance para garantir a accesibilidade e a mobilidade no servizo.

O transporte público, ha de ter prioridade respecto da mobilidade, para o que o

Concello, como Administración titular do servizo, facilitará a súa utilización e a circulación dos seus vehículos. Con este fin, poderá tomar as medidas adecuadas relacionadas coa prioridade semaforica ao transporte público, o establecemento dos carrís reservados necesarios para a circulación prioritaria ou exclusiva do transporte público, ou calquera outra medida que considere conveniente de modo que garanta, na medida do posible, unha velocidade comercial adecuada, procurando mellorar a calidade do servizo (en regularidade, frecuencia e rapidez) e a eficiencia no custo, ou calquera outra que poida mellorar o servizo.

Así mesmo, nos desenvolvementos urbanísticos cuxa importancia resulte aconsellable a xuízo dos Servizos Técnicos Municipais, realizarase un estudo específico do transporte urbano colectivo, que inclúa posibles itinerarios, localización de paradas e a súa incorporación á rede municipal, así como a posible reserva de chan para carrís bus.

## TÍTULO I TRANSPORTE URBANO COLECTIVO

### CAPITULO I : DEFINICIÓN E EXPLOTACIÓN

#### ARTIGO 5 : DEFINICIÓN

Entenderase por Transporte Urbano Colectivo o que vai dirixido a satisfacer unha demanda xeral, podendo ser utilizado por calquera persoa interesada, e que estende o seu ámbito territorial ao municipio de Vigo .

#### ARTIGO 6: PRESTACIÓN DO SERVIZO

O Concello a través do Servizo de Transportes organizara e controlara o servizo, tanto no que se refire ás liñas, itinerarios, paradas, horarios, tarifas, títulos autorizados e a cantos aspectos relaciónense con devandito transporte.

O adxudicatario do contrato prestara o servizo facendo circular os seus vehículos polas liñas e itinerarios aprobados polo Concello de Vigo, coa frecuencia , horario e condicións fixadas polo mesmo e de conformidade coas prescricións contidas nos pregos de condicións técnico e administrativo que rexan a prestación do servizo.

### CAPITULO II : DEREITOS E OBRIGACIÓNS DAS PERSOAS USUARIAS

#### ARTIGO 7: DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas que utilicen o servizo de transporte colectivo, serán titulares dos dereitos establecidos por todas e cada unha das disposicións vixentes, ditadas con carácter xeral en materia de transportes e especificamente dos establecidos neste capítulo, así como dos que resultan das restantes disposicións deste Regulamento.

En especial, son dereitos das persoas usuarias os seguintes:

- a) Elixir, no seu caso, entre os diferentes títulos de transporte que, segundo prezos e condicións, figuren nos cadros de tarifas aprobados polo Concello ou sexan autorizados para o seu uso polo mesmo .
- b) Ser transportadas co requisito de portar un título de transporte válido.
- c) Ser transportadas conforme ás condicións da oferta do servizo establecidas e programadas con carácter xeral, segundo a cantidade e frecuencia de servizo

adaptada á demanda social existente, de acordo a parámetros de racionalidade económica, condicionados en todo caso ao interese xeral do transporte colectivo como servizo público.

d) Dispor de información clara, comprensible e veraz, coa publicidade e antelación suficiente, polos medios establecidos para iso, ( como marquesiñas, postes, páxina web, app), no relativo a materias como: modificación de liñas, itinerarios, paradas, tarifas ou cambios nos títulos de transporte.

e) Gozar de prestacións que melloren o acceso, o uso e comodidade do servizo para todas as persoas usuarias, así como, a que se teñan en conta as súas propostas nesta materia.

f) Ao correcto estado técnico de funcionamento da flota de autobuses, así como ao normal funcionamento dos dispositivos de acceso e confort dos mesmos. As avarías circunstanciais que prexudiquen o establecido anteriormente deberán ser resoltas con eficacia e dilixencia pola empresa.

g) Ás innovacións tecnolóxicas dirixidas á mellora na calidade e universalidade do servizo ou do medio ambiente.

h) Recibir un trato correcto por parte do persoal da empresa, que deberá atender as peticións de axuda e información que lle sexan expostas, en asuntos relacionados co servizo.

i) Solicitar e obter nas oficinas da empresa adxudicataria do servizo, e nos centros de atención ao público dispostos por esta, follas de reclamacións nas que poderán formular calquera reclamación sobre a prestación do servizo. A empresa prestataria do servizo facilitara así mesmo aos usuarios a presentación de queixas e reclamacións por vía telemática.

j) Recibir contestación do Concello e/ou da empresa, nos prazos establecidos neste Regulamento, á reclamación efectuada.

k) Gozar de comodidade, hixiene e seguridade no servizo, viaxando sentados sempre que existan asentos dispoñibles, sen que poidan exixir este dereito cando todos estean ocupados .

l) Estar amparados polos Seguros obrigatorios que correspondan a este tipo de transporte.

m) Estar acompañado de cans guía , de asistencia e de apoio, que estean acreditados para estas funcións por centros homologados. Estes animais poderán viaxar, nas condicións que se establezan na normativa autonómica de aplicación en todo momento, xunto á persoa que asisten; e viaxar con outros animais nas condicións reguladas no presente Regulamento

n) Acceder con vultos de man, equipaxes, carriños de compra ou outros elementos, sempre que non supoñan unha molestia para o resto de persoas usuarias ou para o vehículo, conforme ao establecido neste Regulamento.

ñ) Viaxar con coches e cadeiras infantís sen abonar suplemento, conforme ao establecido neste Regulamento.

o) Viaxar en cadeiras de rodas o vehículos homologadas de uso análogo nas condicións fixadas no presente Regulamento.

p) Á devolución do importe do viaxe cando por causa directamente imputable a empresa prestataria do servizo resulte imposible a continuación do viaxe e a substitución do vehículo previa solicitude formulada por escrito da persoa afectada e comprobación dos feitos.

q) Á confidencialidade do seus datos nas relacións que manteña coa empresa prestataria do servizo nos términos recollidos na vixente lexislación .

## ARTIGO 8: OBRIGACIÓNS DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas que utilicen o servizo de transporte colectivo, terán as obrigacións



establecidas por todas e cada unha das disposicións vixentes ditadas con carácter xeral en materia de transportes e especificamente, as establecidas neste capítulo, así como as que resulten das restantes disposicións deste Regulamento.

En especial, son obrigacións das persoas usuarias as seguintes:

- a) Portar título de transporte válido nos termos establecidos neste Regulamento, debendo conservalo no seu poder durante todo o traxecto a disposición do persoal da empresa, do persoal do Concello ou calquera outro axente de inspección habilitado para iso.
- b) Seguir, en todo o relacionado co servizo e as súas incidencias, as indicacións do persoal da empresa adxudicataria do servizo, do persoal de inspección e dos carteis e recomendacións colocados á vista.
- c) Aceptar o criterio do persoal condutor do vehículo no caso de que se produzan discrepancias a bordo dos vehículos por cuestións relativas ao servizo.
- d) Subir ou baixar do vehículo só cando este atópanse detido na parada, respectando a quenda que lle corresponda segundo a orde de chegada á mesma, absténdose de ascender cando sexa advertido polo persoal condutor de que o vehículo está completo e descender de maneira ordenada
- e) Acceder ou descender dos vehículos polas portas destinadas ao efecto, e facilitar a circulación das demais persoas no interior dos mesmos. A estes efectos procurarán, tras adquirir ou cancelar o título de transporte, situarse na proximidade das portas de saída facilitando o acceso das persoas que queiran ascender ao vehículo.
- f) Comunicar coa suficiente antelación a solicitude de parada para descender, facendo uso dos medios técnicos dos que dispoña o vehículo. Para o acceso ao autobús en paradas comúns a varias liñas, indicar ao persoal condutor a intención de acceder ao vehículo con xesto o ademán o aproximándose a poste de parada.
- g) Respetar os asentos reservados a persoas con discapacidade e a prioridade de uso de todos os asentos reservados para persoas con mobilidade reducida, con bebés, persoas maiores o mulleres embarazadas, así como las zonas no interior del autobús reservadas para persoas que utilizan cadeiras de rodas e carros de bebés abertos e ocupados, debendo ceder dichos asentos o espazos reservados en todo caso, cando sexan necesarios para seu uso por calquera dos grupos de usuarios descritos.
- h) Cumprir as condicións establecidas nos artigos deste Regulamento no caso de viaxar con menores con ou sen coches ou cadeiras infantís e responsabilizarse da súa seguridade.
- i) Cumprir as condicións establecidas neste Regulamento no caso de portar vultos, e outros obxectos.
- j) En caso de acceder ao autobús en cadeira de rodas ou vehículo homologado de uso análogo, a ocupar o espazo destinado para tal fin na plataforma central do autobús, e ir suxeita coas fixacións e sistemas de seguridade dispoñibles.
- k) Non obstaculizar a circulación doutras persoas no interior dos vehículos.
- l) Tratar os vehículos co maior coidado, absténdose de manipular, sen causa xustificada, calquera dispositivo, en particular os de seguridade e socorro instalados nos mesmos para utilizar en caso de emerxencia.
- m) Responder os danos que unha incorrecta utilización dos servizos, dos vehículos e as paradas ou a imprudente localización dos seus bens, ocasionen nos elementos afectos ao servizo ou ao resto de persoas usuarias.
- n) Atoparse nunhas condicións hixiénico-sanitarias, que eviten o risco de contaxio ou de incomodidade, mesmo por cheiros, ao resto de persoas que viaxen no vehículo.
- ñ) Absterse de acceder ao autobús cando este se encontre completo o a persoa condutora o prohiba por razóns técnicas, o cando se encontre fora de servizo, na

incorporación y/o retirada de servizo.

o) Abonar o prezo do billete no autobús utilizando como máximo o billete fixado polo Concello.

#### ARTIGO 9 CONDUCTAS PROHIBIDAS

1. Quedan expresamente prohibidas as seguintes condutas:

- a) Acceder ao vehículo sen título de transporte autorizado.
- b) Acceder ou abandonar o vehículo fóra das paradas establecidas ou mentres aquel atópase en movemento sen causa xustificada.
- c) Acceder ao vehículo cando o persoal condutor haxa advertido que se completou a ocupación do vehículo
- d) Acceder en estado de embriaguez ou baixo os efectos de estupefacientes podendo alterar o normal funcionamento do servizo.
- e) Viaxar nos espazos non habilitados para iso.
- f) Falar ao persoal condutor mentres o vehículo estea en marcha, salvo por razóns de necesidade relacionadas co servizo.
- g) Fumar, consumir bebidas alcohólicas, drogas tóxicas, estupefacientes ou sustancias psicotrópicas. Dentro desta prohibición están incluídos os cigarros electrónicos ou vapeadores.
- h) Comer no interior dos vehículos ou portar vasos ou botellas abertas que poidan alterar as condicións de limpeza dos vehículos ou producir molestias a outras persoas.
- i) Escribir, pintar, ensuciar ou danar en calquera forma o interior e/ou exterior dos vehículos, así como tirar ou arroxar desperdicios.
- j) Acceder con vultos ou outros obxectos que non cumpran as condicións establecidas neste Regulamento.
- k) O acceso aos autobuses con animais que non estean contemplados no presente Regulamento ou na lexislación vixente.
- l) Utilizar aparellos de reprodución de son a un volume que poida resultar molesto ás demais persoas. Só se poderán utilizar mediante sistemas de audición individualizada.
- m) Provocar calquera tipo de discusión ou altercado cos restantes viaxeiros ou co persoal da empresa.
- n) Distribuír pasquíns, folletos e calquera clase de propaganda ou publicidade, salvo que sexan expresamente autorizados polo Concello.
- ñ) Practicar a mendicidade dentro dos vehículos.
- o) Calquera outra que resulte do disposto no presente Regulamento.
- p) Facer uso sen causa xustificada de calquera dos mecanismos de seguridade e socorro instalados no vehículo para casos de emerxencia

2. O persoal condutor non permitirá a entrada ou no seu caso, ordenarán a saída do vehículo, sen dereito á devolución do importe do billete, a toda persoa que incumpra as prohibicións sinaladas. Si o incumprimento producíse dentro do vehículo, requiriralle para que se ataña ao Regulamento ou descenda do vehículo na seguinte parada.

De persistir en desatender as indicacións, o persoal condutor notificarao aos servizos de inspección ou as autoridades municipais, para que tomen as medidas oportunas.

### CAPITULO III CONDICIÓN XERAIS DE UTILIZACIÓN

#### ARTIGO 10 : AUTORIDADE E RESPONSABILIDADE NO SERVIZO

a) Persoal condutor

O persoal condutor é o máximo e inmediato responsable do autobús durante a prestación do servizo. As persoas usuarias deberán atender as observacións ou

recomendacións que, en cada caso, poida realizar, en relación co modo de prestación do servizo.

O persoal condutor está facultado para prohibir o acceso ao autobús e solicitar o descenso do mesmo ás persoas que incumpran o presente regulamento, podendo en todo caso esixir o seu cumprimento e requirindo a tales fins, si estimábase necesario, o concurso de calquera axente da Policía Local.

#### b) Persoal de Inspección

O persoal de inspección viviará o cumprimento deste regulamento e para iso realizará a adecuada inspección e, no seu caso, denuncia dos actos que o contraveñan, incluída a exhibición do título de transporte, podendo, no seu caso solicitar o auxilio da Policía Local.

Poderá reter o título de transporte, no caso da súa utilización fraudulenta, e depositalo nas oficinas da empresa, entregando o correspondente xustificante.

### SECCIÓN PRIMEIRA : PARADAS

#### ARTIGO 11: PARADAS

As paradas poden ser fixas ou discrecionais :

Parada fixa ou terminal de liña: é unha parada de carácter obrigatorio, e servirá para regularizar os horarios. Terá un funcionamento distinto segundo si o servizo que a utilice esa lineal ou circular.

Servizos lineais: considérase fin de viaxe. Durante o estacionamento non poderán quedar viaxeiros no interior do vehículo.

Servizos circulares: a parada fixa na que se realiza a regulación non se considera terminal de liña, podendo os viaxeiros permanecer no interior do vehículo durante o tempo da parada , para logo continuar a marcha.

Discrecionais: son distintas ás fixas. O vehículo só deterase nas mesmas cando haxa persoas esperando, ou ben cando os usuarios que viaxen no autobús solicíteno accionando o botón de parada.

Paradas a demanda : Son as paradas que sen estar sinalizadas, son autorizadas polo Concello dentro de servizos autorizados como especiais. As paradas deberan realizarse en todo caso en lugares onde se garanta a seguridade da circulación e dos usuarios do autobús.

É obrigación do Concello de Vigo garantir que as paradas e plataformas viarias de acceso aos vehículos de transporte urbano estean despexadas e sexan accesibles aos viaxeiros, retirando calquera elemento da calzada ou beirarrúa que impida tanto o acceso dos viaxeiros como o achegamento dos vehículos á parada , empregando para isto todos os medios de que dispoña.

Por razóns de seguridade, prohíbese estacionar fóra da parada de autobús, do mesmo xeito que a recollida e devolución. Nos casos excepcionais nos que non poida realizarse a detención no punto de parada por causas axeas ao condutor, a parada realizarase no lugar máis próximo posible, que permite o acceso e descenso dos viaxeiros en condicións seguras.

Nas paradas de autobuses de varias liñas, cando coinciden dous ou máis autobuses, considérase que o segundo autobús está nunha posición reguladora para admitir o ascenso ou a baixada dos pasaxeiros. Os autobuses na terceira ou cuarta posición non deben abrir as portas ata que cheguen á primeira posición ou o segunda si algún dos autobuses que o preceden permanecen alí.

A localización das paradas será fixada polo Concello .

#### ARTIGO 12 : SINALIZACIÓN DAS PARADAS

Todas as paradas, que serán de uso exclusivo para o autobús urbano ( salvo que polo

Concello se dispoña outra cosa) estarán sinalizadas con algún tipo de poste vertical e/ou marquesiña, nas que haberá de constar a información de todas as liñas que conflúan na mesma, ademais da sinalización horizontal.

transbordo ata os 60 minutos, dixeron que non e que se garantira a participación veciñal no deseño, que se garanta o servizo público a todo o territorio aos barrios e parroquias e a mellora da conexión cos servizos fundamentais e que primase o concepto de servizo sobre o custe e efectividade ou sobre a eventual rendibilidade das liñas, ou se negaron mesmo a aumentar a reserva de prazas para persoas con mobilidade reducida ou a estudar fórmulas que permitan o acceso de animais de compañía aos autobuses como xa sucede noutras cidades do estado español e de Europa. As emendas do Bloque Nacionalista Galego o que querían precisamente era utilizar este regulamento para asegurar o dereito das viguesas/es a termos un transporte público de calidade, que teñan tamén a posibilidade de volver ser xestionado dende o público e dende logo á altura dunha cidade de 300.000 habitantes.

SR. PÉREZ CORREA: Efectivamente aquí hai unha consulta para aprobar un regulamento non por unha vontade dun goberno local senón porque o marca a lei, estamos a falar dun regulamento que afecta a un servizo público esencial e polo tanto é o obrigatorio que no proceso de elaboración dese regulamento haxa unha consulta pública, o que non é de recibo é que unha consulta pública que efectivamente faise en agosto pero que se aproba nunha Xunta de Goberno se coloca dunha maneira tanxencial nunha web e ata que o grupo da Marea de Vigo a través das redes sociais e a través dunha nota de prensa di que hai unha consulta, é dicir, case unha semana despois non sae, é dicir, practicamente o día 20 de agosto, sae o goberno local dicindo si hai unha consulta para arbitrar ese regulamento, tardou unha semana ademais no mes de agosto nunha consulta que se estendía do 12 de agosto ao 10 de setembro tardou unha semana o goberno local en informarlle á cidadanía a través dunha nota de prensa porque o lóxico sería remitir un escrito a todos e cada un dos colectivos que poidan ser afectados do movemento veciñal, a asociacións de consumidores ou usuarios ou calquera persoa que ao longo deste anos fixeron unha consulta no 010 no servizo de transporte, teñen miles, é máis, aínda non querendo que esta consulta estivera estendida tiveron 95 achegas, e o lóxico incluso sería poñer algunha liñas básicas do que se quere facer, a consulta era un folio no que se explicaba que si ía facer un regulamento e que cada persoa de feito a maior parte da xente efectivamente

non sabía que moitas cuestións que non teñen que ver co regulamento e si co prego concesional, como ten que ver o prezo das tarifas, como ten que ver as liñas e como teñen que ver algunhas cuestións incluso sobre o servizo de explotación e aquí é onde a nós nos parece que está o truco do asunto, é o único regulamento que nós coñecemos, claro que é un servizo público porque o transporte é un servizo público e claro que o Concello de Vigo está obrigado a prestalo porque ten máis de 50.000 habitantes e ten competencias propias en materia de transporte, sei que ás veces este Concello quere cargarlle á Xunta de Galicia competencias que son propios pero esta é nosa, e afortunadamente Vigo é dos concellos porque se estivera en mans da Xunta de Galicia teríamos o mesmo sistema que teñen para o transporte interurbano, pois por exemplo, ter 14 ou 15 concesionarias privadas operando o que fai difícil por exemplo, no caso da área metropolitana de Vigo é facer un transporte público integrado, pero é que nós ademais das máis de 20 emendas que presentamos, ademais dunha proposta completa do regulamento que presentamos, non na fase que lle corresponde ao grupo político senón na fase que lle corresponde a calquera cidadá ou colectivo, presentamos unha proposta completa de regulamento ademais falada con técnicos que elaboraron regulamentos doutras cidades onde ademais obviamente o servizo se concesionaba ou se actualizaba despois de 25 anos que é o caso do Concello de Vigo e polo tanto, é obrigatorio xa por lei e por unha directiva europea ter un regulamento, xa non vale iso da carta de dereitos e deberes dos usuarios senón un regulamento que tamén diga cales son os deberes e os dereitos dos condutores e do persoal neste caso do servizo de transporte público pero que vostedes xa poñen aquí unha consagración que é perigosa e nós nos regulamentos que temos consultado, os regulamentos sempre falan de servizo público de transporte, vostedes introducen que a prestación do servizo e quero ler textualmente “o Concello de Vigo presta o servizo de transporte público urbano regular mediante viaxeiros de autobús de forma indirecta, mediante a contratación dunha empresa de calquera das formas previstas”, claro é que iso é como estaba ata agora porque se privatizou, se fixo unha concesión privada pero vostedes o que están a dicir aquí é que iso é absolutamente inamovible como se foran as táboas do mandamento baixadas do Monte Sinaí, se vostedes me din que é inamovible explíquenme que están a facer moitos concellos deste país e ademais vamos

incluso aos números, quedan por amortizar 17 millóns de euros de Vitrasa, o que custa o túnel da Porta do Sol, poderían vostedes amortizar, librárnos do grupo Avanza e librárnos incluso de ter que sacar unha concesión privada e incluso perfectamente, eu espero que o novo goberno que supostamente estamos a configurar permita aos concellos crear empresa pública, porque iso é unha demanda histórica da esquerda política na Federación Española de Municipios e Provincias e xusto nun cambio de goberno, xusto nun cambio de terzo cando vostedes saben que Unidas Podemos lle esta a trasladar que queremos falar da creación de empresas públicas municipais, veñen vostedes co regulamento que asinaría o Sr. Montoro? De que isto vai a ser si ou si cunha explotación de empresa privada e que non hai a opción a propoñer a creación dunha empresa, xa non digo dunha empresa pública, digo dunha empresa mixta ao 51-49% como teñen en moitos concellos, non é o momento para poñer isto nun regulamento, xa non vou a falar de que é bo que no regulamento aparezan as tipoloxías de billete, que no regulamento aparezan os dereitos dos condutores de Vitrasa que parecen os grandes esquecidos moitas veces na cuestión de dereitos e deberes dos servizos públicos esenciais e nós seguimos pensando que vostedes non consultaron a ninguén porque nin sequera consultaron ou tiveron a opción buscar de algún regulamento xurídico minimamente adaptado ao que está a pasar no resto das localidades.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: En primeiro lugar nós compartimos a decisión que é a que pivota sobre o regulamento senón non se faría a decisión de que o servizo de transporte público de viaxeiros se preste por xestión indirecta mediante un contrato, nós compartimos esa decisión o regulamento faise por iso o obriga a lei e nós aí non temos nada que dicir. Esa é a primeira cuestión de fondo que é deixar a prestación do servizo a unha concesionaria que haberá que seleccionar logo do procedemento legal, niso estamos a favor, o que pasa é que nos tamén críamos que o regulamento era unha boa ocasión tamén para preparar o servizo do século XXI, regular dunha maneira completa e dunha maneira decidida os dereitos das persoas usuarias e tamén para atar en corto as obrigas das concesionarias. E nós en primeiro lugar o que queríamos presentar era emendas e así o fixemos que o que facían era achegar claridade ao texto, pois establecer unha serie de dereitos e

obrigas, uns principios xerais, facer o texto comprensible, coherente, no que se separase claramente as cousas e non facer artigos como o artigo 4 no que se regula dunha atacada o carácter público do servizo, a accesibilidade universal, a prioridade do tráfico, a necesidade de estudos de transporte nos desenvolvementos urbanísticos, pois que terá que ver unha cousa con outra, queríamos facer algo un pouco máis lexible para que os cidadáns cando vaian a este ladrillo pois polo menos saiban do que estamos a falar. E pedíamos que se declarase, por exemplo, a accesibilidade universal que efectivamente está no regulamento pero nós íamos máis alá, queríamos que a información fose accesible en tódalas paradas, que os servizos de atención ás persoas usuarias nas páxinas webs tiveran tamén servizos auxiliares para persoas que tiveran problemas sensoriais, sistemas de apoio á comunicación oral ou a lingua de signos, sistemas de comunicación táctil ou outros dispositivos, tamén as persoas que teñen dificultades visuais no transporte deberían estar dotados pois de indicadores luminosos, acústicos, como isto ocorre noutros regulamentos doutras cidades, instaurábamos ou pretendíamos facelo un principio de mellora continua, obrigando ao Concello, un regulamento pois o primeiro que terías que establecer é que se dese conta ao Pleno no primeiro trimestre de cada ano pois dun estudo sobre o transporte no ano anterior, as frecuencias, os posibles itinerarios, as reformas que se puideran facer porque o transporte nunha cidade como esta, é algo vivo non é algo estático e o Pleno deberá ter información dese tipo, ou de innovación tecnolóxica, o Concello debería empregar tamén as novas iniciativas. Pedíamos establecer unha frecuencia mínima en toda a rede, unha distancia máxima ás vivendas das paradas, que tódalas paradas tiveran marquesiñas, etc., eran propostas razoables que tratábamos de blindar no regulamento porque o actual, o que propón o goberno é un corta pega do anterior e de feito o regulamento vixente non o coñece nin o Tato. Estas iniciativas tampouco son produto de ningunha improvisación están xa no regulamento doutras cidades, por exemplo no de San Sebastián que establece o principio de accesibilidade universal como dicimos nós ou a obriga de ter marquesiñas en tódalas paradas e non un pau aí posto cun letreiro, paneis informativos en tódalas paradas, as condicións tamén dos vehículos e a modernización da flota ou o de Valencia que obriga a que tódolos vehículos estean adaptados e crear unha oficina de suxestións e reclamacións que



obriga a contestar en 20 días, este regulamento o que fai é remitilo ás follas de reclamacións que como saben é un método dos anos 80, se imos a presentar as nosas suxestións como usuarios utilizando as follas de reclamacións como se estiveramos nun bar ou nunha tenda, pois non avanzamos moito, por iso se nos din que non, é un regulamento de trámite, non se lle dota de contido e remítese todo a un prego que se aprobará como é legalmente preceptivo na Xunta de Goberno Local e alí se establecerán condicións de moito máis polo miúdo, privando ao Pleno de dicir ao menos que se podería dar conta aquí anualmente destas necesidades e tamén como non, dar conta de tódalas suxestións e reclamacións que hai, que se expliquen aquí. O regulamento non di nada novo, é un regulamento dos ano 90 entón nós como se nos rexeitou todo aínda que comprendemos a apoiamos a necesidade de facelo a través dunha concesionaria, nós votaremos en contra no regulamento.

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Moitas grazas Sr. Marnotes por contradicir, que é necesario que fai falla pero que votarán en contra, normalmente a coherencia a seguen a defender.

Miren, este é un regulamento que en canto ao control municipal do servizo o Concello de Vigo é o que organizará e controlará o servizo, tanto no que se refire ás liñas, itinerarios, paradas, horarios, tarifas, títulos, todas as labores de control do servizo vaino a facer o Concello de Vigo, o Concello fará as labores de inspección necesarias a través de persoal municipal que terá libre acceso aos autobuses, locais, dependencias da empresa, mire, Sr. Pérez Iglesias, de verdade que o de xestión privada eu creo que iso era algo que estaba superado, isto é un servizo público, non é unha xestión privada, se saca un prego de condicións e todo o que non veña regulado neste regulamento ao final isto é unha aprobación inicial e despois se someterá outra vez a información pública, se cumpre coa norma e tras esa información pública o proxecto pode mellorarse coas alegacións que presente a xente, a cidadanía, pero é unha aprobación inicial e logo se somete a información pública, non se esquezan de que a norma se cumpre. Miren, algúns exemplos, está todo recollido e o resto se regulará no prego de prescricións técnicas, tanto a gratuidade das tarifas que xa se veñen aplicando para pensionista ou para quen correspondan, mire, é que vostede fala dos de 14 anos,

10 millóns de euros de custe, se quere só damos esa tarifa e o resto as deixamos sen aplicar, tanto como para pensionistas como para estudantes, para o resto da xente, participación veciñal e asistencia a barrios e parroquias, quero lembrarlle que tódolos barrios e parroquias, tódalas liñas contemplan todo iso e tódolos recorridos, e non se preocupe que o concello no prego xa porá todo, a onde terá que chegar, as condicións dos autobuses, fixará as tarifas, as bonificacións, non se esquezan. Sr. Pérez Correa, vostede sempre fala de transparencia, de que hai que facer, de que non hai coñecemento, de ocultación, quero lembrarlle que cada vez que un documento pasa por Xunta de Goberno automaticamente colgado na web municipal, público e transparente porque leccións as xustas, e mire, Sr. Marnotes, se de verdade vostede di que hai paus en vez de marquesiñas, entón apaga e vámonos xa, entón é que seguramente vostede, e que se ese é o debate mellor apaga e vámonos.

*(Preside a 1ª tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do titular da Presidencia)*

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, masi dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial do Regulamento do servizo de transporte urbano de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo, co seguinte contido:

PROXECTO DE REGULAMENTO REGULADOR DO SERVIZO PUBLICO DE TRANSPORTE  
URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS DA CIDADE DE VIGO  
PREÁMBULO

*Os artigos 25.2.g) y 26.1 d) da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, atribúen aos municipios o exercicio de competencias en materia de transporte público de viaxeiros e a prestación de servizos de transporte colectivo urbano de viaxeiros, así mesmo o artigo 86.3 da citada declara a reserva legal en favor dos municipios dos servizos de transporte público de viaxeiros; en consecuencia, o presente Regulamento declara expresamente que corresponde o Concello de Vigo a titularidade do servizo público de transporte público urbano regular permanente de viaxeiros mediante autobús.*

*O Regulamento responde á necesidade de establecer o réxime xurídico que determine o alcance das prestacións en favor dos cidadáns de Vigo e demais usuarios na prestación do Servizo de Transporte urbano de viaxeiros en autobús da Cidade de Vigo. Así mesmo deben tenerse en consideración os requisitos da concesión do servizo público de transporte público urbano regular de viaxeiros en autobús na cidade de Vigo regulados na documentación contractual que rexe a licitación pública do servizo, isto é, o prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas particulares, a oferta presentada polo adxudicatario e o documento de formalización do contrato.*

*O Regulamento satisface o principio de eficacia por ser o instrumento mais axeitado para acadar o interese xeral dos usuarios do servizo de transporte urbano o que fundamenta a necesidade de aprobación desta norma .*

*O texto satisface o principio de seguridade xurídica xa que a súa redacción da cumprimento a exixencia recollida no artigo 284 nº 2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.*

**ÍNDICE:**

**TITULO PRELIMINAR**

ARTIGO 1: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 2: COMPETENCIA

ARTIGO 3: FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 4 :CARÁCTER PÚBLICO DO SERVIZO

**TITULO I TRANSPORTE URBANO COLECTIVO**

**CAPITULO 1**

ARTIGO 5: DEFINICIÓN

ARTIGO 6: PRESTACIÓN DO SERVIZO

**CAPITULO II : DEREITOS E OBRIGACIÓNS DAS PERSOAS USUARIAS**

ARTIGO 7 :DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

ARTIGO 8 :OBRIGACIÓNS DAS PERSOAS USUARIAS.

ARTIGO 9 :CONDUTAS PROHIBIDAS

**CAPITULO III : CONDICIÓNS XERAIS DE UTILIZACIÓN**

ARTIGO 10 : AUTORIDADE E RESPONSABILIDADE NO SERVIZO

**SECCIÓN PRIMEIRA : PARADAS**

ARTIGO 11: PARADAS

ARTIGO 12: SINALIZACIÓNS DAS PARADAS

ARTIGO 13: INFORMACIÓN NAS PARADAS

ARTIGO 14: PARADA E ESTACIONAMENTO NAS PARADAS

ARTIGO 15 : DETENCIÓN DOS AUTOBUSES NAS PARADAS

ARTIGO 16 :ACCESO E BAIXADA DO AUTOBÚS

**SECCIÓN SEGUNDA: CONDICIÓNS DE USO**

ARTIGO 17 :TRANSPORTE DE MENORES DE IDADE

ARTIGO 18 :ACCESO CON COCHES E CADEIRAS INFANTÍS

ARTIGO 19 :ACCESO CON VULTOS

ARTIGO 20 : ACCESO CON ANIMAIS

ARTIGO 21 :CAPACIDADE DOS VEHÍCULOS

ARTIGO 22 :INFORMACIÓN NOS VEHÍCULOS

ARTIGO 23:PUBLICIDADE NOS VEHÍCULOS

**SECCIÓN TERCEIRA : TÍTULOS DE TRANSPORTE**

ARTIGO 24 :TÍTULOS DE TRANSPORTE

ARTIGO 25: OBRIGACIÓN DE PORTAR O TITULO DE TRANSPORTE VALIDO

ARTIGO 26: PAGO DO BILLETE ORDINARIO

ARTIGO 27: COMPROBACIÓN DO TITULO DE VIAXE

ARTIGO 28: UTILIZACIÓN INCORRECTA OU FRAUDULENTA DOS TÍTULOS DE TRANSPORTE

ARTIGO 29: RÉXIME DE TRANSBORDOS

ARTIGO 30: INSPECCIÓN MUNICIPAL DO SERVIZO

**CAPITULO IV : ACCESIBILIDADE UNIVERSAL**

ARTIGO 31: ACCESIBILIDADE

*ARTIGO 32: PERSOAS USUARIAS CON MOBILIDADE REDUCIDA*

*ARTIGO 33: ESPAZOS E ASENTOS RESERVADOS*

*ARTIGO 34: ACCESO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA*

*ARTIGO 35: CONDICIÓNS DE VIAXE E SEGURIDADE.*

*ARTIGO 36: ABONO DE VIAXE POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA*

*ARTIGO37:AUTORIZACIÓNS ESPECIAIS POR MOTIVOS DE ACCESIBILIDADE*

## **CAPITULO V : OBRIGACIÓNS DA EMPRESA CONCESIONARIA E O SEU PERSOAL**

*ARTIGO 38: INFORMACIÓN*

*ARTIGO 39: CALIDADE DO SERVIZO*

*ARTIGO 40: OBRIGACIÓNS DO PERSOAL DA EMPRESA*

*ARTIGO 41: PERSOAL UNIFORMADO E IDENTIFICADO*

*ARTIGO 42: CONDICIÓNS DOS VEHÍCULOS*

*ARTIGO 43:INTERRUPCIÓNS E MODIFICACIÓNS DO SERVIZO*

*ARTIGO 44:FOLLAS DE RECLAMACIÓNS*

*ARTIGO 45: DANOS MATERIAIS*

*ARTIGO 46:PARTE DE ACCIDENTES*

*ARTIGO 47: OBXECTOS PERDIDOS*

### **TÍTULO II RÉXIME SANCIONADOR**

*ARTIGO 48: INFRACCIÓNS DAS PERSOAS USUARIAS*

*ARTIGO 49: RESPONSABILIDADES*

*ARTIGO 50: SANCIÓNS*

*ARTIGO 51 AGRAVANTES E ATENUANTES*

*ARTIGO 52 :COMPETENCIA*

*ARTIGO 53: PRESCRICIÓN*

*DISPOSICIÓN DEROGATORIA*

*DISPOSICIÓN FINAL*

## **TITULO PRELIMINAR**

*ARTIGO 1 :OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN*

*O presente Regulamento ten por obxecto regular as condicións xerais da prestación do Servizo Público de Transporte Urbano Colectivo de Vigo e da utilización do citado servizo.*

*Tamén é obxecto deste Regulamento a regulación dos dereitos e obrigacións das persoas que utilicen devandito transporte, as relacións entre estas e a empresa xestora do servizo, así como algúns aspectos das relacións entre estes últimos e o Concello de Vigo*

*Este regulamento será de aplicación ás persoas que utilizan o servizo de transporte público*

*colectivo urbano, á empresa xestora do servizo e ao Concello.*

#### **ARTIGO 2: COMPETENCIA**

*A Lei 7/1985, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local no seu artigo 25 2. G establece a competencia do Municipio para a xestión e ordenación dos servizos urbanos de transporte de viaxeiros, definindo este servizo como esencial. Segundo o mesmo texto legal e no artigo 26 I D é obrigación dos municipios cunha poboación superior aos 50.000 habitantes a prestación destes servizos. Por tanto, o Concello de Vigo é a Administración Pública competente en materia de transporte urbano, e a que ten a obrigación prestar , regular e controlar este servizo.*

*A titularidade do servizo, así como a competencia para outorgar o titulo habilitante corresponde ao Concello de Vigo .*

#### **ARTIGO 3: FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO**

*O Concello de Vigo presta o servizo público de transporte público urbano regular permanente de viaxeiros en autobús de forma indirecta, mediante a contratación dunha empresa de calquera das formas previstas na lexislación vixente na materia de contratación pública e de réxime local, e de acordo co establecido no correspondente contrato público de servizo público.*

#### **ARTIGO 4 :CARÁCTER PÚBLICO DO SERVIZO**

*O servizo de transporte urbano colectivo é de carácter público, polo que terán dereito á súa utilización cantas persoas o desexen, sen outra limitación que as condicións e obrigacións sinaladas para o seu uso no presente Regulamento e a lexislación vixente na materia que sexa de aplicación.*

*O servizo, ha de seguir as pautas de accesibilidade universal a fin de ofrecer un servizo apropiado a calquera persoa usuaria potencial, tomando en consideración a diversidade humana, os requirimentos correspondentes e as especificacións técnicas de deseño accesible. Neste sentido, o Concello, utilizará todas as ferramentas ao seu alcance para garantir a accesibilidade e a mobilidade no servizo.*

*O transporte público, ha de ter prioridade respecto da mobilidade, para o que o Concello, como Administración titular do servizo, facilitará a súa utilización e a circulación dos seus vehículos. Con este fin, poderá tomar as medidas adecuadas relacionadas coa prioridade semaforica ao transporte público, o establecemento dos carrís reservados necesarios para a circulación prioritaria ou exclusiva do transporte público, ou calquera outra medida que considere conveniente de modo que garanta, na medida do posible, unha velocidade comercial adecuada, procurando mellorar a calidade do servizo (en regularidade, frecuencia e rapidez) e a eficiencia no custo, ou calquera outra que poida mellorar o servizo.*

*Así mesmo, nos desenvolvementos urbanísticos cuxa importancia resulte aconsellable a xuízo dos Servizos Técnicos Municipais, realizarase un estudo específico do transporte urbano colectivo, que inclúa posibles itinerarios, localización de paradas e a súa incorporación á rede municipal, así como a posible reserva de chan para carrís bus.*

### **TÍTULO I**

#### **TRANSPORTE URBANO COLECTIVO**

##### **CAPITULO I : DEFINICIÓN E EXPLOTACIÓN**

## **ARTIGO 5 : DEFINICIÓN**

*Entenderase por Transporte Urbano Colectivo o que vai dirixido a satisfacer unha demanda xeral, podendo ser utilizado por calquera persoa interesada, e que estende o seu ámbito territorial ao municipio de Vigo .*

## **ARTIGO 6: PRESTACIÓN DO SERVIZO**

*O Concello a través do Servizo de Transportes organizara e controlara o servizo, tanto no que se refire ás liñas, itinerarios, paradas, horarios, tarifas, títulos autorizados e a cantos aspectos relaciónense con devandito transporte.*

*O adxudicatario do contrato prestara o servizo facendo circular os seus vehículos polas liñas e itinerarios aprobados polo Concello de Vigo, coa frecuencia , horario e condicións fixadas polo mesmo e de conformidade coas prescricións contidas nos pregos de condicións técnico e administrativo que rexan a prestación do servizo.*

## **CAPITULO II : DEREITOS E OBRIGACIÓNS DAS PERSOAS USUARIAS**

### **ARTIGO 7: DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS**

*As persoas que utilicen o servizo de transporte colectivo, serán titulares dos dereitos establecidos por todas e cada unha das disposicións vixentes, ditadas con carácter xeral en materia de transportes e especificamente dos establecidos neste capítulo, así como dos que resultan das restantes disposicións deste Regulamento.*

*En especial, son dereitos das persoas usuarias os seguintes:*

- a) Elixir, no seu caso, entre os diferentes títulos de transporte que, segundo prezos e condicións, figuren nos cadros de tarifas aprobados polo Concello ou sexan autorizados para o seu uso polo mesmo .*
- b) Ser transportadas co requisito de portar un título de transporte válido.*
- c) Ser transportadas conforme ás condicións da oferta do servizo establecidas e programadas con carácter xeral, segundo a cantidade e frecuencia de servizo adaptada á demanda social existente, de acordo a parámetros de racionalidade económica, condicionados en todo caso ao interese xeral do transporte colectivo como servizo público.*
- d) Dispor de información clara, comprensible e veraz, coa publicidade e antelación suficiente, polos medios establecidos para iso, ( como marquesiñas, postes, páxina web, app), no relativo a materias como: modificación de liñas, itinerarios, paradas, tarifas ou cambios nos títulos de transporte.*
- e) Gozar de prestacións que melloren o acceso, o uso e comodidade do servizo para todas as persoas usuarias, así como, a que se teñan en conta as súas propostas nesta materia.*
- f) Ao correcto estado técnico de funcionamento da flota de autobuses, así como ao normal funcionamento dos dispositivos de acceso e confort dos mesmos. As avarías circunstanciais que prexudiquen o establecido anteriormente deberán ser resoltas con eficacia e dilixencia pola empresa.*
- g) Ás innovacións tecnolóxicas dirixidas á mellora na calidade e universalidade do servizo ou do medio ambiente.*
- h) Recibir un trato correcto por parte do persoal da empresa, que deberá atender as peticións de axuda e información que lle sexan expostas, en asuntos relacionados co servizo.*
- i) Solicitar e obter nas oficinas da empresa adxudicataria do servizo, e nos centros de atención ao público dispostos por esta, follas de reclamacións nas que poderán formular calquera reclamación sobre a prestación do servizo. A empresa prestataria do servizo facilitara así mesmo aos usuarios a presentación de queixas e reclamacións por vía*

telemática.

j) Recibir contestación do Concello e/ou da empresa, nos prazos establecidos neste Regulamento, á reclamación efectuada.

k) Gozar de comodidade, hixiene e seguridade no servizo, viaxando sentados sempre que existan asentos dispoñibles, sen que poidan exixir este dereito cando todos estean ocupados .

l) Estar amparados polos Seguros obrigatorios que correspondan a este tipo de transporte.

m) Estar acompañado de cans guía , de asistencia e de apoio, que estean acreditados para estas funcións por centros homologados. Estes animais poderán viaxar, nas condicións que se establezan na normativa autonómica de aplicación en todo momento, xunto á persoa que asisten; e viaxar con outros animais nas condicións reguladas no presente Regulamento

n) Acceder con vultos de man, equipaxes, carriños de compra ou outros elementos, sempre que non supoñan unha molestia para o resto de persoas usuarias ou para o vehículo, conforme ao establecido neste Regulamento.

ñ) Viaxar con coches e cadeiras infantís sen abonar suplemento, conforme ao establecido neste Regulamento.

o) Viaxar en cadeiras de rodas o vehículos homologadas de uso análogo nas condicións fixadas no presente Regulamento.

p) Á devolución do importe do viaxe cando por causa directamente imputable a empresa prestataria do servizo resulte imposible a continuación do viaxe e a substitución do vehículo previa solicitude formulada por escrito da persoa afectada e comprobación dos feitos.

q) Á confidencialidade dos seus datos nas relacións que manteña coa empresa prestataria do servizo nos termos recollidos na vixente lexislación .

#### ARTIGO 8: OBRIGACIÓNS DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas que utilicen o servizo de transporte colectivo, terán as obrigacións establecidas por todas e cada unha das disposicións vixentes ditadas con carácter xeral en materia de transportes e especificamente, as establecidas neste capítulo, así como as que resulten das restantes disposicións deste Regulamento.

En especial, son obrigacións das persoas usuarias as seguintes:

a) Portar título de transporte válido nos termos establecidos neste Regulamento, debendo conservalo no seu poder durante todo o traxecto a disposición do persoal da empresa, do persoal do Concello ou calquera outro axente de inspección habilitado para iso.

b) Seguir, en todo o relacionado co servizo e as súas incidencias, as indicacións do persoal da empresa adxudicataria do servizo , do persoal de inspección e dos carteis e recomendacións colocados á vista.

c) Aceptar o criterio do persoal condutor do vehículo no caso de que se produzan discrepancias a bordo dos vehículos por cuestións relativas ao servizo.

d) Subir ou baixar do vehículo só cando este atópese detido na parada, respectando a quenda que lle corresponda segundo a orde de chegada á mesma, absténdose de ascender cando sexa advertido polo persoal condutor de que o vehículo está completo e descender de maneira ordenada

e) Acceder ou descender dos vehículos polas portas destinadas ao efecto, e facilitar a circulación das demais persoas no interior dos mesmos. A estes efectos procurarán, tras adquirir ou cancelar o título de transporte, situarse na proximidade das portas de saída facilitando o acceso das persoas que queiran ascender ao vehículo.



f) Comunicar coa suficiente antelación a solicitude de parada para descender, facendo uso dos medios técnicos dos que dispoña o vehículo. Para o acceso ao autobús en paradas comúns a varias liñas, indicar ao persoal condutor a intención de acceder ao vehículo con xesto o ademán o aproximándose a poste de parada.

g) Respetar os asentos reservados a persoas con discapacidade e a prioridade de uso de todos los asentos reservados para persoas con mobilidade reducida, con bebés, persoas maiores o mulleres embarazadas, así como las zonas no interior del autobús reservadas para persoas que utilizan cadeiras de rodas e carros de bebés abertos e ocupados, debendo ceder dichos asentos o espazos reservados en todo caso, cando sexan necesarios para seu uso por calquera dos grupos de usuarios descritos.

h) Cumprir as condicións establecidas nos artigos deste Regulamento no caso de viaxar con menores con ou sen coches ou cadeiras infantís e responsabilizarse da súa seguridade.

i) Cumprir as condicións establecidas neste Regulamento no caso de portar vultos, e outros obxectos.

j) En caso de acceder ao autobús en cadeira de rodas ou vehículo homologado de uso análogo, a ocupar o espazo destinado para tal fin na plataforma central do autobús, e ir suxeita coas fixacións e sistemas de seguridade dispoñibles.

k) Non obstaculizar a circulación doutras persoas no interior dos vehículos.

l) Tratar os vehículos co maior coidado, absténdose de manipular, sen causa xustificada, calquera dispositivo, en particular os de seguridade e socorro instalados nos mesmos para utilizar en caso de emerxencia.

m) Responder os danos que unha incorrecta utilización dos servizos, dos vehículos e as paradas ou a imprudente localización dos seus bens, ocasionen nos elementos afectos ao servizo ou ao resto de persoas usuarias.

n) Atoparse nunhas condicións hixiénico-sanitarias, que eviten o risco de contaxio ou de incomodidade, mesmo por cheiros, ao resto de persoas que viaxen no vehículo.

ñ) Absterse de acceder ao autobús cando este se encontre completo o a persoa condutora o prohiba por razóns técnicas, o cando se encontre fora de servizo, na incorporación y/o retirada de servizo.

o) Abonar o prezo do billete no autobús utilizando como máximo o billete fixado polo Concello.

## ARTIGO 9 CONDUCTAS PROHIBIDAS

1. Quedan expresamente prohibidas as seguintes condutas:

a) Acceder ao vehículo sen título de transporte autorizado.

b) Acceder ou abandonar o vehículo fóra das paradas establecidas ou mentres aquel atópase en movemento sen causa xustificada.

c) Acceder ao vehículo cando o persoal condutor haxa advertido que se completou a ocupación do vehículo

d) Acceder en estado de embriaguez ou baixo os efectos de estupefacientes podendo alterar o normal funcionamento do servizo.

e) Viaxar nos espazos non habilitados para iso.

f) Falar ao persoal condutor mentres o vehículo estea en marcha, salvo por razóns de necesidade relacionadas co servizo.

g) Fumar, consumir bebidas alcohólicas, drogas tóxicas, estupefacientes ou sustancias psicotrópicas. Dentro desta prohibición están incluídos os cigarros electrónicos ou

vapeadores.

h) Comer no interior dos vehículos ou portar vasos ou botellas abertas que poidan alterar as condicións de limpeza dos vehículos ou producir molestias a outras persoas.

i) Escribir, pintar, ensuciar ou danar en calquera forma o interior e/ou exterior dos vehículos, así como tirar ou arroxar desperdicios.

j) Acceder con vultos ou outros obxectos que non cumpran as condicións establecidas neste Regulamento.

k) O acceso aos autobuses con animais que non estean contemplados no presente Regulamento ou na lexislación vixente.

l) Utilizar aparellos de reprodución de son a un volume que poida resultar molesto ás demais persoas. Só se poderán utilizar mediante sistemas de audición individualizada.

m) Provocar calquera tipo de discusión ou altercado cos restantes viaxeiros ou co persoal da empresa.

n) Distribuír pasquíns, folletos e calquera clase de propaganda ou publicidade, salvo que sexan expresamente autorizados polo Concello.

ñ) Practicar a mendicidade dentro dos vehículos.

o) Calquera outra que resulte do disposto no presente Regulamento.

p) Facer uso sen causa xustificada de calquera dos mecanismos de seguridade e socorro instalados no vehículo para casos de emerxencia

2. O persoal condutor non permitirá a entrada ou no seu caso, ordenarán a saída do vehículo, sen dereito á devolución do importe do billete, a toda persoa que incumpra as prohibicións sinaladas. Si o incumprimento producíse dentro do vehículo, requiriralle para que se ataña ao Regulamento ou descenda do vehículo na seguinte parada.

De persistir en desatender as indicacións, o persoal condutor notificarao aos servizos de inspección ou as autoridades municipais, para que tomen as medidas oportunas.

### **CAPITULO III**

#### **CONDICIÓN XERAIS DE UTILIZACIÓN**

##### **ARTIGO 10 : AUTORIDADE E RESPONSABILIDADE NO SERVIZO**

###### **a) Persoal condutor**

O persoal condutor é o máximo e inmediato responsable do autobús durante a prestación do servizo. As persoas usuarias deberán atender as observacións ou recomendacións que, en cada caso, poida realizar, en relación co modo de prestación do servizo.

O persoal condutor está facultado para prohibir o acceso ao autobús e solicitar o descenso do mesmo ás persoas que incumpran o presente regulamento, podendo en todo caso esixir o seu cumprimento e requirindo a tales fins, si estimáase necesario, o concurso de calquera axente da Policía Local.

###### **b) Persoal de Inspección**

O persoal de inspección vixiará o cumprimento deste regulamento e para iso realizará a adecuada inspección e, no seu caso, denuncia dos actos que o contraveñan, incluída a exhibición do título de transporte, podendo, no seu caso solicitar o auxilio da Policía Local.

Poderá reter o título de transporte, no caso da súa utilización fraudulenta, e depositalo nas oficinas da empresa, entregando o correspondente xustificante.

#### **SECCIÓN PRIMEIRA : PARADAS**

## ARTIGO 11: PARADAS

As paradas poden ser fixas , discrecionais ou paradas a demanda:

1.) *Parada fixa ou terminal de liña: é unha parada de carácter obrigatorio, e servirá para regularizar os horarios. Terá un funcionamento distinto segundo si o servizo que a utilice esa lineal ou circular.*

*Servizos lineais: considérase fin de viaxe. Durante o estacionamento non poderán quedar viaxeiros no interior do vehículo.*

*Servizos circulares: a parada fixa na que se realiza a regulación non se considera terminal de liña, podendo os viaxeiros permanecer no interior do vehículo durante o tempo da parada , para logo continuar a marcha.*

2.) *Discrecionais: son distintas ás fixas. O vehículo só deterase nas mesmas cando haxa persoas esperando, ou ben cando os usuarios que viaxen no autobús solicíteno accionando o botón de parada.*

3.) *Paradas a demanda : Son as paradas que sen estar sinalizadas, son autorizadas polo Concello dentro de servizos autorizados como especiais. As paradas deberan realizarse en todo caso en lugares onde se garanta a seguridade da circulación e dos usuarios do autobús.*

*É obrigación do Concello de Vigo garantir que as paradas e plataformas viarias de acceso aos vehículos de transporte urbano estean despexadas e sexan accesibles aos viaxeiros, retirando calquera elemento da calzada ou beirarrúa que impida tanto o acceso dos viaxeiros como o achegamento dos vehículos á parada , empregando para isto todos os medios de que dispoña.*

*Por razóns de seguridade, prohíbese estacionar fóra da parada de autobús, do mesmo xeito que a recollida e devolución. Nos casos excepcionais nos que non poida realizarse a detención no punto de parada por causas axeas ao condutor, a parada realizarase no lugar máis próximo posible, que permite o acceso e descenso dos viaxeiros en condicións seguras.*

*Nas paradas de autobuses de varias liñas, cando coinciden dous ou máis autobuses, considérase que o segundo autobús está nunha posición reguladora para admitir o ascenso ou a baixada dos pasaxeiros. Os autobuses na terceira ou cuarta posición non deben abrir as portas ata que cheguen á primeira posición ou o segunda si algún dos autobuses que o preceden permanecen alí.*

*A localización das paradas será fixada polo Concello .*

## ARTIGO 12 : SINALIZACIÓN DAS PARADAS

*Todas as paradas, que serán de uso exclusivo para o autobús urbano ( salvo que polo Concello se dispoña outra cosa) estarán sinalizadas con algún tipo de poste vertical e/ou marquesiña, nas que haberá de constar a información de todas as liñas que conflúan na mesma, ademais da sinalización horizontal.*

*Será responsabilidade da empresa a conservación do mobiliario, pintura e sistemas de comunicación, así como do resto de elementos instalados nas paradas, en conveniente estado de decoro e hixiene e en perfectas condicións que aseguren a súa correcta utilización.*

*As sinalizacións de paradas haberán de ser claras e situarse en lugares visibles.*

*Calquera alteración na localización dunha parada haberá de ser posta en coñecemento do público na parada ou paradas afectadas, o máis axiña posible e sempre antes de que esta prodúzase, así como na Web municipal e da empresa, redes sociais ou calquera medio de*

*difusión que se considere necesario nese momento, si a duración e magnitude da alteración da localización requíreo, a xuízo do Servizo municipal de transporte*

#### **ARTIGO 13: INFORMACIÓN NAS PARADAS**

*Nas marquesiñas e postes de parada figurarán os números das liñas correspondentes. Ademais, nas marquesiñas, fixése un plano da cidade con todas as liñas, itinerarios, paradas e horarios.*

*En todos os puntos de parada deberá existir información actualizada e suficiente, que incluíra, en todo caso, un esquema do percorrido das liñas que incidan en devandito punto e as frecuencias das mesmas.*

*Así mesmo figurará o teléfono, así como calquera outro medio de contacto, tales como electrónicos, dos que dispoña a empresa para consultas ou reclamacións.*

#### **ARTIGO 14: PARADA E ESTACIONAMENTO NAS PARADAS**

*O tempo de detención nas paradas de liña será o estritamente necesario para permitir a subida e baixada das persoas.*

*Durante o estacionamento nas cabeceiras o persoal condutor deterá o motor do vehículo, cando a duración da parada o permita, acendéndoo un minuto antes da saída. Por motivos de seguridade, prohíbese o estacionamento do autobús fóra da parada, así como a recollida e baixada de persoas fóra das mesmas, salvo casos de forza maior.*

*En ningún caso, permitirase manter o vehículo estacionado co seu condutor ausente e o motor en marcha.*

#### **ARTIGO 15: DETENCIÓN DOS AUTOBUSES NAS PARADAS**

*As manobras de parada e reincorporación ao tráfico efectuaranse coa maior atención e dilixencia, procurando evitar manobras bruscas e con observancia do disposto na normativa vixente.*

*As paradas efectuaranse situando o vehículo paralelamente á beirarrúa, e do modo que menos prexudique ao resto do tráfico rodado e peonil.*

#### **ARTIGO 16: ACCESO E BAIXADA DO AUTOBÚS**

*Por regra xeral, todas as persoas, unha vez parado o autobús, accederán ao mesmo pola porta dianteira e descenderán pola porta central e/ou traseira. As excepcións a esta norma serán as reguladas neste Regulamento e demais normas de funcionamento do servizo.*

*En ningún caso, poderase subir ou baixar do autobús cando este atópese en marcha.*

*Unha vez terminada a parada para recoller e deixar viaxeiros cando o autobús peche as portas e inicie a operación de reincorporarse ao tráfico non se poderá acceder ao vehículo*

*Os viaxeiros solicitarán a parada coa antelación suficiente que permita a detención non súbita do vehículo mediante pulsación do correspondente botón no interior do autobús e mediante a sinalización visual coa mano dende a rúa, ou coa soa presenza na parada no caso de usuarios invidentes ou con mobilidade reducida que utilicen cadeira de rodas, andador ou muletas.*

### **SECCIÓN SEGUNDA: CONDICIÓN DE USO**

#### **ARTIGO 17: TRANSPORTE DE MENORES DE IDADE**

*Ao efecto do cómputo de prazas e da cobertura dos seguros obrigatorios establecidos pola lexislación, todas as persoas mesmo menores de idade, que viaxen sóas ou acompañadas, deberán estar provistas de título de transporte.*

*As persoas menores de catro anos viaxarán de forma gratuíta, co límite de dous menores por viaxeiro adulto. En caso de discrepancia sobre a idade da persoa menor, prevalecerá no embarque o criterio do persoal condutor, sen perxuízo da devolución do importe da viaxe se se acreditara a idade inferior a catro anos.*

*As persoas menores de seis anos deberán viaxar acompañadas en todo momento por unha persoa adulta que se responsabilizará da súa seguridade.*

*Considerarase que o resto de menores de idade que accedan ao vehículo sen a compañía dunha persoa maior de idade, foron autorizados pola ou as persoas que exerzan a súa titoría para todos os efectos e por tanto viaxarán baixo a súa responsabilidade.*

#### **ARTIGO 18: ACCESO CON COCHES E CADEIRAS INFANTÍS**

*Os coches e as cadeiras infantís serán admitidos en todos os autobuses sempre que por as súas características e capacidade sexa posible e o menor vaia debidamente suxeito ao mesmo ou se porten encartadas.*

*Deberán situarse nas prazas destinadas a cadeiras de rodas ou vehículos homologados para persoas con mobilidade reducida e si estas estivesen ocupadas, poderase acceder ao autobús co coche ou a cadeira encartada e sempre que exista espazo para iso.*

*Por razóns de seguridade o número máximo de coches e cadeiras infantís despregados será de dúas dependendo das características e capacidade do vehículo . Si o usuario leva un coche ou cadeira gemelar considerátese que se ocupan os dous espazos dispoñibles do vehículo.*

*A persoa que conduza o coche ou a cadeira accionará o freo da mesma na plataforma central do vehículo, situándoa en posición contraria respecto do sentido da marcha. En todo caso, os coches e as cadeiras situaranse no autobús sen dificultar o tránsito de persoas.*

*En todos os casos e para todos os efectos, quen conduza o coche ou a cadeira será o seu responsable durante todo o traxecto, o acceso e a baixada nas paradas, sendo obrigatorio mantelos suxeitos permanentemente durante a viaxe.*

*Quen porten un coche ou cadeira infantil, accederán pola primeira porta do autobús, tendo preferencia de paso respecto ao resto de persoas que esperen nas paradas, pero respectando a preferencia para acceder ao autobús das persoas que se despracen en cadeiras de rodas ou vehículos homologados de uso análogo.*

*A baixada do vehículo realizárase descendendo en primeiro lugar, a persoa que o conduce y despois o coche ou cadeira.*

#### **ARTIGO 19: ACCESO CON VULTOS**

*Poderase acceder con vultos de man, equipaxes, carros da compra e outros elementos de pequeno tamaño comunmente utilizados e admitidos, coas limitacións establecidas neste regulamento.*

*O tamaño máximo do vulto será de 100x50x20 cm. En todo caso, será o persoal condutor quen determine en cada momento a procedencia ou non da entrada de determinados vultos no vehículo, tendo en conta a ocupación real ou prevista do autobús.*

*Os vultos portados deben transportarse de forma que non molesten ao resto da pasaxe,*

evitando obstaculizar o paso ou prexudicar a outras persoas viaxeiras. En concreto, as mochilas irán ao pé do portador, e as antucas e paraugas en vertical.

Non poderá accederse ao vehículo con vultos de man, obxectos, elementos e equipaxes ou aparellos de calquera tipo ou natureza que polas súas dimensións, peso ou características físicas, técnicas, cheiro ou outras, sexan susceptibles de causar molestias, impedir o libre desprazamento dentro do vehículo por outras persoas ou poidan prexudicar os sistemas operativos e de navegación incorporados ao autobús ou non reúnan as condicións específicas que lles sexan de aplicación.

Especialmente prohíbense :

- As materias explosivas, inflamables, corrosivas, radioactivas, tóxicas ou contaminantes de calquera clase e en calquera cantidade.

- As bicicletas no plegables

- As tablas de surf

- Os V.M.U. (vehículos de mobilidade urbana), salvo que os mesmos poidan plegarse. Neste caso, deben ir debidamente suxeitos polo seu dono durante a viaxe, ubicándose nun espazo en que non supoña molestia para o resto do pasaxe. No se considerarán V.M.U. os patinetes que teñan carácter de xóquete infantil.

Atendendo ás posibilidades técnicas dos autobuses e de seguridade da pasaxe, a empresa poderá establecer traxectos, horarios e condicións nas que se admitirá transportar bicicletas.

#### ARTIGO 20 : ACCESO CON ANIMAIS

Só poderase viaxar con animais, no caso de cans de asistencia, é dicir cans guía, cans de servizo e cans de apoio, debidamente identificados mediante distintivo oficial e de conformidade co disposto na normativa de aplicación. Deberan ir suxeitos polos seus donos e controlados por estes.

Poderase viaxar con outros animais pequenos e domésticos de compañía, sempre baixo a custodia do viaxeiro que os leve, e cumprindo coas condicións hixiénico sanitarias e de seguridade previstas na lexislación vixente, debidamente controlados e acondicionados en receptáculo pechado . O receptáculo pechado estará colocado no colo da persoa portadora, e no caso de ir no chan entre os seus pés”.

O acceso e baixada do autobús realizarase pola mesma porta que o resto dos usuarios .

#### ARTIGO 21 :CAPACIDADE DOS VEHÍCULOS

Nun lugar visible do interior do vehículo farase constar o número de prazas sentadas e o número máximo de persoas de pé que pode levar o vehículo, sen que en ningún caso poida superarse a capacidade máxima recomendada polo fabricante.

ao respecto do contido desta proposta de modificación fronte a que o Bloque Nacionalista Galego non nos imos a opoñer máis tampouco imos a expresar o voto a prol. En primeiro lugar, o mal negocio que supuxo a expropiación da Cidade da Xustiza, pésimo negocio e aí dende logo a responsabilidade maior recae na Xunta de Galicia por forzar unha situación onde estaba previsto facer uso duns terreos que finalmente non se van utilizar, xerando pois tamén unha situación complexa mesmos as persoas, as viguesas/es afectados pola esa expropiación. En segundo lugar, tráese unha proposta de modificación orzamentaria onde efectivamente hai algunhas partidas finalistas máis onde o grosor, máis do 50% é para acrecentar partidas das que non se di para que finalidade é concreta, para expropiar o que, en onde, para que proxecto? Non se indica non, polo tanto, é simplemente un aprovisionamento xenérico de partidas aínda que intuimos de que nos estamos a referir. De todas maneiras e para concluír ao Bloque Nacionalista Galego o que lle gustaría é que a Concelleira de Urbanismo no Pleno da Corporación dese conta da situación dos traballos de elaboración do Plan Xeral, do Novo Plan Xeral porque a mediados do mes pasado dixo que ao longo do mes de novembro se ía dar conta, se ía presentar mesmo o primeiro o borrador, etc. Non se deu conta en ningunha Xerencia Municipal de Urbanismo e novamente o Pleno da Corporación seguimos sen saber nada de cal é o estado de elaboración do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, iso debería ser, a prioridade para a concelleira de Urbanismo.

SR. PÉREZ CORREA: O terreo ou os terreos falidos da Cidade da Xustiza deberían ter algún momento un debate serio neste Pleno por que é tan chapuceiro o proceso da Xunta de Galicia que significa que liquidamos patrimonio público, liquidamos vivendas que poderían ser agora mesmo empregadas en dar acollemento a familias que se quedan sen vivenda, liquidamos gran parte dun patrimonio público municipal para expropiar uns terreos que pon enriba poderían ter suposto e de feito é así, incrementos nos prezos porque finalmente os expropiamos para uns fins que non eran o definitivo, polo tanto esta falla de previsión que obrigou ao Concello de Vigo a poñer a Xunta de Galicia uns terreos que logo non vai a empregar e que esperamos que teñan algún uso, ben sexa biblioteca pública do Estado ou algún tipo de uso, cando menos di moito de como se trata ao Patrimonio municipal, porque dende logo perdemos unha oportunidade



e ademais perdemos moitos recursos, porque moitas desas vendas e os recursos desas vendas acabaron en tapar os buratos do Auditorio Mar de Vigo, como foron eses 5 millóns de euros que propoñían, que viñan ademais de liquidación de patrimonio, pero que ademais cando se ven cunha modificación de crédito nós estamos de acordo si hai un fin e estamos de acordo se hai un fin, hai unha sentenza xudicial que nós discrepamos profundamente, ademais que sexa no Gorxal, que unha comunidade de montes reclama unha finca ou una venda como unha venda mal feita e reclame a titularidade dun monte no que ten sentencias, denuncias sobre soterramentos ilegais e que teñamos que pagarlle a unha comunidade de montes que para nós está a incumprir reiteradamente a lei cando menos é discutible, imos a pagarlle 233.000 sobre o monte do Gorxal onde esta comunidade de montes leva deitando camións e camións de terra procedentes de obras sen ningún tipo de control, se sei que non é a sentenza obriga a pagar pero nos gustaría que a esta comunidade de montes se lle cobren todas e cada unha das multas pola utilización absolutamente ilegal dun monte para facer soterramentos de terras procedentes de obras, o quero dicir porque sabemos que hai expedientes abertos e ademais houbo ameaza do concello de ir á fiscalía e o Concello debería ir á fiscalía contra a comunidade de montes de Cabral porque cremos que é un dos usos negativos que se están a facer do monte nesta cidade, pero que ademais o groso da modificación e o dicía antes o Bloque Nacionalista Galego, 850.000 euros dun 1.600.000ponse outras expropiacións, se fago unha modificación de crédito é porque xa sei cales son as expropiacións, non sabemos cal é motivo de que non se podan poñer, se o que non se quere poñer é que unhas expropiacións son para os terreos, a ampliación do IFEVI ou calquera outras cuestións, que se diga pero que se nos diga abertamente para que son eses 850.000 euros, se se quere ter ese remanente pois para poder utilizalo, home, queda un mes de ano, polo tanto entendemos que vai a ir outra vez a remanentes de Tesourería e polo tanto, o ano seguinte vostedes terían que volver a facer un procedemento parecido. Non entendemos porque o groso non se nos explicita cales son os destinos finais destes recursos porque estamos a falar como digo de 850.000 euros que non é unha partida menor e que case é parecida a partida das luces de Nadal, ou sexa que para vostedes debería de ser absolutamente importante. Polo tanto, queremos saber se hai algunha previsión de cal é destes

850.000 e por que se fai esta modificación agora e non se mete ao exercicio do ano que ven se é que hai unha previsión de ter aí un remanente de recursos para unhas expropiacións que non se nos di no expediente dunha maneira clara e concisa, cales son os destinos finais.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Nós non nos imos a opoñer imos a votar a favor desta modificación orzamentaria porque aquí o que imos a facer é cumprir coas sentencias xudiciais e coas valoracións do xurado provincial de expropiación de Galicia, nin sequera imos a criticar que se faga no mes de novembro pois se fai cando se ten que cumprir esas sentencias ou acatalas. A Cidade da Xustiza pois perdoen vostedes, pero se non lles gusta a Cidade da Xustiza que está a facer pois apaga e vámonos, menos mal que se fai alí porque coa anulación do PXOM xa me dirían vostedes que ía facer a Xunta de Galicia cos terreos que ten na rúa Lalín o Concello, digo que imos a votar a favor destas modificacións pero imos a lembrar un par de cousas, primeiro que se fai con recursos do patrimonio municipal do solo a favor, moi ben, pero tamén compre lembrar que ese patrimonio municipal do solo ten a finalidade de obter reservas de solo para actuacións de iniciativa pública, contribuír á regulación do mercado do solo, intervir no mercado do solo e facilitar a execución da ordenación e tense que destinar a construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública, conservación e mellora do ambiente, medio rural e patrimonio cultural, creación de solo para o exercicio de actividades empresariais.

Tamén si para pagar indemnizacións e xustos prezos por actuacións urbanísticas pero quitando iso está por ver que o Concello de Vigo adique o seu PMS para actividades empresariais, para conservar ou mellorar o ambiente ou o patrimonio natural, está por ver.

Na área de urbanismo estamos acostumados a asuntos de trámite e a acudir a ordenacións provisionais e modificacións de crédito, ordenacións provisionais que non son outra que abrir pois a caixa dos primeiros auxilios da Xunta de Galicia, imos facer unha ordenación provisional para poder facer o que non podemos doutra maneira, son a respiración asistida que ten o urbanismo neste Concello que cada vez que se acollen a ela pois amosan a súa incapacidade, pronto veremos neste Pleno outra máis. En segundo lugar, lembrarlle tamén que sen PXOM non

haberá solo empresarial nin xestión do solo, nin modelo de cidade, nin posibilidade de crecer, e lle lembramos tamén que o Sr. Alcalde prometeu e dixo que ía presentar a finais deste mes que estamos a día 27, queda mañá ou pasado, pois se o van a presentar o sábado avisen para ir facendo sito na senda porque presentación tamén haberala que presentar no Pleno por iso digo o día 30 é sábado, xa sabemos por onde van os tiros pero se nos din cando van a presentar no Concello, nós presentaremos, faremos un sitio na senda e nada máis, con isto remato a miña intervención, como digo imos a votar a favor da modificación orzamentaria porque hai que cumprir como digo coas nosas obrigas, non só cando nos obrigan os tribunais.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Só por facer algunha aclaración, digamos a notificación do xulgado de primeira instancia número 2 de Vigo ao concello de Vigo se produce o día 30 de setembro do ano 2019, polo tanto se comeza un expediente administrativo para poder tramitar esta modificación de crédito, polo tanto, sinceramente é que non deu tempo a achegarse antes a esta modificación de crédito, por outra banda lles lembro que no Concello de Vigo traballamos 365 días, é dicir, ata o 31 de decembro se traballa no Concello de Vigo, isto non é como a Xunta de Galicia onde no mes de outubro se pechaba o orzamento e xa non se pagaba unha factura máis, non, pechábalo ti no teu goberno, no que ti participabas non no que participei, eu polo tanto, para ter clara cales son as cousas e ao mellor pois poñerlle, lembrarlle a cada un como foi a tramitación lle lembro que na Cidade da Xustiza, na expropiación da Cidade da Xustiza este goberno municipal intentou por tódolos medios que non tivera que gastar 3 millóns de euros dos vigueses/as para facer unha expropiación que debería abordar a Xunta de Galicia pero ante a imposibilidade de que a Xunta de Galicia investira un euro máis que no cemento, pois entón o Concello de Vigo abordou a expropiación da cidade da Xustiza e logo tomouse a decisión de cambiar ese proxecto e o Concello de Vigo pensando que era unha boa idea sumouse a esa iniciativa de cambiar ese proxecto pero os custes que asumimos os vigueses/as, eses 3 millóns de euros ninguén o compensou, máis pola contra, cando o Concello de Vigo buscou unha alternativa para eses terreos para destinalos a biblioteca do Estado, unha infraestrutura pola que levamos moitos anos esperando, somos a única cidade que

non ten biblioteca do Estado das do noso tamaño, a Xunta de Galicia opúxose dixo que o mellor era reformar aqueles edificios que non valían, que chegaron os técnicos do ministerio para dicir que non valían e que eran moito mellor que facer unha biblioteca do Estado digna para os vigueses/as. Polo tanto, niso é no que estamos a traballar, mire, o Alcalde de Vigo dixo que este mes o equipo redactor do Plan Xeral entregaría o borrador e o documento inicial estratéxico para iniciar a tramitación, e eu onte mesmo na Xerencia de Urbanismo lle advertín que os técnicos municipais terían que ver e comprobar a integridade documental dese documento para que puideramos tramitalo pero a partir de agora comezarán as reunións para dar a coñecer ese documento como non podería ser doutro xeito. Polo tanto, tranquilícense vostedes e iso si, estas expropiacións obviamente a finalidade do patrimonio municipal do solo está clara e vaise cumprir, eu non sei que fala de mal negocio algún no patrimonio municipal, aquí de negocio nada, cumprimento da legalidade e dos intereses públicos do investimento do patrimonio municipal do solo.

Non fale vostede de vostede.

PRESIDENCIA: Sra. Caride rematou o seu tempo e ten razón, hai xente a que eu de verdade creo que é mellor non contestarlle porque cando fala se retracta porque se miran nun espello e din aquilo que miran e se miran a eles e a elas mesmas. Sra. Caride, non entre de verdade, eu a entendo, ten vostede razón pero hai xente que se mira no espello e logo cuestiona a outros pero o que está no espello son eles e elas. Así que, volto a dicir, Sr Marnotes tranquilo, imos facer que o espírito do Nadal, debatamos con respecto, con tranquilidade e silencio, eu creo que é mellor, de verdade, non entrar en algunhas cousas.

*(Preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do Alcalde-Presidente)*

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga,

Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar inicialmente o crédito extraordinario por importe total de 1.678.869,37 euros (modificación nº 06/2019 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado mediante a aplicación do remanente líquido de tesourería afectado, conforme ao expresado neste informe-proposta.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

### **MOCIÓNS:**

**5(209).- MOCIÓN DO MEMBRO NON ADSCRITO DA CORPORACIÓN EN OPOSICIÓN AOS RECHEOS E POLO DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL DO PORTO DE VIGO. REXISTRO PLENO 2245/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de novembro de 2019, número 12245/1101, o concelleiro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

-

## MOCIÓN

### *“EN OPOSICIÓN AOS RECHEOS E POLO DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL DO PORTO DE VIGO*

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Autoridade Portuaria de Vigo está elaborando os documentos nos que se deseñan novos aterrados na ría de Vigo coa escusa da necesidade de acadar máis superficie para desenvolver a actividade portuaria, obras estas que afectarían negativamente aos sectores do mar (pesca artesanal, marisqueo, mexilloeiros, etc), turismo e á calidade ambiental da ría e os seus habitantes.

Os terreos gañados ó mar na liña costeira do concello de Vigo, ata o momento, equivalen a 3.200.000 m<sup>2</sup> dos que só unha parte está dedicada a usos portuarios, estando o resto integrados na trama urbana da cidade ó ser vendidos para a construción de edificacións privadas ou espazos públicos.

Para que o porto de Vigo siga sendo competitivo e poida mellorar a súa actividade non é preciso seguir ocupando a lámina de auga con novos recheos, máis ben compre poñer en funcionamento o porto seco de Salvaterra-As Neves (PLISAN) cunha liña de ferrocarril que axilice o tránsito de mercadorías entre ambas plataformas portuarias, que potencie o desenvolvemento industrial da provincia de Pontevedra conectando os demais polígonos do interior e modernizando a liña que nos conecta con Ourense polo Miño.

A proposta de aterramento por parte da autoridade portuaria de Vigo de 65.000 m<sup>2</sup> en Bouzas e outro no Areal de 50.000 m<sup>2</sup> é a máis prexudicial e depredadora que se poida adoptar cando do que se trata é de explotar os recursos naturais de forma racional e sostible. Este modelo de enxeñería pensabamos que estaba desbotada xa que se utilizaron recentemente para a ampliación do porto outras solucións menos agresivas, como a do peirao do Areal por medio de pilotes que non obstaculizan a dinámica das correntes mariñas.

Lamentablemente os actuais responsables da Autoridade Portuaria de Vigo non mostran o respecto nin o interese debido na protección dun medio tan singular como é a ría de Vigo que debería de ser un modelo de conservación e potenciación dos recursos mariños e da economía que deles se deriva dada a súa excelencia. No historial do porto de Vigo quedou constancia de que cada ampliación sobre a lámina e auga favorece a liberación dos terreos gañados anteriormente para ser destinados a usos que non corresponden á actividade portuaria. Non é lícito o uso da forza institucional para o logro de rendibilidades curtopracistas que hipotecan o futuro de vindeiras xeracións.

A Plataforma en Defensa da Ría de Vigo “Cíes” non se opón ao progreso sostible do porto pero si a calquera recheo sobre a ría de Vigo e o seu ámbito litoral. Antes de optar por ampliar a superficie portuaria é preciso optimizala eliminando actividades impropias xa que se ten convertido nun polígono industrial ó mesmo tempo que almacén, restaurante, oficina, sala de exposicións...etc, actividades que se poden desenvolver en calquera superficie acondicionada lonxe do borde

litoral. Por causa desta práctica depredadora téñense perdido os mellores bancos marisqueiros e de pesca ausando a perda de miles de postos de traballo e un dano irreversible á natureza.

Denunciamos publicamente a actitude da Autoridade Portuaria que agrade a ría, desoe as propostas cidadás, priva ás xentes que viven do mar, do turismo, a restauración e destrúe o valor da natureza. Un porto be de acoller unicamente as actividades que necesiten utilizar a lámina de auga tales como a carga e descarga de mercadorías, pasaxeiros, construción naval e lonxas fundamentalmente.

De acordo ao exposto, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

1.- Demandar da Autoridade Portuaria de Vigo:

1.1.- A anulación dos aterramentos anunciados publicamente (65.000 m<sup>2</sup> en Bouzas e 50.000 m<sup>2</sup> no Areal), na zona de Rande, (Duches - Regasenta), ou calquera outro no ámbito litotal da ría de Vigo.

1.2.- A posta en funcionamento do porto seco de Salvaterra-As Neves (PLISAN) cunha liña de ferrocarril que axilice o tránsito de mercadorías entre ambas plataformas portuarias que potencie o desenvolvemento industrial da provincia de Pontevedra e conecte os demais polígonos do interior modernizando a liña que nos conecta con Ourense polo Miño.

1.3.- Que se proceda á optimización das superficies da plataforma portuaria eliminando actividades impropias do porto desprazándoas aos polígonos ou ámbitos apropiados fóra do recinto portuario.

2.- Que a representación do Concello de Vigo no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo demande o cumprimento dos acordos plenarios aprobados.

3.- Dar traslado deste acordo á Autoridade Portuaria de Vigo, Ministerio de Transición Ecolóxica, Ministerio de Fomento, Congreso dos Deputados, Parlamento de Galiza e Xunta de Galiza.”

#### DEBATE:

SR. PÉREZ IGLESIAS: Traemos unha proposta de moción que foi elaborada pola Plataforma de Defensa da Ría de Vigo que ten neste mesmo salón de Plenos varios dos seus representantes, vivimos nunha cidade que xa lle gañou algo máis de 3.200.000 metros cadrados ao mar e por iso nós dicimos que o tempo do recheos ten que acabar, que non podemos continuar a cementar un ecosistema tan valioso e un motor de riqueza en tódolos ámbitos como é a ría de Vigo e por iso diante dos

anuncios reiterados de novos recheos para ampliación da terminal de Bouzas, no Areal, o recheo que tamén se quere materializar nas inmediacións da lonxa do Berbés, o recheo nas inmediacións de Rande nós dicimos que o Concello de Vigo ten que tomar unha posición firme, clara de rexeitamento diante destes proxectos que constitúen unha clara agresión ambiental, pero son tamén ademais dunha agresión ambiental expresión dunha planificación absolutamente irracional da actividade portuaria, en primeiro lugar porque o Porto de Vigo carece dunha delimitación de usos e espazos portuarios en vigor, carece dun plan espacial e polo tanto carece de instrumentos necesarios para planificar adecuadamente a utilización da superficie portuaria que nós dicimos que só pode estar en uso para actividades que teñan haber co Porto de Vigo que neste momento non se está a garantir. Nós apostamos polo desenvolvemento do Porto como non pode ser doutra maneira, pero un desenvolvemento sustentable que se concilie co estrito respecto ambiental. A prioridade para o Porto de Vigo non é seguir cementando a nosa ría, a prioridade é dotalo por exemplo de conexión ferroviaria coa terminal de Bouzas, co desenvolvemento do Porto Seco na PLISAN e polo tanto, nós, a moción que trae o Bloque Nacionalista Galego a proposta da Plataforma Defensa da Ría de Vigo o que quere é que este Concello de Vigo, que este Pleno no nome da cidade envíe unha mensaxe alta, clara e contundente á Autoridade Portuaria e ao seu presidente de que non imos consentir que se siga a ameazar á ría de Vigo con máis cemento.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos obviamente de acordo con esta moción que tamén nos foi remitida pola plataforma e ademais estamos de acordo porque non é un momento trivial para traela, todo o contrario, estamos ante un momento na que a Autoridade Portuaria quere tomar adiante unha serie de decisións no que ten que ver coa utilización da lámina de agua, no que ten que ver cos recheos pero tamén no que ten que ver coa tramitación legal destas actuacións que son absolutamente insostibles para a ría, non queremos nin pensar o que supón ese recheo no Porto de Bouzas e o que supón para a destrución xa dos bancos marisqueiros que nos quedan pero tamén o que pode significar medioambientalmente incluso para a correlación das mareas e o que ten que ver incluso con que profundicen lodos na ría que sabedes que un dos grandes perigos que ao fin acaban convertendo case inservible dende o punto de vista marisqueiro as nosas rías. Polo tanto, xa non é



unha cuestión de que o se propón ten un impacto grave no conxunto da nosa ría, senón que o propio Ministerio, o propio goberno neste caso a unha pregunta de Galicia en Común nos responde que na configuración da delimitación de espazos e usos portuarios que por certo está anulada por unha sentenza xudicial o Porto de Vigo ademais de mala xestión non sabe nin sequera levar adiante os seus plans e polo tanto son anulados sistematicamente en sede xudicial, recoñecen que non existe o sometemento previo da mesma ao trámite da avaliación ambiental estratéxica, “y que por ello se entende que la limitación de espacios y usos portuarios no son asimilables a los planes y programas”, é dicir, que a Autoridade Portuaria o que pretende é levar adiante estes recheos sen ter en conta as cuestións ambientais e ademais isto está dito polo presidente da Autoridade Portuaria sen ningún tipo de problema e para nós iso é un dos motivos, un máis que xa non digo que poidan sustentar a dimisión do presidente da Autoridade Portuaria senón que tería que sustentar o seu cese inmediato por esta e outras cuestións que poñen en risco non só ambientalmente a ría senón produtivamente e economicamente sectores tan importantes como a industria, un presidente da Autoridade Portuaria obsesionado por esnaquizar un estaleiro como Vulcano por un uso absolutamente diferente dos terreos que ocupa ou que ocupaba por desgracia o extinguido estaleiro, un presidente da Autoridade Portuaria obsesionado por dar máis espazo as empresas amigas e non facer unha delimitación seria do que son usos portuarios e do que son usos non portuarios que deberían estar fora do Porto. Polo tanto, nós seguimos a reiterarnos que o Sr. López Veiga é un inimigo do Porto de Vigo, dos sectores produtivos e primarios e un inimigo incluso da industria da nosa cidade, pero que ademais hai varias cuestións que contradín incluso algunhas destas emendas que vexo aquí propostas polo Partido Socialista entre outras cousas porque a delimitación de interacción Porto-Cidade debería de clarificarse a través da redacción dun novo convenio que sistematicamente non se quere abordar, non temos claro aínda cales son os terreos que son do Porto, da cidade, citamos un convenio de Abrir Vigo ao Mar, pois fagamos un novo convenio, avancemos como están a facer outros portos en cales son as partes do Porto que se ceden as cidades e quen a responsabilidade do mantemento ou da construción de infraestruturas e avancemos nesa cuestión porque aí tamén resolveríamos unha cuestión como é o Paseo de Bouzas, eu escoitei ao Alcalde falar abertamente

da cesión do espazo que ocupa o Paseo de Bouzas cando unha delimitación da costa marítima destas características non pode ser cedida, en todo caso pode ser concesionada e para ser concesionada tería que haber un proxecto presentado, como calquera concesión administrativa, que permitira tomar a decisión desa concesión ao tempo da concesión e as características, isto é unha enésima saída aloucada e unha fuxida cara adiante dunha Autoridade Portuaria de Vigo, da igual a cor política, sempre é máis recheos, máis espazos en vez de reordenar, en vez de dicirle a algunhas empresas que non pode estar no Porto porque non teñen actividade portuaria e polo tanto, non deberían estar, pero claro estamos nunha cidade onde ata se propuxo nalgunha ocasión poñer hoteis no Porto ou poñer centros comerciais no Porto cando iso é unha actividade que está perfectamente pola Lei de Portos prohibida nos espazos portuarios, polo tanto, creo que é bo que veñan estas mocións, que os vigueses/as saiban que mal se xestiona a lámina de auga Vigo, que mal se xestiona un patrimonio de tódolos vigueses/as que leva dando traballo e riqueza durante ducias e ducias de anos e que a xente saiba que é unha agresión ambiental máis por desgracia pode estar avalada por incluso non sometela a avaliación ambiental estratéxica non seu trámite de delimitación de usos portuarios.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Nós estamos en contra dos recheos con carácter xeral ou de xeito indiscriminado, e dende logo do que estamos en contra é de facer unha torre de 90 metros, de prolongar a rúa Colón ata o mar, de facer unha ampliación de tres veces do peirao de cruceiros, nós estamos en contra dos recheos con carácter xeral ou de xeito indiscriminado pero non podemos negar unha realidade, o porto está aí, é unha necesidade esencial para o desenvolvemento da cidade e se hai necesidades haberá que poñelas enriba da mesa e buscar solucións como xa se fixo noutras ocasións. Hai que ver se é preciso ampliar a liña de atraque de cruceiros e como se fai, que non se terá que facer con recheos, que terá que facerse doutra maneira ou a terminal Ro-Ro de Bouzas que converter a escolleira de Bouzas nun peirao iso é unha vella teima do Presidente da Autoridade Portuaria, non leva un recheo parece razoable é unha solución que xa se puxo de manifesto no pasado e que haberá que abordar, pois o ferrocarril xa chega á PLISAN, o ferrocarril xa estaba aí antes de que estivera a PLISAN que é

unha liña a de Vigo-Ourense, a da beira do Miño, imos a ver se prevé aí un apeadoiro para convoyes de máis de 750 metros e farase e efectivamente a PLISAN está ben pero non ten atraque, que imos facer o atraque está aquí diante da cidade.

Nós cremos que esta é unha moción preventiva na que se están marcando liñas vermellas, entendemos que é prematura e sabemos que a lexislación medioambiental hoxe é dura, moito máis que hai cinco anos e que os requisitos que se esixen agora impedirán que se fagan infraestruturas, que se produzan danos medioambientais, nós si cremos que efectivamente a tramitación ambiental deses proxectos o que levará consigo é que sexan viables efectivamente e que sexan compatibles coas actividades económicas da pesca, do marisqueo e coa riqueza ecolóxica que ten a ría, estamos seguros que esa tramitación ambiental o garantirá. Así que temos que ver que é primeiro o que quere o Porto, que é o que necesitan as empresas que operan no Porto a quen non lle podemos dar as costas porque non podemos causarlle dano á economía da cidade, o que hai que facer é un equilibrio intelixente, non marcar liñas vermellas nin facer posicionamentos maximalistas, temos que ver os asuntos con moito coidado, cando se presenten a deixar os técnicos e a avaliación ambiental que se faga, hai que facer un equilibrio intelixente digo para atender ás necesidades do Porto, das súas empresas, isto é o que quere o presidente como estou seguro que querían os anteriores que tiñan medidas razoables, como digo. Se os proxectos son razoables haberá que escoitar, que ver cales son eses proxectos, que impacto ambiental teñen, que necesidades se van a cumprir e facer unha valoración desas necesidades, nós non imos permanecer alleos ao que se faga no Porto, nin lóxicamente o Porto porque a lexislación non o permite hoxe en día, ten carta branca para facer o que queira, o Concello está aquí e a tramitación ambiental está tamén, pero estas posicións “a priori” de marcar liñas vermellas non polo non, non pode ser, imos a ver, iso con carácter xeral os recheos non se deben facer, non se deben facer de xeito indiscriminado pero temos que ver o que propón o Porto.

SR. LÓPEZ FONT: O Sr. Caballero foi presidente do Porto de Vigo por espazo de dous anos, de case dous anos, nese corto período para o que significa a xestión dunha institución tan importante pretendeu un cambio radical na xestión, o plan

de usos como eixe central debía adecuarse á realidade das empresas, á realidade portuaria pero tamén á realidade da interacción do porto-cidade porque esa política era absolutamente necesaria compartido como dicía coa actividade portuaria, todo aquilo se concretou nun Plan Nouvel, cando o Sr. Marnotes fala de edificios altos debe de estar pensando no do seu socio o Sr. Jácome en Ourense. Este ambicioso Plan Nouvel que debía de formar parte dunha estratexia conxunta do goberno do estado e da Xunta de Galicia, como fixeron outras cidade con tanto éxito e que cambiaron de forma tan radical, obsoletas estruturas do pasado e que tamén deron nesas cidades un protagonismo ao ámbito cidadá. O que pasa é que o Plan Nouvel foi abandonado coa chegada do Sr. Feijóo ao goberno no ano 2009, e evidentemente foi unha oportunidade perdida, pero situémonos no día de hoxe e no tempo de hoxe, como queira que por parte do Porto de Vigo e do seu presidente vense a propoñer novas actuacións, é hora de marcar a orientación e entendemos que corresponde a este Pleno, é certo, posicionarse pero posicionarse polas cuestións fundamentais e marcalas con nitidez, se falamos de recheos hai que falar de recheos non facer unha moción que parece un programa electoral e que dende logo nalgunha cuestión peca claramente de pretenciosa, polo tanto, teremos que falar en contra dos recheos como dicimos nós na nosa emenda con carácter xeral, porque comprobei con certa sorpresa que na moción se avalan os recheos pola vía de pilotes que sempre se estivo en contra pero esta é outra cuestión. Polo tanto, se hai que posicionarse sobre recheos, se hai que posicionarse sobre a interacción porto cidade, hai que facelo pero hai que manifestarse de forma expresa, por iso nós, vaimos a permitir o concelleiro non adscrito, que presentemos esta emenda de substitución “in voce” porque cremos que recolle o que realmente se debe propoñer neste momento. Primeiro, sobre actuacións das que aínda non coñecemos o seu contido pero marcando as liñas que realmente debemos de ter en conta, e polo tanto aquí é onde o Alcalde manifestou claramente que está en contra dos recheos como norma xeral, que debe de propoñerse no plan coñecido como Plan de Usos do Porto o equilibrio entre a actividade portuaria e o que debe de ser esa interacción porto-cidade. Quero lembrar, en relación coas alusións a determinados convenios e a determinadas situacións que por exemplo o convenio relativo a Bouzas xa está presentado hai uns meses, polo tanto, nós imos a seguir reivindicando o mesmo e

claramente a posición que manifestou o Alcalde e cremos que na emenda que presentamos “in voce” de substitución se abarca todo aquilo que se lle debe propoñer ao Porto. No primeiro apartado propoñemos que calquera nova actuación que o Porto queira propoñer debe de vir precedida inexcusablemente da correspondente declaración de impacto medio ambiental rigorosa e tamén dun estudio de reubicación de espazos, non se poden utilizar figuras como as de que o custe sexa inferior aos 3 millóns de euros, no segundo apartado propoñemos que o Porto de Vigo necesita porque estaba no Plan Nouvel e porque así se debe de recoñecer, necesita liñas de atraque pero non de recheos e hai que dicilo expresamente e que as actuacións deben orientarse nesa dirección, propoñemos que o Plan de Usos recolla, que actualmente está en elaboración, esa interacción entre o Porto e a cidade e como dicía ao principio como norma xeral porque hai que explicitalo así, o rexeitamento aos recheos como norma xeral.

PRESIDENCIA: Si é posible sinale se acepta a emenda.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Xa que comezamos por esa cuestión en todo caso clarexar que isto non é unha emenda “in voce” de conformidade co artigo 55 do Regulamento orgánico do Pleno, a obrigatoriedade de rexistralos previamente non foi decisións deste concelleiro, clarexen coa presidencia non a deste Pleno cal é o criterio pero isto non é unha emenda “in voce” porque di o Regulamento que ten que ser unha transaccional entre a proposta da moción e as emendas xa presentadas. En todo caso nós non imos a aceptar esa proposta porque supoñía a substitución de toda a parte dispositiva e polo tanto, cambiarlle o sentido da moción. Pero claréxense, insisto, o grupo Socialista se van a permitir que volvamos ao que se facía sempre que é poder presentar as emendas na propia sesión plenaria. Por último sobre a intervención do Partido Popular, efectivamente do que se trata é de trazar unha liña vermella que diga en nome da cidade que non podemos seguir cementando a nosa ría e o que desenvolvemento do Porto de Vigo ten que ser racional e sustentable en termos ambientais, que non todo vale e esa é a liña vermella a que parece que o Partido Popular se quere opoñer.

PRESIDENCIA: Entendendo con claridade que non se acepta a emenda se vota a moción nos seus propios termos.

*(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do seu titular)*

VOTACIÓN: Con tres votos a favor do membro non adscrito Sr. Pérez Igexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.11.2019 (Rex. Nº 2245/1101), polo concelleiro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**6(210).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ADQUISICIÓN DA PROPIEDAD SITA EN PEÑASCO 5 E PRESENTACIÓN DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN, ASÍ COMO O MODIFICADO DO PROXECTO DO ALBERGUE E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2257/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de novembro de 2019, número 2257/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“Os problemas de estabilidade acontecidos na edificación existente en Praza Peñasco 5 levaron o Concello de Vigo o desafiuzamento das vivendas colindantes situadas en Praza Peñasco 3 e Ribeira do Berbés 9. Deste xeito o luns pola tarde, 3 persoas foron desaloxadas das súas vivendas e ambas edificacións foron precintadas pola policía local. Un dos veciños afectados foi trasladado o Hotel Bahía, mentres os outras dúas persoas afectadas se trasladaron a vivendas de familiares ou amigos.

Os feitos acontecidos comezan ca execución das obras situadas en Praza Peñasco 7 e 9 e Ribeira do Berbés 5 que, contratadas pola Xunta de Galicia, teñen como obxectivo a construción dun albergue de peregrinos. No proceso de baleirado da edificación da Praza Peñasco 7 e 9 e aínda que o proxecto orixinal contemplaba a utilización da medianeira entre Peñasco 7 e 5 como apoio da estrutura do albergue, produciuse a caída dunha da parte posterior da edificación situada en Peñasco 5, xusto a carón da obra da Xunta. Os graves problemas de estabilidade levaron o concello de Vigo a ordenar o inmediato baleirado da edificación e a adopción das medidas oportunas de xeito coordinado entre Peñasco 7 e 9 e Peñasco 5, advertindo que de non comezar ditas obras en menos de 24 horas, o concello de Vigo as executaría de forma subsidiaria.

A urxencia das accións instadas polo Concello foron, primar a seguridade dos veciños e veciñas evitando as achegas as zonas afectadas e desaloxando os colindantes, evitar a posible caída sen control das estruturas afectadas co risco evidente de afectar as edificacións próximas instando a propiedade o baleirado inmediato de Peñasco 5.

Una vez resolta a emerxencia e a espera da confirmación da estabilidade das edificacións próximas, procederáse a levar as cautelas, sempre que sexa seguro.

Pero mais aló da emerxencia actual, compre tomar decisións que faciliten a rehabilitación destas edificacións protexidas. Neste senso dado que esta situación se produce en unha praza con difícil accesibilidade, nunha parcela ou mazá cunha notable diferenza de cota, dado que a Xunta de Galicia debe reformar o proxecto de albergue o cambiar parte da estrutura prevista, e que a edificación de Peñasco 5 é unha construción protexida por Patrimonio creemos imprescindible que a Xunta de Galicia merque a propiedade situada en Peñasco 5, realice un proxecto de rehabilitación conxuntamente co modificado do proxecto do albergue e reconstrúa Peñasco 5 o tempo que constrúe o albergue.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

-

Instar á Xunta de Galicia a adquisición da propiedade situada en Peñasco 5, a presentación do proxecto de rehabilitación de Peñasco 5 e o modificado do proxecto do albergue e a rehabilitación e construción simultánea de Peñasco 5, 7 e 9 e Ribeira do Berbés 5.”

#### DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Como ben saben a pasada semana pois aconteceu digamos na execución dunha obra que se está a executar no Casco Vello pois algunhas consecuencias derivadas sobre as edificacións colindantes que obrigaron a accións por parte deste Concello para garantir a seguridade dos veciños/as do Casco Vello, en particular como ben coñecen vostedes o Consorcio do Casco Vello era propietario duns terreos situados en Berbés 5, rúa Peñasco 7 e 9, terreos que forman unha parcela que está unida, tanto no fronte do Berbés e que da a parte de atrás á praza que está situada detrás do Berbés que é a praza Peñasco, de tal xeito que constituían unha unidade de dúas actuacións que están colindantes unha coa outra, o Consorcio cedeu á Xunta de Galicia eses terreos para a construción do Albergue de Peregrinos, na execución desa obra había que facer un vaciado desas construcións iniciais e no proceso de vaciado pois a edificación que estaba situada ao carón e especialmente a situada en Peñasco número 5 comezou a ter problemas, problemas de estabilidade que levaron a unha alarmante situación desa edificación, ante esta situación de falla de estabilidade de construción situada en Peñasco número 5 e ante a posible incidencia da caída sen control desa edificación situada en Peñasco 5 sobre as edificacións colindantes, en particular sobre Peñasco 3 e Berbés 9, tomouse a decisión de proceder ao desaloxo desas edificacións para garantir que ningún problema podería acontecer sobre as persoas que alí residen porque o primeiro e máis básico é a seguridade dos residentes nesas edificacións. De tal xeito que funcionarios da Xerencia de Urbanismo do mesmo xeito que a Policía Local se personaron nesas edificacións para promover o peche das mesmas, o desaloxo, a recolocación das persoas que vivían nesas edificacións ou ben nun aloxamento provisional ou ben en casas de familiares ou amigos e así estivemos practicamente ata esta semana onde agora si, pois sobre todo os cidadáns de Berbés 9 xa poden volver as súas casas e os cidadáns de Peñasco 3 farano nos próximos días porque Peñasco 5 xa foi valeira,



eliminada, pero aquí non estamos para buscar quen é o responsable do acontecido nesa obra nin para asignar responsabilidades, máis ben estamos para pensar no futuro e esta moción ten esa finalidade fundamental. A praza Peñasco ten unha accesibilidade difícil e polo mesmo como ben coñecen na orografía de Vigo, a diferenza de cota entre o Berbés a praza Peñasco é moi elevada de modo que practicamente a planta baixa de Peñasco é a planta terceira da rúa do Berbés, polo tanto, acceder á reconstrución da vivenda situada en Peñasco 5 dende a propia praza do Peñasco, único lugar onde se pode acceder se non existe unha colaboración cos colindantes é francamente difícil e esa vivenda situada en Peñasco 5 é unha vivenda catalogada, polo tanto, que ten un nivel de protección, polo cal, o desmotaxe da mesma levou acompañada o mantemento pois das pezas de cadeiras alí existentes para poder proceder a súa reconstrución despois. Polo tanto, dado que a única forma de reconstruír Peñasco 5 é con colaboración cos colindantes, especialmente dende o Berbés e como tamén o proxecto que presentou a Xunta de Galicia para o Albergue de peregrinos é un proxecto que tiña como base construtiva apoiarse na medianeira do edificio que hoxe xa non existe en Peñasco 5, entendemos que é unha boa oportunidade para intentar entre todos resolver unha situación que de feito se non facemos algo terá difícil solución no futuro polo tanto, o que instamos é que a Xunta de Galicia merque a propiedade situada en Peñasco 5 e ademais presente un proxecto de rehabilitación desa propiedade do mesmo xeito que ten que presentar un proxecto modificado do Albergue dado que a forma como dicía de construír o mesmo ten que cambiar. Polo tanto, unha iniciativa que máis alá de mirar cara atrás o que quere é mirar cara adiante e solventar un problema, rehabilitar esa zona e proceder como dicía a posta en valor dunha peza singular moi descoñecida que é a praza do Peñasco.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Ben efectivamente como sinalaba a concelleira do grupo Socialista o prioritario ante a situación que se produciu era e é asegurar a plena seguridade e nese sentido nós dende o Bloque Nacionalista Galego queremos recoñecer a boa resposta dos servizos urbanísticos que actuaron con dilixencia para evitar calquera tipo de maior efecto desa situación que se produciu e asegurada, mantida a seguridade agora o que corresponde é buscar unha solución en clave de futuro e diante da situación creada nos entendemos e compartimos

que a mellor solución é a que se propón na moción do grupo Socialista que vai contar co voto a prol do Bloque Nacionalista Galego. Dito isto, como son o primeiro en abrir a quenda de debate quería facer un apelo á responsabilidade política e institucional e a ver se somos colectivamente capaces de evitar incorrer no permanente pin, pan, pun entre o Partido Popular e o Partido Socialista, entre Xunta de Galicia e o Concello sobre un tema como este, eu non o digo, creo que a intervención que fixo a Concelleira a Sra. Caride vai nun ton correcto pero eu creo que era bo e daría tamén unha mensaxe de certa calidade política deste Pleno, pois que nunha cuestión que é evidente intentáramos actuar tamén coa máxima responsabilidade institucional porque xa estivemos escoitando estes días que agora a discusión é a ver quen o paga, como se paga, se se paga só por parte da Xunta de Galicia se se imputa unha parte de cofinanciamento ao Consorcio porque tamén paga o Concello ou a saber a través de que mecanismo fuximos de facer do que é evidente que hai que facer que é o que se propón nesta moción que é contar co noso apoio.

SR. PÉREZ CORREA: Eu sei que no imaxinario do Partido Socialista ver isto que imos a explicar seguramente non é igual, pero para nós as mocións son como os linceos hai moi poucas e polo tanto, cando un grupo municipal só ten unha moción para levar ao Pleno, como o noso caso e o caso do Bloque Nacionalista Galego, que teñan en conta que para nós é algo moi escaso, vostedes é certo que teñen 5 mocións, ás veces veñen con 5 outras con 4 ou as veces na anterior lexislatura incluso cun unha ou dúas, e esta moción está aquí que nós estamos completamente de acordo, como non imos a estar completamente de acordo se se fala dunha cuestión ademais moi ben explicada pola Concelleira de Urbanismo, pero que esta moción está aquí é exclusivamente porque o promotor é a Xunta de Galicia e non inmobiliaria "Paquito", se este muro se caera nunha actuación que non fora a Xunta de Galicia esta moción non estaba aquí porque caeron medianeiras en obras públicas de rehabilitación no concello de Vigo a pares, e moitas delas tamén no Casco histórico, estamos de acordo e tamén nos gustaría que ao mellor a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo que teñen unha cousa que se chama Consorcio do Casco Vello pois funcionará dunha maneira illada que se vai facendo unha rehabilitación aquí, unha pequena promoción e fixéremos unha

rehabilitación integral pensando nos barrios e nos núcleos do Casco Vello porque calquera persoa hoxe en día que pase polo Casco Vello ve que hai rehabilitacións dun edificio cunha ruína ao seu carón, cremos que iso ademais nos fai votar en falla pois aqueles plans urbanos dos anos 90, incluso as rehabilitacións de cascos históricos que fan outros concellos e outros países, eu sempre poño o caso do Concello de Oporto pero que foi unha rehabilitación do Casco histórico de Oporto absolutamente efectiva e singular, pois claro se van facendo rehabilitacións moitas delas privadas outras do Consorcio e se rehabilita un edificio, por certo, moitos deles a rehabilitación acaban sendo pisos turísticos que algún día teremos que falar do que está a pasar no Casco Vello cos pisos turísticos e con esa progresiva rehabilitación que vendemos como unha rehabilitación positiva pero cando se rehabilita un edificio para sometelo á consideración de piso turístico o que estamos facendo é unha cousa totalmente diferente, estamos de acordo nesta cuestión e se compra a mazán completa e somos capaces de rehabilitar a mazá completa e ademais do albergue de peregrinos somos capaces de dotalo de algún servizo que permita fixar poboación ao Casco Vello tamén estaríamos de acordo, pero claro, veñen aquí cunha solución e eu digo isto era un edificio para min que tiña que estar nun rexistro de edificios en ruínas e que polo tanto, a declaración de ruína tena, pero é bo que vaimos collendo os edificios que por algún motivo, non sabemos moi ben, quedan no limbo, os metamos no rexistro que está habilitado e que non se poida ter un edificio abandonado ou en ruína no Casco Vello non só este senón a totalidade dos edificios porque buscaríamos unha maneira de expropiación pública e unha maneira de ir dotándonos doutro tipo de vivenda no Casco Vello si que ademais, calquera persoa que pase polo Casco Vello e observara a obra non era nin medio normal que o proxecto non incluíra o número 5, precisamente por esta cambio de cota e precisamente porque compartía unha medianeira que xa non existe, polo tanto agora non queda outra e ademais, polo menos, pola información que deu a Delegación da Xunta de Galicia se tomou xa contacto cos propietarios e supoño que non haberá ningún problema en que esta moción estea acordada por tódolos grupos e tamén que os propietarios vexan que é unha Corporación ao completo que lle están a pedir a venda deste inmovible para poder acometer a rehabilitación integral dos edificios afectados.

SR. GONZÁLEZ CASTILLO: Vostedes instan á Xunta de Galicia a comprar os edificios colindantes a Peñasco 5, edificio do Casco Vello vigués no que houbo desprendementos, clarexemos o que vostedes traen aquí hai semanas que se lle ofreceu ao propietarios do Berbés 9, un dos edificios colindantes, a adquisición da propiedade por parte do Consorcio do Casco Vello de Vigo integrado 90% pola Xunta de Galicia, 10% polo Concello, un ofrecemento que se lles volveu a reiterar. En canto a Peñasco 5 o inmovible no que se produciron os desprendementos o Consorcio mostrou á propiedade a súa disposición de adquirir o edificio, unha oferta que se lle reiterou de novo, en ambos casos o ofrecemento está feito e de forma reiterada, non houbo derrubo parcial en dous inmovibles, a afección é unicamente a un que presentaba un mal estado de conservación previo, un muro interior colapsou como consecuencia de dito estado e pola influencia das choivas das últimas semanas, hai que clarexar que as primeiras obras do albergue se fixeron hai meses sen que tivera ningunha influencia sobre edificacións colindantes, de feito a caída do muro se produciu durante a noite mentres os operarios non se atopaban traballando na zona. A obra, paralizada pola Xunta de Galicia tralo ocorrido, se está desenvolvendo con normalidade e conta con tódolos permisos e licencias do Concello de Vigo, tralo ocorrido adoptáronse tódalas medidas de seguridade para garantir a seguridade dos veciños, viandantes e traballadores. Na semana pasada celebrouse xa unha reunión técnica para abordar a situación, acordouse cos propietarios as medidas urxentes necesarias para solventar esa situación, ademais, repito, o Consorcio do Casco Vello de Vigo ofreceu aos propietarios do inmovible afectado e do colindante a posibilidade de adquirir ditos inmovibles. O Consorcio quere comprar e compra, como se vai a negar a comprar, xa adquiriu 78 inmovibles, rehabilitado 106 vivendas e rehabilitado 32 locais, todas esas melloras que se ven no Casco Vello son os 40 millóns investidos da Xunta de Galicia ou o Casco Vello se rehabilitou só. De cada 10 euros, 9 ponnos a Xunta de Galicia, o que pasa que o Consorcio non pode comprar por varios motivos, primeiro, porque os propietarios non queren vender, dous, polo prezo excesivo que piden os propietarios, tres porque son moitos propietarios e non se localizan, catro porque hai pleito entre varios herdeiros e cinco, porque de tódolos propietarios igual un non quere vender.

O problema que ten o Consorcio do Casco Vello é a falla de colaboración do concello porque non tramitar o convenio de expropiación que o teñen metido nun caixón dende hai dous anos e medio, así pensan non futuro?.

Hai un expediente, un convenio co Consorcio do Casco Vello para expropiar na zona alta do Casco Vello, é un expediente que fala dos edificios que se van a expropiar, constan 5 edificios, aprobouse en xuño de 2017, dous anos e medio dende aquela metidos nun caixón e non sabemos nada dese expediente, podían estar xa rehabilitados e vivindo xente que por certo con custe cero para o Concello. Falan moito e xestionan pouco, hai que ser máis áxil e mellor xestora. Mire, outra cousa, Vigo é a cidade de España máis lenta en tramitar unha licencia e non son datos meus, son datos do Banco Mundial, os expertos do Banco Mundial da Xestión Municipal socialista di que Vigo é a peor das grandes cidades de España, tárdase 297 días para obter unha licencia para reconstruír un almacén e conectalo aos servizos públicos, en Logroño 79 días, a media nacional 172, a media da OCD 148 días, en Vigo 297 días. Vigo tarda 3 veces máis que a media de dar unha licencia, repito, escoiten, Vigo tarda 3 veces máis que a media de Portugal en dar unha licencia, son datos do Banco Mundial, non son datos meus; máis xestión e menos populismo.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Hei de recoñecer que non acabei de entender como se vai a posicionar o Partido Popular, a verdade, en calquera caso eu non acabo de entender...

PRESIDENCIA: Está no uso da palabra, a vostede ninguén o interrompeu, está agora intervindo a Sra. Caride, tranquilo.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu a verdade resulta cando menos paradóxico porque eu dixen na miña intervención non ía asignar responsabilidades e ademais sinceramente creo que non é a labor deste Pleno pero sen embargo coidado, porque alguén pon a venda antes da ferida, quere dicir polo tanto que alguén fai unha obra do Albergue de Peregrinos ao carón dunha casa que por certo nin estaba abandonada nin era unha ruína e iso si, a vivenda cae pola choiva, porque nunca choveu nesa casa nunca chovera ata agora, fíxate que casualidade que

xusto que cando quitan a vivenda que estaba ao carón para facer o Albergue de Peregrinos chega a choiva e cae a vivenda, a verdade eu quero poñer esta situación que se produce en Peñasco 5 como exemplo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, o Concello de Vigo tomou a medidas axeitadas, o Concello de Vigo trasladou á Xunta de Galicia a necesidade de que se fixera de forma coordinada a actuación entre Peñasco 7-9 e Peñasco 5 para proceder ao seu valeirado controlado e así se fixo, polo tanto a Xunta de Galicia actuou de xeito dilixente na parte que lle correspondeu unha vez que o Concello lle puxo o que tiña que facer e a partires de agora toca mirar para o futuro, entón eu a verdade estou xa un pouco farta de que en lugar de que Xunta de Galicia asuma as súas competencias sempre poñamos enriba do Consorcio a necesidade de que faga algo, miren vostedes o Consorcio se financia porque gracias a un goberno que estivo antes de que chegara o Sr. Feijóo se achegaron 30 millóns de euros a ese Consorcio e a partir deses cartos o que fai o Consorcio é, compra e vende e desa diferenza pois se segue financiando, claro, o que queren é que o Consorcio compre e que despois lle ceda á Xunta de Galicia, e claro os recursos do Consorcio cada vez son menores. Polo tanto, en aras de que o Consorcio segue facendo o seu traballo e segue tendo recursos a súa disposición para continuar ese traballo o mellor dada a situación que hoxe existe, é que a Xunta de Galicia invista, compre, rehabilite, transforme e polo tanto, aposte polo Casco Vello e eu só por un comentario, sempre estamos a mirar o ben que o fan os demais e sinceramente creo que a rehabilitación do Casco Vello de Vigo é un orgullo, que quedan cousas por facer? Está claro, pero é un orgullo, o é porque o Casco Vello de Vigo é unha área de rehabilitación integral onde os propietarios privados que queren rehabilitar a súa vivenda na oficina de Rehabilitación se lle informe e tramita as axudas correspondentes que hoxe poden chegar para maiores de 65 anos ou persoas con baixa renda ao 75% do investimento que fan, e porque o Consorcio do Casco Vello traballa, deixemos que siga traballando, demos recursos ao Consorcio do Casco Vello para que siga traballando e por favor, apoiem esta moción.

*(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do seu titular)*

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.11.2019 (Rex. Nº 2257/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**7(211).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA PARA QUE DOTE AO CENTRO DE EMERXENCIA DE VIGO DO PERSOAL CO PERFIL ADECUADO PARA ATENDER AS NECESIDADES E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO XERAL 2258/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de novembro de 2019, número 2258/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Blanco Iglesias, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“O principio de cada ano sabemos que van asasinar a unhas 70 mulleres as súas parellas ou exparellas. 70 oficiais, porque non computan as mulleres adláteres: as que son asasinadas porque estaban con elas, nais, irmás, amigas...

Os datos mundiais, segundo o especialista en violencia de xénero Miguel Llorente, amosan que a violencia criminal organizada está a diminuír, mentres que a violencia contra a muller, os feminicidios, vai en aumento.

En España temos a constatación, nos datos deste ano 2019.

No que vai de ano xa levamos 51 vítimas mortais, 1 máis que en todo o ano pasado.

As mortes de 2019 deixaron orfos a 43 menores.

Desde o ano 2003, (data na que se comeza a recopilar datos), producíronse 1.027 feminicidios, e hai 3 en investigación.

Ademais, houbo 34 menores vítimas mortais desta violencia machista nos últimos 6 anos.

A violencia machista é a primeira causa de morte prematura entre as mulleres. O machismo mata e ten que ser unha cuestión política de primeira orde. Segundo a última macroenquisa sobre violencia de xénero realizada en 2015 polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade: O 12,5% das mulleres maiores de 16 anos sufriron violencia de xénero algunha vez na súa vida.

O 64% dos fillos e fillas das vítimas presenciaron episodios de violencia.

A negación deste problema por parte de partidos como VOX, apoiados polo PP, só pode facer que esta cifra vaia en aumento.

Pero ¿que pasa coas nenas e nenos que están a medrar nun entorno de violencia machista?

Os nenos e nenas interiorizan a violencia como algo “normal”, aprenden dese modelo, e poden chegar a xustificalo.

Temos a constatación do dano producido na infancia ao comprobar que moitas persoas adultas violentas aprenderon da súa experiencia familiar.

En Vigo contamos cun Centro de Emerxencia para protexer ás vítimas e aos seus fillos e fillas. O Concello de Vigo e a Xunta de Galicia asinaron un convenio polo cal o Concello pon a infraestrutura e dotación orzamentaria do centro, e a Xunta dótao do persoal adecuado para atención das mulleres e nenas e nenos.

Neste centro detectamos un grave problema: a ausencia dunha persoa adecuada e estable, que se ocupe de que as nenas e nenos teñan unha alternativa nun mundo de xogos, de risa, de evasión dunha realidade demasiado amarga, xa que os nenos e as nenas se ven na obriga de permanecer todo o tempo coas persoas adultas, coma se fose meros apéndice das nais. As nenas e nenos teñen que ser consideradas beneficiarias directas con programas específicos que axuden a superar os seus traumas e e poidan enfrontar a vida con optimismo.

Falemos agora do punto de encontro. ¿Que dicir dos nenos e nenas, fillos de parellas separadas, que teñen a obriga de atoparse co seu proxenitor por orde do xulgado? ¿Que pasa cando o pai e a nai non se poden atopar por temor á violencia de xénero?

Hai un punto de encontro para que as mulleres se sintan seguras nestas entregas e recollidas.

¿E se o punto de encontro está pechado? ¿Que pasa entón? A realidade amósanos que a parella ten que coincidir para facer a entrega con moito perigo físico e



psicolóxico, tamén para as nenas e nenos. As entregas acostuman a facerse nun bar ou a través doutros familiares.

¿Sabem vostedes canto tempo permanece pechado o punto de encontro de Vigo?

Do 16 ao 30 de agosto

O día 25 de decembro

O día 1 de xaneiro

E todos os luns e martes do ano

Se ningún día debería estar pechado, moito menos días tan sensibles como os mencionados, xa que coincide coas vacacións dos nenos e nenas.

Sr. Feijoo, escoiteille dicir que vostede coida “as súas mulleres” e que de feminismo non hai ningunha lección que darlle. Quero dicirlle en primeiro lugar que as mulleres “non son súas”, e en segundo lugar, que as ten moi descoidadas con coñecemento de causa, porque esta é a terceira vez que desde a Concellería de Igualdade de Vigo lle solicitamos con urxencia unha persoa especializada para atender as nenas e nenos do centro de emerxencia e a apertura do punto de encontro durante todos os días do ano.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes:

ACORDOS:

Instar á Xunta de Galicia para que dote ao Centro de Emerxencia de Vigo, do persoal co perfil profesional adecuado para atender as necesidades dos nenos e nenas que alí residen.

Instar á Xunta de Galicia para que modifique o decreto que regula os Puntos de Encontro, e tome as medidas oportunas para que este servizo permaneza aberto durante todo o ano, porque a violencia de xénero non colle vacacións”

DEBATE:

SRA. BLANCO IGLESIAS: Esta moción vai sobre as crianzas, miren vostedes e tremendo pensar que cando comeza un ano xa sabemos que ese ano vai a rematar con unhas 70 mulleres asasinadas polas súas parellas ou exparellas, 70 mulleres oficiais, a cifra, porque non conta as “ad láteres”, as que morren por estar a súa beira, a irmá, a súa cuñada, a sogra, a filla, etc. porque se contamos todo iso hoxe xa non serían 52 as asasinadas senón que serían 93. Sabemos que a violencia machista é a primeira causa de morte prematura entre as mulleres e ten que ser unha cuestión política de primeira orde. Segundo a última macro enquisa sobre violencia de xénero realiza en 2015 polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e

Igualdade, o 12,5% das mulleres maiores de 16 anos sufriron violencia de xénero algunha vez na súa vida, e o 64% dos fillos/as das vítimas presenciaron episodios de violencia, a negación deste problema por parte de partidos como VOX, apoiados en numerosas ocasións polo Partido Popular so pode facer que esta cifra vaia en aumento, pero falemos agora das crianzas, sabemos que nos últimos seis anos o pai ou a exparella da muller matou a 34 crianzas, nos últimos seis anos, 34, pero só este ano temos 43 novos orfos/as e que pasa cos nenos que se crían nun ambiente que están vendo a violencia familiar? Pois pasa que o viven con normalidade, quere dicir que o seu modelo vai ser seguramente un pai maltratador do que van aprender e problamente tamén van a aprender a xustificación desa violencia porque o ven na nai e se isto non se traballa cos nenos/as para colocalo ben cunha psicóloga experta no tema, que pasa, pois que cando son maiores está comprobado e constatado que asasinos de maiores que incluso chegaron á violencia máxima que poidamos considerar que é matarlle os fillos á muller para facela sufrir, foron tamén eles vítimas de violencia na infancia.

En Vigo contamos cun Centro de Emerxencia para protexer as vítimas e aos seu fillos pois da violencia que na súa casa pois derivaría seguramente nunha morte, entón este centro de emerxencia é un convenio que temos coa Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia pon o persoal e o Concello pon toda a infraestrutura, a casa, etc, logo temos tres pisos etc., pois esta é a terceira vez que nun Pleno, a parte das mesas grandes de negociación eu sempre pido por favor unha psicóloga ou unha profesional experta para que estea cos nenos/as que están alí porque créanme, eu vou algunha que outra vez a tomar café alí con elas non, e mo piden todas, pero é evidente porque chegan alí e os nenos están como un apéndice das nais e de que falan estas mulleres, pois podémolo imaxinar. É necesaria unha persoa que os saque dese entorno e que entre con eles nun mundo de xogo, de fantasía, de risa, nun mundo onde eles poidan medrar pois dun xeito tranquilo. Polo tanto, a Xunta de Galicia que é a encargada do persoal ten que poñer esta persoa, e pídolle por favor que esteamos todos de acordo nisto, e logo detectamos outro grado de problema con respecto aos menores vítimas de violencia que é os puntos de encontro, os puntos de encontro que non son nada bonitos, que están nas aforas da cidade, que están nun lugar escuro, que son en si mesmo da medo ir ata alí, pois que pasa? Que son lugares que resulta que cando a Xunta de Galicia contrata

cunha empresa xa as bases que a Xunta de Galicia pon, decreta varios días de vacacións ao ano, por exemplo do 16 ao 30 agosto o punto está pechado por vacacións, fíxense vostedes que é unha data moi sensible porque é unha data de vacacións escolares e estanse intercambiando nenos continuamente, o 25 de decembro pecha, o 1 de xaneiro pecha e todos os luns e martes de todo o ano tamén pecha e ademais as propias traballadoras do centro pois non se atopan nada seguras porque aparecen nas paredes unhas pintadas denigrantes que non quero reproducir a palabra aquí, contra as 4 traballadores que están aquí no punto de encontro de Vigo. Entón nós solicitamos á Xunta de Galicia que cambie as bases para contratar á empresa, que saiba que ten que ter aberto tódolos días do ano.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende o Bloque Nacionalista Galego concordamos coa moción nos seus dous acordos, en todo caso presentamos unha emenda de engádega para que alén de pedir efectivamente que se dote o centro de emerxencia do persoal para atender debidamente as crianzas que a maiores sexa tamén reforzar no seu conxunto o cadro de persoal co que está dotado o centro, apostando por un equipo multidisciplinar que poida prestar unha atención integral ás necesidades das mulleres en tódolos ámbitos porque hai algunhas carencias máis, non, das que poderíamos falar como é a carencia dun servizo de orientación laboral específico, etc., en todo caso é unha emenda en positivo, que nos queremos en todo caso para reforzar e vai no mesmo sentido que a proposta que fai o grupo Socialista.

Nós dicimos tamén unha cuestión concelleira, se a Xunta de Galicia non o fai, que non teñamos que esperar a volver a traelo ao Pleno, que o asuma aínda que sexa de maneira transitoria o Concello de Vigo, o que non nos podemos permitir como cidade é que teñamos crianzas sen atender no Centro de Emerxencia, non falamos de importes que sexan inasumibles, temos un orzamento de 267 millóns de euros e nese sentido van contar co apoio do Bloque Nacionalista Galego. E por último, se cadra nalgún non é probablemente o Pleno o ámbito, pero se cadra nalgún momento era bo revisar para mellorar o propio funcionamento do Centro de Emerxencia en aspectos que teñen haber co tempo máximo de estadía, en cuestións que nunca se quixeron abordar, como son algunhas limitacións ao acceso, singularmente a mulleres que son duplo ou triplemente vítimas, falamos

de mulleres que teñen problemas de dependencias, de saúde ligados a enfermidades de saúde ligados a enfermidades contaxiosas que teñen pois a imposibilidade mesmo de acceder a este recurso que é un recurso de emerxencia. Entón, nese sentido van a ter sempre a colaboración do Bloque Nacionalista Galego pois para seguir a mellorar o que é o funcionamento do Centro de Emerxencia Municipal, que ten tamén necesariamente que desprezar pois unha mellor coordinación, nós entendemos e para iso é indispensable que haxa un equipo multidisciplinar suficientemente dotado, unha mellor coordinación pois con outros recursos tanto da propia concellería como doutras administracións para evitar que as mulleres vítimas de violencia machista pois padezan as veces a violencia administrativa de non ser atendidas coa axilidade que todos/as quixéramos.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Nós tamén imos votar a favor por suposto, e incorporando tamén, xa o dicimos, estamos a favor da emenda de adición que propón o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, agora ben, con respecto ao Centro de Emerxencias vostede mesma explica na súa defensa e aparece no texto da moción que o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia teñen aprobado, asinado un convenio polo cal o Concello de Vigo pon a infraestrutura e a dotación orzamentaria e a Xunta de Galicia dota do persoal adecuado para a atención de nenas/os, non obstante cando oímos a actual estado de liquidación do orzamento do 2019 observamos que a partida titulada concretamente Centro de Emerxencias aínda, é dicir, cando nos atopamos xa entrando no último trimestre do ano, non executou nin a metade da cantidade que ten presupostada, polo tanto, se a Xunta de Galicia non está a cumprir efectivamente cos seus deberes na loita contra a violencia de xénero e neste caso pola protección dos nenos/as, hai orzamento sen executar para o Centro de Emerxencia, nós efectivamente estamos de acordo en que a Xunta de Galicia, fallaba máis, debe de dotar a este centro do persoal adecuado, do persoal formado e en condicións de estabilidade para dar unha alternativa sólida e rigorosa dende as institucións a esas nenas/os que son suxeitos de dereitos, que deben ser beneficiarios directos de programas específicos efectivamente, pero o certo é que nós das políticas que leva a cabo quen fala das súas mulleres, é dicir, o Presidente amigo do narco traficante Sr. Marcial Dorado,

agardamos pouco, como é normal, pero da concellería de Igualdade do Concello de Vigo si, loxicamente si debemos agardar que se desenvolvan eses programas específicos para nenos/as vítimas de violencia de xénero mediante a execución do orzamento, do orzamento destinado ao Centro de Emerxencia como dixen pero tamén do propio orzamento destinado a combater as violencias de xénero porque estamos a falar como vostede ben explicou de vítimas da violencia de xénero, un orzamento, non nos cansaremos de dicilo de por si exiguo, ridículo para unha cidade como Vigo que pon de manifesto que o compromiso real deste goberno coa Igualdade e coa loita contra as violencias de xénero é desgraciadamente dubidoso. Déixenme dicirlle algo máis moi brevemente, antonte foi o 25 de novembro, sábano, estiveron alí sen dúbida, o clamor nas rúas de tódalas cidades e vilas de Galicia foi evidente e así tamén foi en Vigo, agora ben, non nos esquezamos prestemos atención, a pancarta que abría a manifestación dicía “Feminismo radical fronte a complicidade institucional, a política de xestos acabou” está superada, as administracións deben investir recursos e tomar medidas e decisións efectivas e Vigo nisto está na cola, destinan vostedes maior orzamento en iluminar ou desquiciar francamente mediante unha sobre doses que é único exame que aproba é o da contaminación alumínica e do despilfarro, destinan vostedes moito máis orzamento na iluminación do Nadal de catro rúas do centro, porque por suposto se nos imos a periferia ou a rúas que escapen da visibilidade, xa non hai, digo que destinan máis recursos a iso que a loita contras as violencias de xénero. Lémbrolles por tanto a manifestación do vinte cinco de novembro, se unha palabra rezou en todo o estado foi recursos, en Vigo concretamente o que rezou foi menos luces e máis recursos, tomemos nota, por descontado estamos a favor desta moción.

SRA. LÓPEZ ROMÁN: Non podemos nin debemos facer partidismo neste tema tan importante e desgarrador que implica a toda a sociedade, non debemos incluír este tema non só no mes de novembro, ten que ser algo constante e transversal ao longo do ano, a nosa obriga e xestionar, escoitar, poñer medios e actuar e iso é o que precisamente fai a Xunta de Galicia a través do consorcio xestiona o Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero en virtude dun convenio asinado en 2008 en base a ese convenio o Concello cede o uso do

inmóble e financia con 261.000 euros anuais para contribuír ao funcionamento, a través dunha modificación esta cifra se reduce dende 2014 a 241.000 euros. Este convenio tivo unha duración de 10 anos finalizando en novembro de 2018 sendo prorrogado ata outubro de 2019, o pasado mes de outubro o Consorcio e o Concello de Vigo asinaron un novo convenio de colaboración para a xestión do CEMVI por un prazo de 4 anos, o presuposto anual estimado para o seu funcionamento é de 494.000 dos cales o Concello financia a mesma cantidade que no anterior convenio 241.000 euros a Xunta de Galicia pon a diferenza. En relación aos menores que residen temporalmente no CEMVI, o Consorcio formalizou en xullo un novo convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo para a atención de menores e a dinamización infantil e xuvenil, do CEMVI en base a este convenio a Asociación asume a obriga de colaborar co consorcio no desenvolvemento de actuacións de atención e dinamización para menores usuarios do CEMVI, a colaboración na atención e dinamización se realizará polas persoas designadas pola asociación, de acordo co seguinte procedemento, o Consorcio a través do CEMVI previa autorización da persoa responsable comunicará á asociación a necesidade de colaborar na atención e dinamización de menores, chicos que son usuarios do centro a través dun correo electrónico, teléfono ou medios telemáticos. A asociación unha vez recibida a solicitude comunicará ao CEMVI a designación dunha persoa encargada das actuacións de atención e dinamización xunto con toda aquela información e especificación que sexan necesarias para a súa realización. Polo tanto, tendo en conta que a presenza de menores no centro non é permanente e dependendo das circunstancias non previstas, con esta fórmula quedaría perfectamente atendidos os menores que temporalmente poidan residir no CEMVI, a Asociación de Mulleres Progresistas é unha asociación sen ánimo de lucro que entre os seus fins se atopa facer prestacións de servizo, non creo que teña que seguir explicando quen son as Mulleres Progresistas, teñen acreditada unha solvencia nesta tarefa supoñemos que o Concello de Vigo coincide con esta afirmación. Polo tanto, tendo en conta todo o anteriormente non se considera necesaria a dotación de persoal específico para esa función, estando perfectamente cuberto a través deste convenio.

O segundo punto da moción fai referencia aos puntos de encontro, durante o ano 2019 o punto de encontro familiar atendeu a 166 novos casos, 70 dos cales

derivan de situacións de violencia de xénero, todos eles foron atendidos de maneira inmediata, nesta xestión deste punto de encontro a Xunta de Galicia inviste máis de 150.000 euros anuais ademais leva investido 200.000 euros en obras e equipamento, lles informo que dende a consellería de Política Social estase analizando a apertura de novos puntos de encontro familiar para que dito servizo chegue a máis cidadáns de forma que se poidan evitar largos desprazamentos aumentando así a cobertura. Por outra banda estábase a valorar a posibilidade de ampliar progresivamente os horarios dos puntos de encontro familiar que están en marcha, como regra xeral os puntos de encontro abren 5 días á semana, facendo unha análise da ampliación dos horarios hai que ter en conta que o incremento das derivacións cara os puntos de encontro familiares realízanse dende os xulgados de familia que realmente establecen os intercambios as fins de semana, polo tanto, é importante decidir se unha apertura de máis de días suporía unha mellora de servizo ou non tería repercusión real respecto dos casos que requiren intervención. Con todo, no caso do punto de encontro familiar se está traballando para completar este horario de apertura en calquera caso, estes axustes non requiren modificación do decreto xa que esta norma é completamente compatible coa ampliación.

SRA. BLANCO IGLESIAS: Vou dar resposta o mellor posible, ao concelleiro non adscrito dicirlle que alí temos unha psicóloga, unha avogada, unha asistente social, que evidentemente sempre se poden mellorar as cousas pero paréceme que o que vostede di, co que eu estou de acordo, pero é reiterativo co noso polo tanto non imos aceptar emenda porque nos parece máis do mesmo.

Con respecto á concelleira de Marea de Vigo quéro lle dicir primeiro, que descoñece moito o que facemos dende a concellería de Igualdade por iso como non ven por alí, tróuxenlle eu toda unha serie de catálogos e de cousas para que veña a informarse porque vostede dixo que aquí se utilizaba unha ridícula cantidade de cartos, temos 1.500.000 de euros pódollo desglosar perfectamente, e 1.500.000 de euros é o que adicamos a loita contra a violencia de xénero, non é de abondo, pois claro que non sempre é mellor ter máis, por suposto, pero quería dicirlle tamén a Sra. López Román que dicía vostede que o punto de encontro que seguramente, para que vai a abrir se total ao mellor non van, como pode ser, dicía

vostede, si total eses días porque ao mellor tampouco fai falla máis, mire, a violencia de xénero non colle vacacións, e tamén voulle dar un recado para o seu xefe, para o Sr. Feijóo que lle diga que teña moito coidado coas palabras porque a linguaxe non é inocente e non se pode dicir as nosas mulleres, e en segundo lugar as nosas mulleres as coidamos moi ben, primeiro que non son súas, e segundo, que as coidan moi mal porque se as coidara ben ese punto de encontro tiña que estar aberto as 24 horas e esa persoa profesional que estamos pedindo para o Centro de Emerxencia dende hai 3 anos, tiña que estar aí traballando.

Pois para todos en xeral que hai pouco tempo, agradecemos aquí que todos poidamos ter unha declaración institucional pero voulles dicir que outras partes de España hoxe non fixeron a declaración institucional boicoteadas pola ultra dereita e o branqueo do Partido Popular, Madrid no concello e na comunidade, as cortes valencianas, os Parlamento de Andalucía, de Murcia, Cantabria, Baleares, Melilla, os concellos e deputacións de Zaragoza, Granada, Guadalajara, Elche, Getafe e Palencia, isto é moi serio señoras, señores, poñámonos as botas, de verdade esteamos unidos porque eu estou segura que tanto vostedes como eu queremos loitar e temos que unirnos para loitar contra a violencia de xénero.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do seu titular, tamén se atopan ausentes o Sr. Rivas González e a Sra. Silva Rego)*

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,



ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.11.2019 (Rex. Nº 2258/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Blanco Iglesias, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**8(212).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INTRODUCIR NOS ORZAMENTOS 2020 UNHA PARTIDA PARA ABORDAR A REFORMA INTEGRAL DE CENTROS EDUCATIVOS DA CIDADE DE VIGO, ASUMINDO AS SÚAS COMPETENCIAS E ATENDENDO Á DEMANDA EDUCATIVA. REXISTRO PLENO 2259/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de novembro de 2019, número 2259/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“A educación é un pilar fundamental no desenvolvemento das persoas a tódolos niveis, é por iso que as condicións nas que se dea son fundamentais.

Entre 1970 e 1980 foron construídos a maior parte dos centros públicos de Infantil e Primaria da nosa cidade. Falamos dunhas instalacións educativas de entre 40 e 50 anos.

A antigüidade dos centros dificulta a súa adaptación os novos usos e necesidades da comunidade educativa e se requiren inversións significativas para a súa adecuación.

As boas condicións dos centros son un elemento básico para a mellora da calidade educativa. A calidade das infraestruturas pode condicionar, e de feito condiciona, o desenrolo das actividades lectivas e non lectivas nos centros escolares.

As instalacións educativas da cidade de Vigo precisan de investimento que contribúa a manter uns estándares axeitados de calidade e seguridade.

Estamos ante centros escolares que teñen 50 anos e que precisan dunha reforma integral para manter as dotacións necesarias e para non perder calidade.

-

O Concello debe asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento: “a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial de Vigo é competencia propia do Concello”. Estas competencias falan soamente de conservación e mantemento, non de inversión.

Cando remata a vida útil dos materiais, xa non é posible o seu mantemento, polo que falamos de inversións en obra nova, polo tanto competencia da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Non obstante, o Concello de Vigo, ven aumentando nos últimos anos a partida destinada a conservación e mantemento da rede de centros públicos de educación infantil e primaria, co fin de atender obras demandadas polos centros e non resoltas pola Administración competente, a Xunta de Galicia.

Neste momento son moitos os centros que necesitan de reformas integrais que requiren de investimento, un investimento que non chega e que demostra unha vez máis o escaso compromiso da Xunta coa cidade de Vigo e coa educación pública.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

Instar a Xunta de Galicia a introducir nos presupostos do ano 2020 unha partida de 12 millóns de euros para abordar a reforma integral de centros educativos públicos da Cidade de Vigo, asumindo así ás súas competencias e atendendo a demanda da comunidade educativa da nosa cidade.”

#### DEBATE:

SR. GÓMEZ DÍAZ: Quero lembrar que a maior parte dos centros educativos da cidade de Vigo, de educación primaria e infantil datan de hai máis de 40 ou 50 anos, é evidente a demanda dos directores e das ANPAs que acoden ao Concello de Vigo a reclamar por parte da Xunta de Galicia reformas integrais dos centros que están en moi mal estado, saben vostedes que as competencias de educación do Concello de Vigo son as que son, como xa lle expliquei nos anteriores Plenos, non o debería explicar pero está ben lembralo e cando acaba a vida útil dos materiais xa non é posible o seu mantemento adecuado por parte do Concello, iso é unha competencia da Xunta de Galicia, a reclamación deses directores pois veñen a pedir a eliminación de barreiras arquitectónicas, melloras de eficiencia

enerxética, renovación de instalación eléctricas, fontanería, carpintería, calefacción, renovación de tellados e por suposto a cubrición dos patios escolares que como saben está a acometer o Concello de Vigo porque se esperan pola Xunta de Galicia poderían esperar sentados.

No ano 2008 o Alcalde pediu un informe técnico para coñecer o estado integral dos centros educativos da cidade, ese informe que teño aquí recollía o estado moi deficiente de máis de 30 centros escolares da nosa cidade, eses centros, fíxose unha estimación orzamentaria do que podería custar a súa reforma e ascendía a uns 20 millóns de euros, no ano 2009 cando o Sr. Feijóo chegou á Xunta de Galicia, o Alcalde nun exercicio de xenerosidade por suposto porque non é a súa competencia, ofreceuse a financiar o 40% deses 20 millóns orzamentado 8 millóns de euros para a reforma integral dos centros educativos, por suposto a resposta do Sr. Feijóo coñecémola, nos últimos 11 anos reformas integrais en centros educativos da cidade de educación infantil e primaria foron dous, unha gran cousa. A parte é bo falar de datos, un dato bastante curioso é o seguinte, o número de centro educativos que hai nas catro principais cidades de Galicia, curiosamente Ourense ten 16 centros educativos de infantil e primaria, Santiago de Compostela ten 13, A Coruña 26 e Vigo 43, é curioso e sorprendente que a cidade con máis centros educativos de infantil e primaria e con máis número de alumnado sexa a cidade de Galicia onde menos presuposta a Xunta de Galicia en Educación. Do que presume moito a delegada da Xunta de Galicia por certo, a Sra. Porro que destaca o investimento 1,6 millóns de euros na cidade de Vigo é bo lembrar, xa o fixen no Pleno anterior, o investimento do ano 2019 nas catro principais cidades de Galicia, A Coruña 6,6 millóns de euros, Vigo 1,6, Santiago de Compostela 3,5, Ourense 2,5 millóns de euros, curiosamente o trato moi importante é o que leva investido a Xunta de Galicia en reformas e obras presupostando inversión na cidade de Vigo, nos últimos 4 anos 6 millóns de euros, curiosamente o que presupostou en A Coruña o ano pasado, é dicir, a Xunta de Galicia lle adica nun ano A Coruña o que lle adica a Vigo en 4 anos, iso é do que presume a Sra. Porro, cando fala do magnífico investimento que fai a Xunta de Galicia en Educación na cidade de Vigo a educación importa o que lle importa á Xunta de Galicia, igual que o que lle importa a sanidade por certo. Este goberno dende o ano 2009 leva xa adicados aos centros educativos desta cidade 84 millóns de euros, a Sra. Porro nesas

magníficas declaracións nas que destacaba o investimento millonario de 1,6 millóns de euros dicía que dende o ano 2009 investía en Vigo 22, aquí poden ver 84 fronte a 22 dese se presume claro se investimos na cidade de Vigo en catro anos o que investimos en A Coruña nun, pois así están os datos, 84 fronte a 22.

Nos derradeiros 10 anos o Concello adicoulle 62 millóns de euros máis aos centros educativos que á Xunta de Galicia, sen ser a nosa competencia, repito, a nosa competencia é a conservación, mantemento e vixilancia dos centros educativos da cidade de Vigo.

Esa mellora que reclamamos con esta moción instando á Xunta de Galicia a introducir esa partida de 12 millóns para a reforma integral non para parches no orzamento do ano 2020, melloraría os centros educativos e suporía un importante aforro para as arcas municipais, porque como sabe o gasto en mantemento se as instalacións se melloran e se renovan serían moito menor.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende o Bloque Nacionalista Galego concordamos coa moción proposta polo grupo Socialista porque é evidente que o ataque do Partido Popular contra o ensino público é por terra, mar e aire e é por acción con recortes de unidades educativas na pública para alargar a oferta da privada-concertada, de recortes de servizos complementarios pero tamén por omisión como é evidente co abandono que padecen as direccións dos centros e os claustros, máis sobre todo como é obxecto desta moción por non exercer a Xunta de Galicia as súas competencias no que ten haber con garantir as debidas condicións dos edificios que albergan os centros escolares públicos da cidade e nese sentido polo tanto, o Bloque Nacionalista Galego estamos de acordo con esixir máis dunha vez da Xunta de Galicia que exerza as súas competencias e que destine os recursos dos que dispón para atender as necesidades da cidade de Vigo, máis dito isto dende logo nós tamén queremos facer un apelo ao grupo de goberno, ao grupo Socialista de que abandonen tamén unha certa ambivalencia e que de aposten decididamente pola defensa do ensino cento por cento público e por iso voulle a reiterar o que xa lle formulei nun rogo no inicio deste mandato e é que retiren da web municipal do Portal Escolar municipal a oferta dos centros privados-concertados e que deixen de subvencionar os uniformes do alumnado dos centros privados-concertados da cidade. Nós sabemos que estou certo de que tanto no grupo municipal Socialista

como na súa base social e votantes, hai un inmenso sentido de apoio ao ensino público, o que non entendemos é que por un cálculo algo perverso en termos electorais, vostedes se manexen nesa ambigüidade, nesa ambivalencia por un lado dicindo que si se defende o ensino público pero por outro tratando os centros privados-concertados como se non foran o que son, que son empresas que reciben cartos públicos para atender un servizo que neste momento a rede pública está en condicións, nos coles de Vigo, nos coles públicos vemos como cada ano hai un problema de matriculación, apostemos definitivamente pola matriculación na pública facendo que o Concello de Vigo deixe de equiparar, deixe de tratar como iguais aos centros públicos e aos privados-concertados.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Efectivamente a nós esta moción lémbra-nos á que a vostedes trouxeron no anterior Pleno, sobre inclusión nos orzamentos da Xunta de 2020, de 5 millóns de euros para seren destinados a cubrir 15 patios escolares en Vigo, está ben que insistan, nós tamén efectivamente volveremos insistir nas nosas posicións, sabemos un Pleno máis que a consellería segue sen atender as demandas á petición de diálogo por parte da Federación olívica de asociacións de pais e de nais do alumnado de Vigo por parte de sindicatos, por parte de colectivos e en definitiva da comunidade educativa que conforma o ensino público de Vigo, sabémolo, agora ben, certamente se o goberno local se quere converter, digamos en bandeira da educación pública, e dicir, da educación de todos/as as nenas/os adolescentes de Vigo, tamén debería tomar en consideración algúnhas cuestións, as axudas municipais escolares en material e o comedor levan sendo as mesmas dende hai dúas lexislaturas a pesares de que como sabemos os datos sobre renda familiar das persoas en situación de vulnerabilidade son cada vez máis dramáticos e ademais de que estamos asistindo a un encarecemento do prezo da vivenda e dos servizos básicos nos últimos anos. Pola mesma razón non comprendemos por que sobre unha partida de 400.000 euros para a cubrición de patios escolares opera unha modificación que retira 280.000 euros, e neste momento ademais xa rematado ou rematando o primeiro trimestre do que é o curso escolar, tampouco ese novo orzamento reducido se viu executado e é que vostedes traen unha moción para que os orzamentos da Xunta de Galicia para 2020 se inclúa unha partida que permita abordar de forma integral reformas de centros educativos da

cidade de Vigo pero é que na súa partida, nos seus orzamentos para 2019, relativa á reparación e mantemento de edificios escolares, de 500.000 euros aínda non se executaron nin 120, curioso mantemento pero se cadra o máis chamativo é o que acontece co mobiliario de colexios, a reforma integral de centros educativos, sen dúbida, que debe de ter un orzamento necesario suficiente por parte da Xunta de Galicia pero o mobiliario dos colexios por parte do Concello de Vigo tiña unha partida de 40.000 euros e viuse reducida a 35.000 euros, é dicir, 5.000 euros para todo o 2019, é francamente insólito.

Estes datos desvelan dende o noso punto de vista unha vez máis unha política de falla oposición entre Xunta de Galicia e o Concello, unha “performance” que só se fundamenta nun reparto de intereses electoralistas, se o Concello de Vigo como dixen quere ser bandeira da educación pública pode selo, non ten que agardar a instar á Xunta de Galicia que responde, por suposto case sempre os intereses privados particulares, e poden comezar a traballar, poden comezar o Concello de Vigo, o goberno local por aumentar os importes das becas á educación pública e por ampliar os supostos subvencionables na educación pública como os importes das actividades extraescolares ou excursións que se realicen no mesmo centro, porque mentres vostedes se reparten as culpas hai un orzamento que queda sen executar para a educación pública, para todos/as os nenos/as escolares de Vigo, e segue a medrar a matriculación xa máis elevada na cidade de Vigo, na educación privada e na concertada que nos centros públicos, compre frear as desigualdades, estaremos de acordo e a guetificación que isto provoca, para iso é efectivamente fundamental a mellora das infraestruturas e dos recursos nos centros educativos públicos de Vigo, tanto dende a Xunta de Galicia como tamén no que lles compete ao goberno do Concello de Vigo.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade é que Sr. Gómez vostede fala moi ben e expresou moi ben o seu debate e o que solicitan aquí, eu nas mocións que leo as exposicións de motivos, non sei se redacta vostede tamén, vexo que hai copia e pega sempre entre os párrafos, é dicir, como tamén dicía a Sra. Méndez vostede trouxo ao Pleno pasado unha moción cunha exposición de motivos practicamente exacta á anterior, cambia a resolución, cambia a cifra, cubrición por instalacións, nós non temos ningún problema en debater hoxe, polo menos hoxe

vostede recoñece que a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios é titularidade local, hoxe tamén o recoñece porque creo pensar, escoitei no Pleno pasado que iso non é o recoñecía. Nós, como se sabe o Partido Popular, xa llo dixeron os predecesores na quenda de palabra do Bloque Nacionalista de Galicia e Marea de Vigo é verdade que defendemos unha liberdade de elección, temos un discurso claro de educación pero o Partido Socialista, o Sr. Iglesias creo que dixo a palabra que empregou era como unha ambigüidade, si é verdade que vostedes teñen un discurso hipócrita neste sentido, é dicir, collen a bandeira da educación pública única e exclusivamente e moitas veces nos seus discursos discriminan e desprazan a educación concertada pero logo á hora da verdade vostedes á hora de actuar non actúan segundo o que propoñen, polo tanto, nós temos neste caso unha demanda educativa pública en Vigo absolutamente cuberta, cunha cantidade de centros educativos que vostedes coñecen ben, cunhas propostas enriba da mesa que non se corresponden co que vostedes fan, vostedes presentan estas mocións para ir en contra da Xunta de Galicia, ou en contra do Sr. Feijóo para solicitarlle, xa lle adianto que imos apoiar esta moción por suposto que todo o que sexa investimentos na educación pública en Vigo imos a apoialo e ademais imos darlle cifras do que levamos feito. Está claro que vostedes teñen clarexar o seu discurso porque neste caso esa ambivalencia da que falaba o Sr. Iglesias é verdade que a vostedes pois non lles fai crible e cando presenta vostede esta moción Sr. Gómez eu dígolle, por suposto que queremos 12 millóns de euros para o investimento en centros públicos e ademais a Xunta de Galicia na última década está a facer moitos investimentos nos centros públicos porque como vostede redactou en dobre parágrafo entre o 70 e os 80 foron construídos a maior parte dos centros, eu nacín no 76, si é verdade que teñen ese toque desa época, é verdade que necesitan moitas obras e reformas e estanse a facer, eu pódolles dicir ademais e darlles moitos datos se me da tempo de tódolos investimentos que se teñen feito.

Mire, nós non imos facer uso político coa educación que é o fan vostedes ademais con ese discurso hipócrita e ambivalente, nós respectamos as diferentes propostas, nós apoiarnos tódolos investimentos da Xunta de Galicia en Vigo, vostede é un alumno moi avantaxado cos seus cartóns, coas diferencias entre A Coruña e Ourense, eu voulle a dicir na última década en Vigo atendeuse

perfectamente a educación pública, hai un investimento ademais de 19,6 millóns de euros e ademais dígolle que as prazas ofertadas en primeiro curso en centros públicos son 9.643, un 0,8% máis que no curso 2016-2017 e que calquera persoa, neno/a que queira unha praza pública en Vigo pode acceder a ela, o que pasa é que vostedes recoñecen por detrás a liberdade de elección que teñen tódolos pais, a Sra. Celá dixo ou deixou caer que ían retirar as subvencións ou as axudas aos centros concertados, veremos que pasa porque así vostedes aplicaran ese discurso na cidade de Vigo que hai moitos colexios concertados saberán a verdade do Partido Socialista Obrero Español porque é verdade que cando hai concesionarias do Partido Socialista é público, cando hai concesionarias nun goberno do Partido Popular é privado, son vostedes moi graciosos no seu discurso, nós imos apoiar esta iniciativa Sr. Gómez porque os centros públicos de Vigo precisan en ocasións reformas que se están a facer, insisto, 16 millóns de euros, moitas reformas puntuais e están tódolos centros públicos atendidos é a verdade e ese discurso de comparar outra vez con A Coruña, con Ourense, con Lugo, con Ferrol, Sr. Gómez non cola e vostede que ten nenos en idade escolar sábeo moi ben.

SR. GÓMEZ DÍAZ: A verdade que está ben que recoñeza que o investimento da Xunta de Galicia no últimos dez anos en Vigo foi de 1,9 millóns de euros anuais, está ben, 19 millóns de euros entre dez dan 1,9 millóns. Por certo, fala de competencias, volvo a repetir, o Concello a única competencia que ten en materia de educación é a conservación, mantemento e vixilancia dos centros educativos da cidade Vigo e vixiar a escolaridade dos nenos, repetino por activa e por pasiva porque parece que non o saben, e que non o coñecen, e que parece mentira que vostedes estiveo no Parlamento da Xunta de Galicia e non o saiba, ou sexa se non sabemos as competencias mal vamos, ese é o nivel.

O señor do partido non adscrito, o Sr. Pérez Iglesias e ao grupo de Marea lle contesto xa os dous xuntos, imos a ver, estamos a falar de infraestruturas, de reforma integral dos centros educativos, se queren falar doutros temas como no anterior Pleno presenten mocións para falar, curiosamente a Sra. Méndez ven a falar hoxe aquí de patios cubertos o que non fixo no Pleno anterior cando a moción era de patios cubertos, por certo, esta executado o 100% do orzamento, en bolsas escolares, incluso aumentouse para ninguén quedara fora desas bolsas, hai que



informarse. Pero agora que falan do que lle importa á Xunta de Galicia a educación, é un clamor porque os directores e as ANPAS veñen día si e día tamén a reclamar esa reforma integral, nós últimos dez anos atenderon a dous centros, dúas reformas integrais pero mire unha noticia de El País, falando do Orzamento do 2019, “Feijóo sube o 10% do presuposto de Presidencia fronte ao 3% de Sanidade e Educación”, El País. Imos falar dos Orzamentos do ano 2020, en El País, “los preparativos del Xacobeo se llevan la mayor subida del presupuesto de la Xunta” e sigo lendo, “Educación, Infraestructuras son las consellerías que menos aumentan sus fondos para 2020”, Educación e Infraestructuras e contra posta temos o orzamento que tan ben presentou o meu compañeiro o Sr. Aneiros, e a diferenza entre un goberno que mira pola educación pública e a diferenza do goberno da Xunta de Galicia que o máis importante para eles é o Xacobeo e a Presidencia, por certo o Xacobeo solo para Santiago de Compostela e A Coruña, chega o orzamento, os datos son os datos.

PRESIDENCIA: Sr. Marnotes, deulle a hora, imos a calmarnos un pouco, levábamnos un Pleno tranquilo a ver si cada vez que me sento aquí lle salta un resorte, calmémonos, non é pancarta poderá ensinar o que considere, conveniente igual que vostede cando ten papeis os ensina ou lle vai a preguntar a vostede o que pode ensinar? Entón deixemos continuar, de verdade, eu lle caio ben a vostede porque cada que vez que me sento aquí, deixemos continuar ao señor concelleiro e que remate se imos ben.

SR. GÓMEZ DÍAZ: Só os trinta segundos que me fallan para rematar a intervención, eu entendo que lle moleste que saque as noticias da prensa porque isto non o pode rebater, son datos que son contrastables, non se poña nervioso Sr. Marnotes. Contraposición, e xa remato, o orzamento da Xunta de Galicia co do Concello de Vigo que tan ben presentou, como dicía o meu compañeiro o Sr. Aneiros no último Pleno, leo, Seguridade, Política Social e Educación prioridades no orzamento do Concello de Vigo no ano 2020, prioridades para a Xunta de Galicia, Presidencia e Xacobeo para este Concello, Seguridade e Educación.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do seu titular, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego)*

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.11.2019 (Rex. Nº 2259/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Díaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**9(213).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A RETIRAR O ANTEPROXECTO DE LEI PARA A CREACIÓN DA SOCIEDADE DEFINIDA COMO “SOGAMA DA AUGA”. REXISTRO PLENO 2260/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de novembro de 2019, número 2260/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Unha vez máis, o Goberno galego vén de anunciar un proxecto legislativo para a creación dunha sociedade para a xestión do ciclo integral da auga na que a Xunta de Galicia resérvase toda a capacidade de decisión e coa que pretende obrigar aos concellos a participar e a achegar recursos en contra do máis elemental respecto polo principio de autonomía local.

A realidade é que este anteproxecto de lei certifica o fracaso do modelo nacido en 2012 coa creación do canon de saneamento. Segundo os Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia para 2019, Augas de Galicia recadará por concepto de canon 51.750.000 euros. Pero desta cantidade só 29.290.069 euros (o 56%) gástase en investimentos reais ou transferencias a outras Administracións, mentres que o 44% restante vai ao gasto corrente. Pero peor aínda é o balanço final sobre o

territorio, dado que eses 29,2 millóns son distribuídos con criterios partidistas e clientelares, previo filtro en función da cor política da Corporación local.

Asistimos agora a un novo intento de engrosar a Administración paralela. Se Augas de Galicia xa ten forma xurídica de entidade pública empresarial, o novo ente sería unha Sociedade mercantil pública autonómica rexida polo dereito privado cun capital social repartido en forma de accións. A Xunta, que presume de adelgazar a Administración paralela, inventa un novo órgano extra administrativo, que define como a Sogama da auga.

A Xunta de Galicia, que careceu durante os 10 anos de Goberno de Feijoo dunha política da auga tomou por fin consciencia de que incumpre as directivas europeas e a lexislación en materia de abastecemento e depuración. A realidade é que as principais actuacións hidráulicas realizadas en Galicia nos últimos anos son obras do Goberno do Estado a través da sociedade pública Acuaes, como é o caso da depuradora de Vigo. E diante de tantos incumprimentos, a táctica habitual de Feijoo: eu invito, Vigo paga.

Por tanto, esiximos á Xunta de Galicia que retire do anteproxecto de lei de creación da sociedade para a xestión do ciclo integral da auga calquera referencia ou imposición aos concellos, que afecte outra vez ás viguesas e aos vigueses.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a retirar do anteproxecto de Lei para a creación da sociedade definida como a “Sogama da auga” calquera mención aos concellos en relación a novas imposicións de obrigas de financiamento de obras hidráulicas e/ou de saneamento.”

#### DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Espero non alterar ao Sr. Marnotes tanto como o alterou o meu compañeiro porque claro pero sabe como vou a comezar, ante un escándolo da Xunta de Galicia que afecta aos concellos, ás deputacións e que afecta Sr. Marnotes ao seu peto á hora de pagar o canón de saneamento de auga, si afecta iso, co cal igual se altera máis aínda, mire, estamos ante unha nova ocorrencia do goberno galego, outra vez, ante unha intención de legislar sen compromisos económicos e por iso presentamos esta moción, para paralizar unha nova tomadura de pelo a tódolos galegos pero dende logo ás viguesas/es, novamente a Xunta de Galicia atenta contra o principio de autonomía local das entidades, dos

concellos e das deputacións, o que pasa é que estamos a falar da auga e estamos a falar das políticas da auga e con esta mal coñecida como SOGAMA da auga o que a Xunta de Galicia pretende é intentar suplir a súa propia inoperancia dos 10 anos que levan gobernando, dez años de incumprimentos de Directivas europeas e dunha lexislación en materia de abastecemento e depuración que non cumprir o que realmente debía, e dicía ao principio que é un escándalo porque o que se pretende crear é unha sociedade mercantil, unha sociedade mercantil cun capital social repartido en forma de accións nas que Deputación, Concello e Xunta de Galicia a terzos, a partes iguais pero en terzos forme parte desta sociedade mercantil o que pasa é que Deputacións e Concellos serán socios minoritarios e non terán ningunha capacidade de decisión que iso é o que se reserva a Xunta de Galicia e aquí en Vigo evidentemente o coñecemos e o denunciámos, a Xunta de Galicia invita e Vigo paga, e isto foi sempre así e esta é a filosofía desta Lei. Polo tanto, estamos ante o recoñecemento de que o canón de saneamento fracasou e o que é peor con esta lei o que se pretende é obrigarnos a un pago dobre a tódolos cidadáns, por que? Porque se mantén o pago do canón de saneamento co cal non se evita absolutamente nada pero resulta que ese terzo ao que facía mención anteriormente que corresponde á Xunta de Galicia nesa sociedade mercantil, vaíse pagar con cargo ao canón de saneamento. Polo tanto, cada un dos galegos, e loxicamente aquí o que nos preocupa é a parte que nos corresponde aos vigueses, estamos a pagar dobremente nunha sociedade mercantil que se sacan por esta lei de SOGAMA da auga. Polo tanto, estamos a falar de legislar sen recursos, algo peor, legislar xa marcando quen ten que pagar e reitero que no caso dos galegos que residimos nos concellos pagando dobremente, pero é que ademais na Lei ten outra parte peor en relación con o que foi a política de xestos do Sr. Feijóo, o Sr. Feijóo fixo bandeira de desmontar chiringuitos, fixo bandeira de adelgazar a administración e precisamente con isto o que pretende é crear un novo chiringuito máis e seguir engordando a administración. E a cuestión é moi sinxela e a vimos reivindicando dende hai tempo, como ben dicimos no texto da nosa moción os datos son estremecedores, de 51 millóns que se recada polo canón de saneamento só o 56% se destina a investimentos mentres que o 44% se destina a gasto corrente e aquí o que pretendemos e sempre dixemos é un equilibrio en relación con ese canón de saneamento, que o 50% incida directamente nos concellos para

poder facer as obras necesarias e que o outro 50% e estamos de acordo forme parte da solidariedade con aqueles pequenos concellos que o poidan necesitar.

SR. PÉREZ IGLESIAS: En primeiro lugar clarexarlle ao Sr. Gómez que eu son concelleiro elixido polo Bloque Nacionalista Galego, non son concelleiro por un inexistente partido non adscrito e era bo que gardasen un mínimo de respecto e deixasen de facer o ridículo aludindo a esa forza política coa que vostedes mesmo comparte goberno na Deputación e que ten un mínimo de respecto tamén para as 8.500 que me fixeron concelleiro cos seus votos.

Entrando xa na cuestión de fondo, nós estamos de acordo na oposición a mal chamada nova SOGAMA da auga, en todo caso formulamos unha emenda cunha dupla vertente, en primeiro lugar substituímos o acordo que se propón por un acordo que entendemos que se adecúa máis á posición que eu creo que imos a compartir a maioría deste Pleno que non é que se retiren as alusións aos concellos senón que directamente se retire o anteproxecto de lei, é evidente polos argumentos que xa deron na defensa da moción de que este é un absoluto despropósito, que non ten ningún tipo de sentido e non se trata só que se retire o anteproxecto de lei senón que como demanda o Bloque Nacionalista Galego na súa emenda se inste tamén á Xunta de Galicia a exercer de maneira efectiva as súas competencias en materia depuración de augas residuais, conforme ao previsto na Lei vixente 9/2010 de augas de Galicia e tamén da Directiva Marco Europea de Auga e en relación a propia directiva Marco e polo que engadimos un segundo novo acordo que é instar á Xunta de Galicia a acometer as actuacións necesarias para a mellora da depuración das augas residuais no termo municipal de Vigo que aínda presenta algunhas deficiencias e o que é mais importante, a subscribir convenios de colaboración co Concello de Vigo para implementar a recollida separativa de augas pluviais na rúas da cidade, que é un elemento primeiro que é obrigatorio, de acordo coa directiva Europea da Auga e que en segundo lugar é unha medida que permitiría que a estación depuradora do Lagares non teña cada inverno que estar aliviando, que ese é o termo técnico, augas sen depurar precisamente pola incapacidade para asumir toda a carga de auga nos días de choiva intensa, é unha tarefa que temos pendente como cidade máis que dende logo tamén esixiría un compromiso por parte da Xunta de Galicia.

SR. PÉREZ CORREA: Isto que é un anteproxecto que vai ter debate no Parlamento de Galicia, isto non é un anteproxecto dunha empresa pública de nada nin é un anteproxecto dunha sociedade que permita unha mellor xestión do ciclo integral da auga, isto é unha practica habitual do Partido Popular de agrupar competencias municipais e competencias en materia de distribución da auga e o saneamento para logo no paquete unificado proceder á privatización, se isto fora algo novo pero iso xa pasou co canal do Isabel II cunha sociedade que querían tamén participada do 51% polo ente público e supostamente o 49% dos concellos adscritos e ao final acabou revertindo no que hoxe en día é SOGAMA, ese 49% de SOGAMA está en mans privadas que é Naturgi que ao fin e ao cabo con ese 41% practicamente controla a totalidade do 100% de SOGAMA. Polo tanto, isto non é novo, isto é unha practica habitual que se crean sociedades supostamente públicas para logo xestionar de xeito privado, o vimos na sanidade ademais como carácter de prototipo en Galicia e agora chega a un dos recursos máis importantes e que hoxe en día están a provocar guerras e que hoxe en día incluso están a provocar lexislación avanzada no conxunto da Unión Europea como é a directiva Marco da auga que se incumpre sistematicamente. Pero nós queríamos entrar nalgunhas consideracións, cando dende a alternativa galega da esquerda se votou en contra do canón da auga argumentábase primeiro que o canón da auga non era un instrumento para dotar de infraestruturas e de investimentos senón que aquí había outra cousa diferente pero que tamén no Concello de Vigo se utilizou a do canón da auga como unha especie de xustificación dos males endóxenos do Concello de Vigo, isto é a miña factura da auga, e aquí neste Pleno se dicía que a auga en Vigo é cara por culpa do canón, pero cunha factura emitida por Aqualia di, no meu caso, de 34,86 euros son os conceptos facturados por abastecemento, saneamento e cota fixa, é dicir, e máis o IVE 34,86 euros que é a xestión directa do Concello de Vigo a través desa concesión e o canón é un euro, 34 euros contra un euro, polo tanto, o canón non é nin moito menos o problema da factura de Vigo, é máis se calquera cidadán lle da a volta a factura verá eu que teño un consumo de 8 metros cúbicos en 50 e pico días, o canon se me factura polos 8 metros cúbicos pero o resto que é abastecemento, saneamento, cota fixa se me factura por 30 metros cúbicos, polo tanto, nunca se escusen nun canón que é irrelevante para os

cidadáns de Vigo, o problema dos cidadáns de Vigo e o problema do subministro da auga é que está en mans dun proceso privatizador que se fixo xustificando ademais que como estaban esgotadas os investimentos, que o Concello non podía a través dunha empresa pública como EMAVISA podía levar adiante os investimentos necesarios, pois que había que privatizar, e vostedes van ampliando prazos e dicindo que efectivamente a cambio da ampliación da xestión privada neste caso Aqualia ía poñer un plan de investimentos que vostedes se gastaron en cousas triviais e poño un exemplo, o Dinoseito que o pagamos aquí eh!, festas parroquiais que tamén pagou Aqualia e esperemos que no Nadal vigués Aqualia non pague nada, porque se paga algo a rúa Frozen, os caramelos ou as chocalatadas, acabaremos pagándoo na factura do mes de xaneiro. Polo tanto, Aqualia o que ten que facer é renovar a rede e adicarse ao que lle corresponde como empresa concesionaria que esperemos que non volva a ser porque creo que hai bastante vimbios para propoñer unha empresa pública de xestión de auga cando acabe a concesión. Pero imos ir ao da Xunta de Galicia, claro que a Xunta de Galicia está sociedade que pretende crear pois ao mellor non ten incidencia nos grandes concellos, isto está pensado para os pequenos concellos, e isto é un proceso de unificación previa a privatización que xa vivimos con outras sociedades e que este debate parlamentario no debate parlamentario que vai haber no Parlamento de Galicia haberá que lembrarlle que para iso estaba Augas de Galicia, para colaborar cos concellos, para facer unha política de infraestruturas, para facer unha políticas de inversións que permitira que ese pequeno canón que se pagaba revertera nos cidadáns, pero que é máis, no caso da cidade de Vigo pagamos canón por fontes públicas a cambio dunha xestión, unha analítica permanente da Xunta de Galicia que non fai, a única que se fixo é substituír un cartel que poñía auga potable ou non potable que facía o laboratorio municipal por un cartel que di augas sen garantía sanitaria, claro, se non fas análise pois sen garantía sanitaria, ti a boa de deus vas a tomar auga desa fonte e a saber si é boa ou mala porque como non ten garantías sanitaria, polo tanto, claro que hai que eliminar o canón da auga, claro que hai que evitar que se creen estas sociedades que son o paso previo á privatización do ciclo da auga, pero as administracións nas súa responsabilidade, o Concello de Vigo pode abaratar máis dun 30% o recibo da auga facendo un consumo real.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: En primeiro lugar, todo o que vostede califica Sr. Font, como a SOGAMA da auga será voluntario, polo tanto se a vostedes lles parece e a este goberno municipal que ademais ten maioría absoluta pois entón non terán que adherirse, polo tanto, se o goberno municipal non quere adherirse o que vostedes chaman a SOGAMA da auga, pois entón deben informarse, non se pode acusar aquí a nada de ninguén, vexo que fai vostede de novo unha moción cargando contra a Xunta de Galicia con o Sr. Feijóo, pois eu creo que vostedes cando queda unha semana para o Pleno, pois veña buscade aí catro cousas que estean facendo en Santiago de Compostela que faga o Sr. Feijóo e imos presentar unhas cantas mocións, vale, nós non temos ningún problema e debatela e de feito como dixemos é un anteproxecto de lei, vai a debaterse no Parlamento de Galicia, teñen unha representante ademais bastante cualificada e que coñece moi ben o tema, ela terá oportunidade alí por parte do Partido Socialista Galicia, son os mesmos que vostedes, de defender ou de poñer enriba da mesa as emendas que queira ou que queiran presentar a esta Lei que é a Lei de garantía de abastecemento que a vostedes non lles gusta porque esta lei vai a penalizar os consumos abusivos de auga, esta lei vai a penalizar o despilfarro de auga e Vigo é un exemplo como dixo o Sr. Pérez Correa con datos de despilfarro de auga, entón nós queríamos dicirlles que como tantas veces o temos dito o sistema de cobro e o sistema que teñen aquí vostedes de xestionar a auga é inxusto e profundamente inxusto para os vigueses e ademais vou engadir unha cousa é anacrónico como todo o que propoñen vostedes, falamos antes dun sistema de transporte anticuado e esta lei é unha lei adaptada ao século XXI, o consumo da auga que nos demanda a sociedade, dun cambio climático acuciante que temos enriba polo tanto é unha Lei que Galicia, neste caso, está facendo para a presión de casos de seca, non podemos falar que este mes está a chover moito, pero temos xa enriba moitas situacións que non agardamos e que temos que estar preparados, esta Lei, insisto, vai penalizar o consumo abusivo de auga, polo tanto, Vigo eu creo que neste caso tería que poñerse as pilas en como vostedes xestionan aquí a auga, insisto que isto é un oportunismo de traer unha moción creo que ridícula, varia de argumentos sobre a exposición de motivos e eu teño que dar varias impresións e ademais vexo que vostede redacta isto, con algunhas opinións subxectivas que din “distribuídos



con criterios partidistas e clienterales previo filtro en función da cor política da corporación”, é dicir, cun xuízo de valor xa nunha moción que é dunha Lei Sr. Font, a min que vostedes hoxe, por moito que se me poña como se me poñan, falen “fondos distribuídos con criterios partidistas e clientelares” eu non sei se estaría a redactar esta moción ao mesmo tempo que estaba lendo as sentencias do EREs de Andalucía, Sr. Font, porque iso non me parece que sexa apropiado para engadir hoxe no debate desta moción.

Ben, por outra banda, ademais e xa falaba eu antes, temos un goberno de España tamén do Partido Socialista que é moroso que está a reter 700 millóns de euros dos galegos que pagamos xa o IVE e que temos que esperar a que nolo devolva tamén para reinvestir en servizos, polo tanto, nós temos que facer aquí un debate político deste tema, este é unha lei que vai propoñer un goberno do Partido Popular que se vai debater no Parlamento de Galicia e insisto, volvendo ao tema da xestión da auga, non vou dar datos xa dixo perfectamente o Sr. Pérez Correa a diferenza entre un canón e unha cota que vostedes cobran aquí a tódolos vigueses polo consumo da auga, esa lei penalizará o consumo abusivo, vostedes, entón van a estar seguramente no foco cando estea aprobada, polo tanto, non falen e non metan aquí, a Xunta de Galicia sempre agorera, que sempre vai en contra de tódolos concellos de Galicia e sempre está a poñer trabas, esta vai ser unha ferramenta moi útil para moitos concellos e vostedes coñecen perfectamente ademais seguramente a Lei de réxime de bases locais, sabe perfectamente como se xestiona a auga, falou vostede aquí tamén dos papeis que teñen as Deputacións e os propios concellos neste caso e polo tanto nós cremos que esta lei é boa para Vigo, para Galicia porque esta lei é boa nun contexto, nunha situación na que temos que cumprir unha serie de parámetros e que temos que estar preparados polo tema das secas que poden vir. Polo tanto nós afrontamos esta lei de cara Sr. Font, sen acusar a unha persoa ou a un partido en concreto, porque isto vai a ter un debate parlamentario importante.

Eu creo ademais que a adhesión como digo, que vostede insiste na adhesión a SOGAMA da auga é voluntaria, polo tanto, se tanto a critican, se tanto están en contra, pois serán vostedes quen de adherirse ou non adherirse pero mire o que pretende a Xunta de Galicia é poñer solución dunha vez por todas ao problema que hai moitas veces de abastecemento en moitos concellos de Galicia. O problema da

prestación de servizos porque mire, insisto dende o 2009 leva investidos máis de 1.100 millóns de euros en infraestruturas de abastecemento e saneamento, e dígolle unha cousa a Depuradora con investimentos do Ministerio e da Xunta de Galicia xa non vou poñer cores políticas aquí, que ten de achegas por parte do Concello, iso o digo porque vostedes que fan nestas declaracións que fan nestas mocións así partidistas e ademais con tantas subxectividade, tantas acusacións, non merecen ser debatidas neste Pleno.

SR. LÓPEZ FONT: É unha lei mala, é unha lei que nos vai a obrigar a pagar aos concellos e que precisamente o acordo ao que sometemos a consideración é a que retire desa lei, a achega dos concellos neste caso e das Deputacións, porque mire, Sra. Egerique hai informes xurídicos nos que de voluntaria esta lei non ten absolutamente nada polo tanto, estase obrigando aos concellos a abonar e neste caso aos vigueses e cando se fala de consumo abusivo aquí o único abuso que hai é por parte da Xunta de Galicia e hai que chamar ás cousas polo seu nome cando atenta á autonomía local, cando se legisla se ter incluído partidas orzamentarias, polo tanto, isto certamente é así, di que non vai a dar datos, o dato fundamental que debería de dar con toda a argumentación que da vostede é por que non se cambiou a situación da concesión da auga cando o Partido Popular gobernaba este Concello, iso é o que teñen que explicar vostedes, vostedes terían que explicar porque non cambiaron a concesión. Polo tanto, mire, a tarifa e xa se explicou en moitas ocasións, é absolutamente equilibrada, as infraestruturas da auga nesta cidade son de 1.000 quilómetros de canalizacións e polo tanto, a tarifa está certamente axustada, o que me preocupa é que se queira misturar e poñer excusas e sacar outros debates que xa teñen que estar absolutamente superados porque toda introdución no debate da tarifa da auga de Vigo, da concesionaria sobre os que queiran, falamos cando queiran, calquera dos grupos que forman parte da oposición, non ten que encubrir o que aquí realmente se está a facer, e aquí o que se está a facer é unha lei mal chamada xa digo de SOGAMA porque que pretendes vostedes que da mesma forma que por SOGAMA de lixo paguemos 8 millóns de euros por SOGAMA da auga paguemos non sei canto por unha imposición, non, aquí nós non imos aceptar emendas porque o quero clarear. O ciclo da auga lle corresponde á Xunta de Galicia, é unha competencia

evidentemente dunha lei no Parlamento e cando nós reivindicamos as competencias a quen lle corresponden entendemos que iso se debe debater no Parlamento de Galicia por suposto, pero o que aquí pedimos é que se retire dese anteproxecto de lei a referencia aos concellos, tamén ás Deputacións evidentemente porque o que se crea é un chiringuito para obrigar a pagar e para como dicía anteriormente sufragar un 45% de gasto corrente fronte aos investimentos que se necesitan e na depuradora a Xunta de Galicia non puxo un duro porque o paga o Concello de Vigo e os vigueses.

PRESIDENCIA: Hai presentada unha emenda polo Bloque Nacionalista Galego, non se acepta.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do seu titular, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego)*

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.11.2019 (Rex. Nº 2260/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **PARTE DE CONTROL**

### **10(214).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. EXPTE. 685/1102( REXISTRO PLENO 2254/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 685/1102.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

### **11(215).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 686/1102 (REXISTRO PLENO 2255/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 686/1102.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

### **12(216).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 24.10.2019, POLO QUE SE APROBA A DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NA “RED ESPAÑOLA DE CIUDADES POR EL CLIMA”. EXPTE. 664/1102 (REXISTRO PLENO 2247/1101).**

ANTECEDENTES.- Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 24 de outubro de 2019, que di o que segue:

**“4.- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NA “RED ESPAÑOLA DE CIUDADES POR EL CLIMA” EXPTE. 664/1102.**

Dáse conta da proposta de data 22/10/19, asinada pola secretaria do Goberno Local e polo Excmo. Alcalde que di o seguinte:

Mediante acordo plenario de data 27/07/2006, o Concello de Vigo acordou a súa adhesión á “Red Española de Ciudades por el Clima” de la FEMP, coa finalidade, entre outras de compartir modelos de desenvolvemento sostible con outras cidades españolas.

Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio do presente ano, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello polo que, de conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- O Concello de Vigo estará representado na “Red Española de Ciudades por el Clima” da Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) pola concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, D<sup>a</sup> Nuria Rodríguez Rodríguez, como representante política e polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, D. Secundino Otero Faílde, como responsable técnico.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á concelleira designada, á “Red Española de Ciudades por el Clima” da Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), ao xefe do Servizo de Medio Ambiente e demais persoas ou servizos implicados.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Publíquese así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo; de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1985, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.”

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

## **MOCIÓNS.**

### **13(217).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO INSTANDO APROBAR DIFERENTES MEDIDAS SOBRE MEMORIA HISTÓRICA E DEMOCRÁTICA NA CIDADE DE VIGO. REXISTRO PLENO 2251/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de novembro de 2019, número 2251/1101, a concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“MOCIÓN INSTANDO A APROBAR DIFERENTES MEDIDAS SOBRE MEMORIA HISTÓRICA E DEMOCRÁTICA NA CIDADE DE VIGO

A represión franquista violenta en Vigo comezou a actuar con suma rapidez, dende o mesmo momento do triunfo militar contra a legalidade republicana na cidade. A lectura do propio bando, declarando o estado de guerra na mesma Porta do Sol, converteuse nun masacre cun saldo próximo aos 20 mortos. Os encarceramentos sen orde xudicial e fusilamentos nocturnos comezaron ao día seguinte. Os xuízos sumarísimos sen ningunha garantía procesal comezaron o 1 de agosto. Paralelamente, tamén a comezos de agosto, se iniciaban as primeiras depuracións contra todos os funcionarios republicanos que prestaban os seus servizos na cidade. O número de detidos nos cárceres é tan grande que se teñen que habilitar cada vez máis espazos de reclusión en distintos puntos de Vigo e arredores: a cadea de Príncipe, o enorme frontón de María Berdiales, os cuarteis da garda civil ou a illa de San Simón. En setembro, comezan a aparecer os corpos dos paseados nas cunetas da estrada de Puxeiros, nas cunetas da estrada a Valadares, nas tapias dos cemiterios locais, na praia de Cesantes, na de Coruxo, nas praias de Alcabre, Samil, o Bao e Panxón, na estrada de Baiona a Vigo, na liña do tranvía que comunicaba Vigo con varias vilas próximas ás que posteriormente, mentres avanzaba o verán, se foron sumando outras localizacións do terror.

A comarca de Vigo foi a última zona de Galicia en caer nas mans dos golpistas, con episodios de resistencia moi significativos no Calvario e no que, daquela, era o Concello de Lavadores. Non obstante, a cidade de Vigo foi dominada durante toda a guerra polos rebeldes, polo que sufriu o repertorio

represivo completo. A represión na cidade adoptou todas as formas posibles, con ritmos e intensidades adaptadas a cada momento. Logrou a destrución dos cadros dos partidos da Fronte Popular, comezando polos alcaldes socialistas Emilio Martínez Garrido e Antela Conde, así como numerosos concelleiros e deputados, tamén a destrución dos sindicatos obreiros, sen deixar de lado aos partidos políticos moderados e ás personalidades de público sentir republicano, liberal ou simplemente democrático. A esta represión con resultado de morte, haille que sumar a poboación castigada por efecto da segunda

represión; a represión económica e laboral. Son os castigos impostos pola Comisión Depuradora do Concello e pola Comisión Depuradora de Correos e Telégrafos, polos que máis de 226 funcionarios foron expulsados dos seus postos de traballo e represaliados en distintos niveis. Tras o final da guerra, a Comisión de Incautación de Bens e os tribunais especiais de Represión da Masonería e Responsabilidades Políticas seguiron aplicando numerosas incautacións, desposos de patrimonios, destellos e inxentes multas económicas.

Durante a longa noite de pedra que supuxo o franquismo, a represión, a tortura, a censura e os consellos de guerra continuaron, ata o último día.

Tendo en conta a gravidade dos feitos acontecidos na nosa cidade e tendo en conta tamén o prescrito pola Lei de Memoria Histórica de 2007, faise necesario que o Concello de Vigo se dote dunha política de memoria histórica e democrática sistematizada. Ata agora, as distintas medidas levadas a cabo foron o resultado do impulso de circunstancias concretas, moitas delas condicionadas pola presión dos distintos colectivos sociais implicados no activismo memorialístico. Hoxe, ás portas de pechar xa a segunda década do século XXI, non podemos agardar máis para ofrecer un proxecto municipal de memoria democrática, comezando por crear unha Oficina da Memoria Histórica que demostre o compromiso do Concello de Vigo coa memoria, a xustiza, a reparación e a garantía de non repetición.

Estas carencias, pois, preocúpanos e, ante elas, realizamos as seguintes propostas de ACORDOS:

1. Creación dunha Oficina de Memoria Histórica que se organice en dúas mesas de traballo -unha Mesa Técnica e unha Mesa de Participación- co obxectivo de abordar, de xeito planificado e sistematizado, as principais medidas que precisa Vigo neste ámbito.

2. Revisar a simboloxía franquista dos edificios de titularidade municipal co obxectivo de eliminala e instar a outras Administracións a que fagan o propio nos edificios da súa titularidade, tendo en conta o artigo 15 da Lei de Memoria Histórica e tamén a recente aprobación da eliminación do escudo do Santa Irene. A presenza do monumento fascista coñecido como a cruz do Castro, inaugurada polo mesmo ditador como homenaxe aos caídos dun bando, continúa a exercer violencia simbólica sobre miles de vigueses e viguesas; polo que propoñemos a súa eliminación.

3. Sinalización, mediante placas ou outro tipo de soporte, dos escenarios representativos da memoria de Vigo: Porta do Sol, Pereiró, cárcere no actual MARCO, Frontón de María Berdiales, porto de Vigo, Lavadores, entre outros. A partir desa sinalética, podería elaborarse un “Roteiro da Memoria de Vigo”. Cómpre identificar os lugares referenciais da historia para evitar que se convertan en lugares de esquecemento, como paso previo á súa conversión en lugares de negación.

4. Recoñecemento específico a tres vigueses, loitadores pola liberdade e pola democracia, que estiveron entre os últimos asasinados polo franquismo: José Humberto Baena Alonso, José Luis Sánchez-Bravo Solla e Xosé Ramón Reboiras Noia. Propoñemos a colocación dunha placa ou monumento conmemorativo.

5. Recoñecemento institucional aos 226 funcionarios municipais represaliados pola Comisión Depuradora do Concello no período inicial da ditadura e iniciación, xunto con cantos grupos, entidades e cidadáns queiran sumarse, do traballo necesario para a interposición dunha querela ante os Xulgados de Instrución de Vigo a efectos de que por parte de estos se investigue os crimes contra a humanidade cometidos pola ditadura franquista que afectaron a veciños e veciñas deste concello.

6. Revisión das condecoracións da cidade outorgadas durante o réxime franquista, na medida en que moitas delas responderon a criterios antidemocráticos de afección ao réxime.”

En data 25.11.19, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, presenta no Rexistro do Pleno (2262/1101) a seguinte emenda de engádeda a esta moción:

“Engadir as seguintes propostas de acordo:

7.- Prestar a nivel municipal o máximo apoio institucional ás iniciativas, como a Querela Arxentina, que demandan o dereito á xustiza e a fin da impunidade dos crimes do franquismo, que son crimes contra a humanidade e polo tanto imprescritíbeis e inampliábeis.

8.- O Concello de Vigo promoverá a organización de actos de homenaxe e reparación a persoas e colectivos vítimas do franquismo, cunha decidida perspectiva de xénero e de clase, e desenvolverá programacións estábeis e continuadas no tempo en materia de memoria histórica e democrática.

9.- Demandar do Goberno galego unha política pública de memoria histórica e democrática e a poñer en marcha un Plan galego de localización, exhumación e identificación de vítimas cun banco de ADN, coa colaboración dos concellos na investigación e exhumación das foxas.

10.- Instar o Goberno do Estado a derogación da Lei de Amnistía e a promover unha nova lei da memoria histórica que, superando o marco da “reparación” simbólica, atenda de maneira efectiva o dereito á verdade, á xustiza e á reparación.



11.- Instaurar a nivel municipal a celebración do “Día da Galiza Mártir”, cada 17 de agosto, e apoiar a súa plena institucionalización a nivel galego.”

DEBATE:

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Traemos ao Pleno esta proposta de acordos fundamentais en materia de memoria histórica e democrática en Vigo coa colaboración e a participación de asociacións memorialistas co asesoramento de historiadores e de avogados/as progresistas porque en Vigo estamos correndo o risco señores/as concelleiras, o risco de que triunfe o posicionamento ideolóxico dos inimigos da democracia que consiste en defender o esquecemento e que en realidade non é mais que a primeira pedra necesaria para que a historia volva a repetirse, con novas formas seguramente pero coas mesmas prácticas, a memoria constitúenos no Vigo do presente está gravado todo o que aconteceu nesta cidade e o Vigo do futuro dependerá tamén das decisións que tomemos hoxe, isto sábeno ben, eses mesmos inimigos da democracia cando onte arrincaban as placas cos nomes dos fusilados polo franquismo no cemiterio da Almudena en Madrid, por certo, entre eles/as como mínimo un vigués o Sr. Francisco Barreiro Barciela, dirixente comunista fusilado no ano 41 contra as tapias do mesmo cemiterio, xa non está o seu nome nin os demais nomes, esa é a política do esquecemento a que pretende disolver a historia, cando estamos as portas de pechar a primeira década do século XXI en Vigo urxe un compromiso institucional pola recuperación da memoria, pola xustiza, pola reparación e pola garantía de non repetición, por iso, en primeiro lugar, demandamos a creación dunha oficina de memoria histórica que se organice en dúas mesas de traballo, unha técnica e unha mesa de participación por que é fundamental abordar as medidas que precisa Vigo neste ámbito de xeito planificado, sistematizado, superando a improvisación e o voluntarismo, este que propoñemos é un organismo que posúen numerosos concellos do estado español, do Partido Socialista tamén, como pode ser Sevilla e por certo, este organismo tamén o tiña o Concello de Madrid ata que entraron os mesmos que onte borraban os nomes dos fusilados franquistas do cemiterio da Almudena que son os mesmos

que como lembrou a Concelleira de Igualdade, negan a existencia da violencia de xénero.

En segundo lugar, hai que cumprir co artigo número 15 de Lei de memoria histórica, compre revisar a simboloxía franquista dos edificios de titularidade municipal co obxectivo de eliminala e tamén instar a outras administracións a que fagan o propio nos edificios da súa titularidade, seguimos reclamando efectivamente, sabemos que existe unha sentenza pero politicamente nós seguimos reclamando a eliminación do monumento franquista coñecido como a Cruz do Castro porque a súa presenza no lugar que ademais tiveron, ocorreron centos de fusilamentos de vigueses/as segue exercendo violencia sobre miles de veciños/as de Vigo e así seguirá sucedendo ata o último día, é dicir, ata o día da súa eliminación sabemos que ese día chegará. Demandamos tamén a elaboración rigorosa, é dicir, en base á investigación científica dun roteiro da memoria de Vigo para o cal é precisa a sinalización dos escenarios representativos da memoria de Vigo, a Porta do Sol, Pereiró, o antigo cárcere que hoxe é o Museo do Marco, o frontón de María Berdiales, o Porto de Vigo, Lavadores entre outros senón identificamos os lugares referenciais da historia estamos actuando de acordo co principio antidemocrático do esquecemento, disolver a historia, e se que aquí non aconteceu nada estamos a abrir as portas a iso que noutros lugares do estado xa está avanzando con forza, o negacionismo e se caemos no negacionismo a historia que non se dissolve volverá producirse como traxedia multiplicada, para que iso non aconteza propoñemos tamén o recoñecemento específico para tres vigueses loitadores pola democracia e pola liberdade que estiveron entre os últimos asasinados polo franquismo, o Sr. Xosé Humberto Baena Alonso, Xosé Luis Sánchez-Bravo Solla e Xosé Ramón Reboiras Noia. Defendemos tamén un recoñecemento institucional aos 226 funcionarios municipais represariados pola Comisión Depuradora do Concello non período inicial da ditadura, en definitiva, non quero que se me esgote o tempo, teñen vostedes na moción tódolos puntos que nós poñemos sobre a mesa e que nos que se debe profundizar, queiramos ou non a historia nunca deixará de escribirse, facemos un chamamento polo tanto a actuar como Corporación de maioría democrática e progresista.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende o Bloque Nacionalista Galego apoiamos e asumimos integramente a moción promovida pola Marea de Vigo, unha moción e un debate que creo que vai a retratar a esta Corporación porque vai deixar en evidencia cal é posición real en materia de memoria histórica e democrática e probablemente ao mellor permite tirar algunha careta. O Partido Socialista ten unha oportunidade neste moción de rectificar a equivocación de evitar a retirada da Cruz do Castro, teñen unha oportunidade de restituír o compromiso coa memoria histórica que sabemos que tamén latexa no Partido Socialista. Dende o Bloque Nacionalista Galego dicimos que non abonda con reparación simbólica, que o que esixe a historia é reparación, xustiza e verdade e nese sentido nós formulamos unha serie de emendas de engádegas que en positivo pretenden pois completar e enriquecer unha moción que como dicimos asumimos e apoiamos e esas emendas entre outras cuestións reclaman que o Concello de Vigo preste o seu apoio a iniciativas que procuran efectivamente que se faga xustiza apoiando por exemplo iniciativas como a querela Arxentina para que o terror da ditadura franquista o terror fascista non siga permanecendo impune en pleno século XXI, que o Concello de Vigo asuma un compromiso para organizar actos de homenaxe e programacións estables en materia de memoria histórica democrática, demandar da Xunta de Galicia unha verdadeira política galega en materia de memoria, instar ao goberno español a acabar cos titubeos e botar abaixo, a derogar, a lei de amnistía porque os crimes contra a humanidade non prescriben e porque merecen ser perseguidos a nivel xudicial e que dende logo se aposte por unha Lei da Memoria que supere a dimensión apenas simbólica que xa supuxo un avance importante pero insuficiente que nós entendemos que hai que continuar e por último que se adopte a celebración do día da Galicia Mártir e que se apoie a súa institucionalización a nivel galego como xa se está a facer por parte doutras institucións, insistimos esta moción retrata e agora coa súa posición de voto vai a quedar claro quen está de verdade coas vítimas e quen se quere poñer de parte delas.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Lendo esta moción e lendo a emenda parece que nos últimos 40 anos en Vigo non se fixo nada por retirar a simboloxía franquista ou lembrar a memoria das vítimas, esta é unha moción que parece que ven cun adanismo no que instala nunha corporación no que aquí non se fixo nada entón

imos a propoñer que se retire simboloxía franquista e que se lembre a memoria da vítimas, pero o certo é que aquí en Vigo, Vigo foi das primeiras cidades de España coas primeiras corporacións democráticas que retirou os nomes franquistas das rúas, de todas, en Vigo demolese o monolito franquista das Cíes, se retiraron os escudos da ditadura dos edificios municipais, non queda ningún, esa primeira corporación, da que por certo, formaba parte o PC e que foi unha corporación valente, daquela en Madrid tamén gobernaba o PC co PSOE e non se atreveron a retirar o franquismo de todo o rueiro, en Vigo si, por aquel entón Vigo honrou a memoria dos alcaldes de Vigo e de Lavadores, efectivamente Martínez Garrido, Antela Conde, un ten unha avenida e outro unha rúa e o teñen dende os anos 80, en Madrid esperaron ata o ano 2016 e pasaron corporacións socialistas e populares, nós cremos que aquí os vigueses/as xa temos os deberes feitos, que houbo corporacións que nos antecederon e foron valentes e cumpriron coa súa obriga democrática, se fixo xa a retirada da simboloxía en tempos do Sr. Soto, en tempos do Sr. Príncipe, do Sr. Manolo Pérez, ata na época da Sra. Porro retirouse o escudo franquista do antigo Reitorado, o que logo foi a Alcaldía, e se puxo o escudo de Vigo, ou cando en novembro do ano 2017 unha corporación democrática retirou da Casa das Artes as inscricións do escudo franquista. O tema da Cruz do Castro sinceramente está máis que trillado, con sentenza xudicial incluída, non é un símbolo franquista e non lle afecta á memoria histórica, dino os tribunais e ademais os vigueses non miramos para ese símbolo considerando que teña ningunha connotación franquista ou humillante para ninguén. Falan da creación dunha oficina da memoria histórica para derogar as medidas que necesita a cidade, pero xa se fixo nesta cidade esa oficina, creouse unha comisión consultiva de memoria histórica que presidiu o Alcalde o Sr. Abel Caballero e se tomaron medidas, de feito cando se retirou o escudo da Casa das Artes e as inscricións franquistas que había alí, era porque se acordou así nesa comisión consultiva, sinceramente nós cremos que non entendemos a oportunidade desta moción, e non sabemos o que se pretende con esta moción neste momento, non o entendemos, non sabemos se hai un propósito político distinto ao que é nada máis e nada menos o que se pretende que é honrar a memoria das persoas vítimas da ditadura franquista, pensamos que esta é unha moción oportunista e dende logo non ten nada que ver coas necesidades nin co sentimentos dos veciños/as de Vigo

que fai tábula rasa do que se leva facendo aquí dende hai 40 anos, se Vigo é precisamente unha cidade na que a reivindicación da memoria e usurpación dos símbolos franquistas é simbólica en Vigo, é que foi das primeiras corporacións que o fixo, non podemos esquecer ese traballo, é dicir, que non se fixo nada, adaptaron un montón de medidas aquí, home, imos a ver, por suposto que haberá que recoñecer si temos espazos na cidade que están perfectamente identificados como espazos de represión, se temos actos institucionais tamén, claro que os hai, e nós os apoiamos e imos a eles, o que non entendemos é que se poida dicir que non se fixo nada de nada e que hai que facer agora un montón de cousas que como digo agora xa están, xa non quedan símbolos franquistas, ata a Xunta de Galicia vai a retirar o escudo franquista do Instituto Santa Irene, é unha medida que se anunciou, que todo o mundo estamos de acordo, non sei porque o piden aquí, se xa está acordado iso, non lembro ningún edificio municipal que teña unha inscrición franquista, ningún, houbo alcaldes aquí valentes como digo, con colaboración de xente ademais militantes do PC, esa corporación viña dunha represión franquista, moitos deles tiñan sido represaliados, foron loitadores e fixeron o seu traballo, como digo moito mellor que outras corporacións noutras cidades de España, por iso digo nós non imos apoiar a moción, imos votar en contra, tamén porque cremos que non é agora mesmo os vigueses/as, vimos cos deberes feitos, xa temos os deberes feitos e estamos xa a outras cousas.

SR. LÓPEZ FONT: Nun tema tan delicado como este creo que debemos de deixarnos de certa paixón e ter un pouco a cabeza máis fría, é verdade que hai un posicionamento ideolóxico en contra da memoria histórica pero hai que combatalo noutro ámbito e doutra maneira. A Lei da memoria histórica, hai que lembralo, é de 2007, 32 anos despois de morrer o ditador, 71 anos despois do levantamento militar que trouxo tódolos horrores que podemos describir pero tamén hai que lembrar que é unha lei dun goberno socialista cun presidente o Sr. Zapatero porque ata ese momento non se fixo absolutamente nada. E cando nos valen as leis para unhas cousas e non para outras, creo que debemos de centralo, e nesta lei se establecen as competencias de cada administración e creo que non sería bo de todo o que estivéramos instando 11, 14, 18 acordos que corresponden a outros e creo que neste Concello se fixo todo o que debía e a este Concello lle

corresponde o artigo 15 que fala de símbolos e monumentos públicos e se seguíu escrupulosamente, relatouse xa cuestións que se fixeron co cal non me vou a repetir en todo pero aquí si, retirouse simboloxía franquista toda a que tivemos coñecemento, inclusive e hai que dicilo, de acordo coa Iglesia e demais. Polo tanto, no espírito desa lei, todas as secuelas que quedaban nunha cidade como Vigo, daquela triste época, foron eliminadas, e cada aviso que temos porque pode suceder en calquera momento o que se detecte algo máis, estamos a actuar, pero primeiro dende o goberno actuamos en cumprimento da Lei que xa digo non ten que valer sempre, pero tamén actuamos por convicción e o que é evidente é que tal e como se propón na moción non se pode estar en función de coincidencias políticas nin de proximidade con determinadas formacións políticas, non se trata de singularizar en tres nin en trinta porque foron centos, porque foron miles; non se trata de singularizar en 226 porque foron miles os funcionarios que foron represaliados. Polo tanto, aquí é onde debemos centrar o debate e creo que en todo ese cumprimento escrupuloso da lei cualitativamente dende o goberno do Sr. Caballero deuse un paso moi importante e hoxe nesta cidade hai un xardín da memoria histórica, un xardín como auténtico símbolo en colectividade do que aquilo representou porque non o había anteriormente e cada 27 de agosto se celebra un acto en recordo, non singularizando nin a uns nin a outros, senón que se homenaxea a aqueles que por ostentar un cargo público que proviña dunha votación foron fusilados e asasinados, e creo que esta é a mellor forma.

Eu Sra. Méndez creo, ao mellor vin mal, pero non a vin o 27 de agosto alí. Polo tanto, por iso temos un xardín da memoria histórica, e quero dicir que a lei a interpretamos perfectamente no seu contexto, e quero dicir que non se trata de singularidades e tampouco se trata de reivindicar polémicas de hai uns anos coa intención de reavivalas porque miren, o que inicia unha vía xudicial ten que admitir cal é a sentenza, malo sería un goberno en relación con intervencións que fixeron vostedes que non cumprise a lei.

Polo tanto, eu creo que se trata en suma de sentirnos orgullosos dunha lei de memoria histórica, de sentirnos orgullosos de como estamos aplicándoo na cidade de Vigo e diso si, manternos alertas precisamente ante o que nos corresponde, antes senos corruxía de como se debían presentar as mocións "in voce" arrancamus cunha moción de seis puntos, creo lembrar, por parte de Marea de

Vigo, se lle engaden outros tantos puntos e imos a once puntos e cremos que isto se limita a un punto e sería a nosa moción “in voce” transaccional que é que o Concello de Vigo en aplicación do artigo 15 da Memoria Histórica “continuará as actuacións tendentes á eliminación de toda simboloxía franquista da que teña constancia e que se corresponda co establecido na lei”, este é o noso real cometido.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Para remata, aceptamos e incorporamos as emendas que presenta o Bloque Nacionalista Galego e acerca do que vostedes puxeron sobre a mesa, os demais concelleiros/as, nós non cremos que esta sexa unha moción oportunista, cremos que é unha moción ben oportuna desgraciadamente, sinalaba antes os acontecementos de nada máis que onte arrincando os nomes das placas dos fusilados/as no cemiterio de Madrid.

Con respecto ao Partido Popular claro que se deron pasos adiante na cidade de Vigo, só fallaba que non se borrara en absoluto a presenza de 40 anos de ditadura, eso é o que pretenden os seus socios da extrema dereita, efectivamente pero iso non foi o que aconteceu en Vigo certo, e non aconteceu así en boa medida pola presión das asociación memorialistas que estaban, están e estarán, pero en todo caso eu aínda así prégolles ao Partido Popular que non se deixen cegar polo velo franquista que percorreu o estado español, que se coloquen do lado da razón e da intelixencia, non poden ampararse no que foi a improvisación e o voluntarismo, compre un tratamento sistematizado desta cuestión, unha oficina polo tratamento da memoria histórica é o que teñen como digo numerosos concellos. Con respecto ao Partido Socialista, non é cuestión de emoción nin de vehemencia, efectivamente falei na moción de rigor e de tratamento científico desta cuestión, existen investigadores, historiadores, xuristas que tratan esta cuestión, non se trata de puras emocións, vostedes teñen unha responsabilidade, non pode ser señores/as do Partido Socialista que se vaia a tumbar antes o monumento franquista a Cruz do Valle de los Caídos antes que este que se fixo a súa imaxe e semellanza e sobre todo non pode ser que vaia a caer antes a Cruz de los Caídos en Madrid debido a súa oposición, a tumbar á de Vigo porque estarían representando vostedes efectivamente a traizón a miles de republicanos e socialistas e demócratas que cargan aínda hoxe sobre os seus ombros a violencia

deste monumento. Efectivamente vostedes se retratan. Claro que foron miles os represaliados e vostedes están a negar unha vez máis a recuperación e a dignificación da súa memoria, fala vostede do Xardín da Memoria de Pereiró pero vostede impediron alí a colocación dun monumento cos nomes de tódolos represaliados como tamén impediron e seguen impedindo que se coloque unha placa que diga o que foi o Museo o Marco, ese é o seu compromiso.

Os tempos están cambiando parece ser señores do Partido Socialista para vostedes, tomen nota.

PRESIDENTE: Entendo que admite as engadegas do Bloque Nacionalista Galego e a transaccional do Partido Socialista? Non.

*Ao seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, Sra. Méndez Fuentes, a Presidencia procede á votación da moción coa emenda incluída.*

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do seu titular, tamén se atopan ausentes a Sra. Silva Rego e a Sra. Blanco Iglesias)*

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e vinteun votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:



Rexeitar a Moción presentada, en data 21.11.2019 (Rex. Nº 2251/1101), pola concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**14(218).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A REDACTAR OS PROXECTOS E ELABORAR UN CALENDARIO DE EXECUCIÓN PARA AS OBRAS QUE O GOBERNO PROMETEU PARA ESTES CATRO ANOS. REXISTRO PLENO 2256/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de novembro de 2019, número 2256/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O goberno local prometeu para este mandato a execución de moitas obras na cidade, pero cando chega o momento de orzamentalas, non lles adica un euro. É máis, cando se lles recorda e se presentan as correspondentes emendas, as rexeitan, frustrando as expectativas da veciñanza e o que é máis sorprendente, emendándose a sí mesmos negando agora o que antes prometeron.

Seguramente algunha delas aparecerá de novo con ocasión doutra convocatoria electoral das múltiples aos que o PSOE nos ten acostumados, tal e como pasou na campaña das locais coa Praza da Miñoça, a do aparcamento da Rúa Coruña ou agora nas xerais co flamante proxecto do Paseo de Samil a Bouzas que aparece e desaparece da demarcación de Costas de cando en vez.

O certo é que unha cidade como Vigo, a primeira de Galicia, non pode estar sometida aos caprichos dun goberno que funciona a golpe de anuncio e sen programación ningunha. E tampouco un orzamento como o que ven, cun enorme esforzo das/os contribuíntes pode quedar sen executar un ano máis e van 12.

Xa que logo, procede xa elaborar unha programación ata o final do mandato, prever os custos das obras que o goberno prometeu redactando os proxectos e realizando un calendario real e factible.

De acordo ao exposto, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Instar ao goberno municipal a:

Redactar os proxectos e elaborar un calendario de execución para a programación ata o final do mandato das obras que o goberno prometeu para estes catro anos, entre elas:

PASEO SAMIL-BOUZAS.  
REFORMA PRAZA DA MIÑOCA  
PRAZA NA RÚA CORUÑA  
PAVILLÓN DE MATAMÁ  
REFORMA PASEO LAGARES  
MELLORA ACCESOS C.E.I.P PÁRROCO DON CAMILO  
REFORMAS PAVILLÓNS E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS  
HUMANIZACIÓNS REFORMA INTEGRAL RÚAS CASCO VELLO BOUZAS  
REFORMAS MERCADOS MUNICIPAIS  
NOVO PARQUE DA FINCA DE MATÍAS EN O TOXAL  
URBANIZACIÓN MARXE DEREITA DA AVENIDA DE EUROPA “

DEBATE:

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Con esta moción nós o queremos é poñer ao goberno diante dun espello, hai unha relación de obras que se prometeron antes da campaña, durante a campaña, unha serie de obras que se ían a facer na cidade, como todo o que se di pois que ía ser inmediato, grandioso, como nunca, o mellor de todo e ímolo facer xa, pero cando imos aos Orzamentos para o ano 2020 o que vemos é que ningunha desas obras que se dixeron está presupostada, de feito hai obras aínda que se presuposta a adquisición dos terreos ou se modifica o Orzamento para adquirir os terreos, logo non se fan ou non se presupostan, non se prevén en suma.

É máis, cando nós lle dicimos “oia, hai estas obras, metan algún cartos, aínda que sexan para facer os proxectos”, pois se rexeitan esas emendas presupostadas e se frustran pois as expectativas que se teñan creado coas veciñas/os ou cos colectivos e ademais o máis sorprendente é que ao rexeitar esas emendas estanse emendendo así mesmos, é dicir, non queremos presupostalas este ano. Seguramente volverán a aparecer con outros anuncios, con outras convocatorias electorais, con outras campañas e noutras ocasións cun índole máis electoralista pero o certo é que esas obras que nós poñemos na moción, non porque consideremos que sexan as que a cidade necesita ou que sexan ás máis importantes, senón as que o que propio goberno prometeu e dixo que ía facer,

esas nalgún momento terán que estar perfectamente calendarizadas porque non podemos estar sometidos ao anuncio, estar a expectativa do que o goberno decide nun momento dado facer cando lle peta ás costas dos cidadáns, do Pleno, e o certo é que un orzamento como o que imos ter o ano que ven, cun crecemento do 10 millóns de euros, cun enorme esforzo dos contribuíntes pois quede sen executar, ten sitio perfectamente para facer algunha obra máis e non se faga, entón nós o que queremos é que se elabore unha programación ata o final de mandato desas obras que se faga unha programación, que se calendarice, que se prevexan os custes, que se nos programe cando se van a redactar os proxectos, que se calendarice un programa real e factible e non deixar todo á incertidume, á ocorrencia, ao anuncio e que a cidade estea á expectativa do que se decide en cada momento porque nós cremos que a cidade tamén ten que ser protagonista do seu propio destino e se as obras se prometen o lóxico é que se fagan e se digan cando se fan e presuposten.

Hai que redactar un calendario de execución, hai que programar ate o final de mandato as obras que se prometeron porque non podemos estar outro ano máis coa expectativa do paseo de Samil a Bouzas, que xa é tan manido, anunciouse tantas veces e ao final nos decatamos e hai que entendela tamén porque non foi este grupo senón foi grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego o que descubre que non hai nin proxecto e cando se denuncia entón aparece o proxecto, pero cando imos aos orzamentos non hai un euro; a reforma da Praza da Miñoa, claro que haberá que reformala, os veciños o están pedindo, anunciouse, hai unha expectativa pero tampouco hai nada presupostado, como tampouco hai na praza que está no aparcamento soterrado na Rúa Coruña onde a Audiencia, home, esa praza necesita unha reforma importante, o pavillón de Matamá que iso é un clamor, o goberno estao anunciando continuamente, bótalle á culpa á Xunta de Galicia de que non se fai pero á hora da verdade buscar cartos para mercar os terreos pero non os busca para facer o proxecto, o mesmo podemos dicir coa senda do Lagares, coa mellora dos accesos ao centro Párroco Don Camilo, as reformas dos pavillóns e instalacións deportivas municipais que iso si que son competencias do Concello, aí non vale o discurso da Xunta de Galicia ven ou vai, hai campos de deportes, instalacións deportivas que haberá que reformar; o Casco Vello de Bouzas, xa non imos falar do aparcadoiro que necesitan os residentes,

pero polo menos falar de que haberá que facer unha reforma na rúas porque o certo foi o que prometeu o goberno; as reformas nos mercados municipais; a urbanización da marxe dereita da avenida de Europa, hoxe nos anuncio a Concelleira a Sra. Caride que entre as modificacións orzamentarias hai prevista os cartos de PMS para adquirir os terreos, no orzamento nós non vimos o proxecto nin figura na relación de investimentos reais que se vai a facer no proxecto do orzamento do 2020.

Entón nós cremos que ten que haber unha sistemática e tense que calendarizar.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende, manifestando algunhas diferencias con varias das consideracións que hai na exposición de motivos desta moción do Partido Popular, en todo caso dende o Bloque Nacionalista Galego si que coincidimos na sana denuncia de que temos un goberno municipal que fundamentalmente é un goberno virtual e mediático, un goberno que insiste en anunciar proxectos que nunca se chegan a materializar, un goberno que promete unha e outra vez as mesmas actuacións entre outras cousas, pola súa deliberada incapacidade para executar o seu propio orzamento, ou mesmo un goberno que finalmente hai proxectos que non teñen partida pero logo hai algo máis grave, hai proxectos que si que teñen partida Sr. Gómez, como a ampliación do Colexio Pintor Laxeiro que logo retiran, despois de prometelo en campaña electoral alí. En todo caso, non se pode gobernar en función unicamente de alimentar o ciclo de noticias que é a única obsesión que ten o actual goberno, por iso teñen que ocupar sete de sete días con previsións e con anuncios, con política oca, con política de promesa que logo non se corresponde con nada. Non se pode gobernar unicamente a golpe de filtrar infografías a determinados medios que logo non se tornan, nin en proxecto nin en partida orzamentaria e moito menos en realidade. Polo tanto, esa crítica dende logo o Bloque Nacionalista Galego compartímola, hai que pasar da política parencial á política dos feitos e aí dende logo teñen algunhas cousas importantes que emendar.

Dende o Bloque Nacionalista Galego formulamos dúas emendas á moción do Partido Popular, unha en primeiro lugar de que a redacción dos proxectos se faga contando coa participación veciñal e co tecido asociativo afectado, algo que sistematicamente vostedes non fan e en segundo lugar, instando que a nós tamén

nos parece importante a que as administracións, aquelas administracións que compartan competencias sobre ámbitos nos que se queren desenvolver eses proxectos subscriban convenios de colaboración e cofinanciamento para poder facelos posibles, trátase polo tanto, de facer unha aposta porque haxa política real e non que sexa simplemente relato que agora está tan de moda na política mainstreaming.

SR. PÉREZ CORREA: Aquí hai unha moción obviamente tendenciosa do Partido Popular pero por moi tendenciosa que sexa non deixa de ser real, porque os investimentos que hai aquí non son investimentos que se inventou un grupo da oposición e que formen parte da mente calenturienta dos voceiros da oposición, son investimentos que se anunciaron e son investimentos en moitos casos que están presupostadas en orzamentos que logo non se cumpren, está ben que se execute no ano no que se presuposta porque vostedes din que non hai ningún problema de execución, eu estou de acordo, este é un debate que temos constantemente neste Pleno sobre a execución orzamentaria, curiosamente o Alcalde de Vigo onte pedía máis tempo para executar as obras financeiramente sostibles, se o propio Alcalde de Vigo o pide na FEMP é porque el tamén sabe das problemáticas que existen na execución orzamentaria, cousa que negan aquí, vostedes teñen algún problema e a cousa sería saber cal é, e é bastante habitual nos concellos democráticos que haxa unha cousa que non existe no Concello de Vigo, xa non digo que a constitúan porque iso sería pedirlle ciencia ficción moi bizarra a vostedes, que é a Comisión de Seguimento de Obra Pública, algo habitual nos concellos democráticos desta país, calquera cidadá pode acceder ao portal de transparencia, calquera cidadá pode ver o estado de execución das obras e incluso algúns os teñen xeolocalizados para que o poidan ver desagregadamente nun plano da cidade, en que barrio se inviste, en que barrios non, en que barrios se puxo un investimento, en que barrios está executado a cero e en que barrios está executado ao 100% porque ademais de non executar hai unha cuestión que son os atrasos das obras e vostedes din que non hai atrasos nas obras, a ducias, a paladas nesta cidade, que pasa que o veciño non ten, salvo que teña unha curiosidade extrema, un sitio onde ver que cartos se puxo en que exercicio, cal era o prazo de execución e cal é motivo por que non se executa, iso é unha practica

habitual de tódolos concellos democráticos, é máis, está no Portal de Transparencia. Gobernando nós, vostedes reclamaban isto que o concello de Vigo non ten, eu sei que as cousas cambian e a misa non é o mesmo vela en latín que en castelán. Pero é unha cuestión que é evidente, nós estaríamos de acordo en que vostedes fixeran o esforzo de informar aos cidadáns cales son os motivos e anuncian, que pasa? Eu podo entender que é difícil soste un anuncio diario de cousas, e iso é o que fai o Alcalde tódolos días aí unha rolda de prensa para facer anuncios diarios, e os anuncios diarios se multiplicaron por 3 no período electoral e chega un momento que hai que prometer cousas, que o paseo do Lagares e íamos a pedir a titularidade sobre o leito dun río que saben que é ilegal, que ían pedir a titularidade sobre unha demarcación de liña de costa para o paseo de Lagares que saben que é ilegal unha cesión, o pavillón de Matamá o anunciaron pero o pavillón de Matamá ao final demostrouse que vostedes poderían facer a xestión sen necesidade de que a Xunta de Galicia fixera esa declaración a través da famosa Lei Vigo, é dicir, estas cuestións, eu o pouco que aprendín na empresa privada é que é bo que estea todo secuenciado porque cando veñan as broncas e viña o meu xefe e nos botaba a bronca, nós dicíamos non mira, este día fixemos isto e este isto, iso estaría ben que o cidadán o mirara porque entón xa non valían de nada as roldas de prensa do Alcalde, as da Sra. Porro e non valerían nada seguramente gran parte das horas e horas que adicamos a falar destas cousas cando hai unha secuenciación de datos que se poden poñer nunha comisión de seguimento de obra pública e se de verdade unha obra pública que estaba nun exercicio se para porque hai un problema técnico ou porque hai unha cuestión legal ou non legal, pois está ben sabelo e non pasa, porque as presas, que presa tiveron vostedes para dar a licenza da noria en maio, uns días antes das eleccións municipais, que presa absoluta para ese mercadillo que para nos segue sendo cunha adxudicación irregular que tiña que ir a un concurso aberto, esas presas ás veces o que significan é que as cousas se paran, as cousas non se inauguran, as cousas non se xudicializan e ao mellor o cidadán desta cidade ten dereito a sabelo como saben os cidadáns do resto dos concellos deste país, onde teñen un sito onde pode ver cal é a problemática e vostedes dirán que todo se executa pero seguimos xerando remanentes ano tras ano que será dunha non execución entendo eu.

SR. LÓPEZ FONT: Todo se executa e todo pasa pola Mesa de Contratación o que pasa é que hai que ir á Mesa de Contratación para decatarse de como son os proxectos e o seu desenvolvemento.

Sr. Marnotes, comeza a súa moción falando de prometer e se intúe que tamén fallan de cumprimentos, de coherencia e a verdade é que resulta sorprendente en vostede porque vostedes incumpriron o máis sagrado en política e o incumpriron cunha lista electoral que presentaron ás eleccións municipais e coa que enganaron a aqueles que lles votaron porque evidentemente tiveron o rexeitamento dos cidadáns, a estrutura do seu partido como non tiña máis remedio que ter aquí a catro concelleiros puxo en marcha o mecanismo da lotería primitiva, e saíron o 4, 11, 18 e o 20 e como resulta que o 20 era o reintegro lle tocou a vostede ser o voceiro.

PRESIDENCIA: Sr. Marnotes, esta é unha moción presentada polo grupo Popular, o voceiro Socialista di o que considera, por favor, Sr. Marnotes, voulle chamar á orde, deixe falar o que o voceiro queira. Aquí o bo sabe que é? Que cada un se exprese como queira, con respecto pero o que queira dicir, non veña vostede a impoñer.

SR. LÓPEZ FONT: Estou a falar da súa moción porque na primeira liña falan vostedes de prometer, e o que vostede lle prometeron aos cidadáns de Vigo o incumpriron, e ningún dos que votou ao Partido Popular contaba con que vostede fora voceiro neste Concello, dígolle todo isto en relación coa súa moción porque vostedes son a cruz dunha moeda na que a cara é este goberno, un goberno de maioría absoluta co 68%, un goberno que cando se fala de obras foi referendado despois de anos polo 68% dos vigueses, pero tamén lle falo do que ven por diante porque me sorprende a linguaxe que vostede está a manter hoxe, fala do presupostado, como se nos orzamentos fosen as obras que se van facer, non Sr. Marnotes, está vostede confundido, neste salón aínda soan as palabras do meu compañeiro o Concelleiro de Facenda que falaba que para o 2020 vanse investir 43 millóns de euros e entón o Concelleiro de Facenda que tivo máis tempo que eu, facía unha inmensa relación de tódalas actuacións que se ían facer, polo tanto entendo que se vostede utiliza esta linguaxe do presupostado, todo o que el dixose nese debate dáo por bo. Polo tanto, cando falan de actuacións, pero vostede

tranquilo se son catro anos, se nun orzamento presentamos as actuacións que se van a facer no 2020, vostede crese que toda a problemática da cidade se remite á relación que vostedes presentaron? Mire, o primeiro que hai que ter é rigor, porque mire, o pavillón de Matamá e o Párroco Don Camilo non se puideron facer estando feitos os proxectos pola oposición da Xunta de Galicia á Lei Vigo, pero tamén lle direi para a súa tranquilidade que a reforma do Paseo do Lagares e a urbanización de Avenida de Europa contan cos proxectos xa feitos e serán unha realidade. Polo tanto, que está a pasar nesta cidade? Que a lista de realización é absolutamente inmensa, que todo aquilo que o Alcalde di que se vai facer, faise, iso si, se non ven o goberno do Sr. Feijóo e o impide. Polo tanto, nós non podemos aprobar unha moción cunha relación que vostede presenta, insisto, cunha falla de rigor, con actuacións que non se puideron facer por cuestións non imputables a nós e si á Xunta de Galicia, por proxectos que xa están feitos e que van a ser unha realidade. Mire, sabe cal é o drama da oposición? Que 100.058 vigueses confían en que o Alcalde di vaise facer, pero sabe cal é o problema? Que os que non votaron ao Alcalde tamén saben que o que se foi anunciando vaise facer. Polo tanto, anuncios diarios que se dicía, claro se humanizaron 1.000 rúas e evidentemente iso da para ir dicindo día a día as actuacións que se van facer, fronte á súa moción, sabe cal é a nosa relación? O feito en 12 anos e o que imos facer en 4 anos que non cabería nos papeis do Partido Popular.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Só hai que coller o anexo de investimentos que ten proxecto do Orzamento do 2020 e as declaracións do Alcalde antes da campaña electoral, estas son as obras que se prometeron e no anexo de investimento non está. O pavillón de Matamá basta con facer unha modificación puntual, nós a apoiaríamos como apoiamos a do Barrio do Cura que se fixo unha modificación puntual para o Barrio do Cura e se podería facer tamén para facer o pavillón de Matamá e non lles da a gaña porque ao mellor é botarlle a culpa ao Sr. Feijóo e non sei cantas cousas máis, non están nos anexos de investimento deste ano, pedísmolle que se programen e cando non teñen argumentos o que fan é dicir que teñen 100.000 votos que é verdade pero iso non lles autoriza tamén a facer o que lles dea a gaña, teñen que someter, nin lles autoriza a mentir, o paseo de Bouzas-Sa mil non está, non ten nin proxecto e vostedes dixeron que xa tiñan a concesión,



iso é mentir, non a tiñan, non tiñan nin presentado o proxecto, non o tiñan, os votos non lles autorizan nin a mentir nin a escapar do control do Concello do Pleno, iso para comezar, e logo a lista, mire eu son concelleiro electo dunha lista como son tódolos meus compañeiros e aquí houbo nomeada polo Alcalde unha concelleira non electa cun procedemento que era inconstitucional, o Tribunal Constitucional anulou ese artigo da Lei de Bases de Réxime Local que permitiu ao Alcalde escoller concelleiros non electos, e o houbo eu estou electo.

Dito isto, hai unha moción presentada cunha emenda do Bloque Nacionalista Galego da que me vou a referir agora, nesta emenda nós estamos a favor porque non nos imos opoñer a que as administracións con competencias nos ámbitos estean dispostas a cofinanciar e tampouco nos imos a opoñer a que os proxectos se redacten colaborando cos colectivos afectados, pero como nos imos opoñer a iso, iso é o que hai que facer, só lle pedía ao Concelleiro voceiro do Bloque Nacionalista Galego que eliminase simplemente entre parénteses onde relaciona os obras e que quede “instar ás administracións que compartan competencias sobre os ámbitos antes referidos nos que se demanda a realización das obras, a subscribir en convenios de colaboración”, porque entendo que non é preciso nomealas unha a unha e ademais hai algunhas nas que a Xunta de Galicia non ten competencias porque por exemplo no dominio público marítimo-terrestre, Sra. Caride, vostede me corrixirá pero non temos competencias na Xunta de Galicia, os galegos, tenas o estado, entón nos aceptaríamos a emenda e votaríamos a emenda coa proposta que di o Bloque Nacionalista Galego eliminando o que di entre os parénteses.

PRESIDENCIA: O BNG acepta a emenda?

SR. PÉREZ IGLESIAS: Si aceptamos a emenda “in voce”.

PRESIDENCIA: Votamos a moción coa emenda suprimindo o texto que hai entre parénteses.

Mire Sr. Marnotes, para ver se se alporiza un pouco máis, simplemente co permiso do voceiro do meu grupo como era un tema de obras e como tan excelentemente defende o Sr. Font, mire, xa lle contestou a vostede que foi claro, pero si Sr. Pérez

de verdade que estou un pouco cansado de leccións, son maior para que me dean leccións e para que me riñan, de verdade. Entón os anuncios son as realidades e as realidades son as rúas e a secuenciación é cada 4 anos hai unha secuenciación de feitos, esa é realidade desta cidade e non se esqueza que nos Plenos do mandato pasado lle dicían vaille ir mal, e lles foi mal a vostedes a outra xente que se sentaba aí, pero a secuenciación xa está feita, cada 4 anos se pasa revista.

No transcurso do debate, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, presenta a seguinte emenda de engádeda:

Modificar o texto do primeiro acordo proposto polo seguinte:

“Redactar os proxectos, contando coa participación veciñal e do tecido asociativo afectado, e elaborar un calendario de execución para a programación ata o final do mandato das obras que o goberno prometeu para estes catro anos, entre elas...”

Engadir un novo acordo:

“Instar ás administracións que compartan competencias sobre os ámbitos antes referidos nos que se demanda a realización das obras (Paseo de Samil-Bouzas: Xunta e Goberno do Estado; Paseo do Lagares: Xunta; Casco histórico de Bouzas: Xunta e Goberno do Estado) a subscribiren convenios de colaboración e cofinanciamento co Concello de Vigo para a execución de proxectos”.

*Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Marnotes González, a Presidencia procede á votación da moción coa emenda incluída.*

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do seu titular, tamén se atopan ausentes a Sra. Silva Rego e a Sra. Abelairas Rodríguez)*

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito,

Sr. Pérez Igrexas, e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeirar a Moción presentada, en data 21.11.2019 (Rex. Nº 2256/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

**15(219).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE Á CONTINUACIÓN DA ACTIVIDADE DO ESTALEIRO VULCANO.**

SR. PÉREZ IGLESIAS: O rogo é que o goberno municipal se dirixa á Autoridade Portuaria de Vigo para esixirlle que facilite a continuidade da actividade do estaleiro Vulcano no relativo á concesión do uso do terreo do dominio público e acceso á lámina de auga.

PRESIDENCIA: Máis rogos.

**16(220).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE Á SOLICITUDE DOS VECIÑOS DE VALADARES SOBRE MODIFICACIÓN DE MESAS ELECTORAIS.**

-

SR. PÉREZ CORREA: Rogamos que se teña en conta a solicitude que fixo a asociación de veciños da Valadares, entendo que isto debería de ser a estadística para a modificación das mesas electorais na parroquia por un tema de accesibilidade ao espazo.

PRESIDENCIA: Tómase nota do seu rogo.

**17(221).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE Á ILUMINACIÓN DUN CAMPO DE PETANCA NA RÚA PADRE SEIXAS.**

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Nós piden os usuarios dun campo de petanca na rúa Padre Seixas, ao carón da Bouza, que ten unha iluminación deficiente que se mellore.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do seu rogo, creo que está en planificación para facelo.

**.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

**18(222).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE A SE AS ATRACCIÓN DA PRAZA COMPOSTELA TEÑEN AUTORIZACIÓN MUNICIPAL POR OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO.**

SR. PÉREZ IGLESIAS: Despois das anulacións incoadas o 14 de novembro dispoñen á data de hoxe, de autorización municipal para ocupación do dominio público o mercado de Nadal da Praza de Compostela, a noria e outras atraccións?

PRESIDENCIA: Contestáraselle por escrito.

**19(223).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SRA. MÉNDEZ FUENTES, REFERENTE ÁS DEFICIENCIAS NO PASEO DE ALCABRE.**

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Cando se van acometer as obras que arranxen as graves deficiencias do paseo de Alcabre, unhas deficiencias que están a facer intransitable esa zona.

PRESIDENCIA: Contestáraselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

Jose Riesgo Boluda